Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 29/04/2024 11:57:32
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 3

## Sesión plenaria
**11 de abril de 2024**

**Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira**

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ORDE DO DÍA

## Punto único.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# **SUMARIO** (continuación)

*Retómase a sesión ás once e trinta e tres minutos da mañá.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** *(Continuación.)*

*O señor presidente explica a ordenación do debate.* (Páx. 5.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 5.), *Sr. Gómez Besteiro (S)* (Páx. 14.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 24.) *e Sr. Pazos Couñago.* (Páx. 33.)

*O señor presidente suspende a sesión e anuncia que se retomará ás catro e cinco minutos da tarde.* (Páx. 43.)

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e cinco minutos.*

Resposta do candidato a presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 44.)

*O señor presidente anuncia que, tras a rolda de réplica dos grupos parlamentarios e da segunda intervención do candidato, se procederá á votación.* (Páx. 58.)

Réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 58.), *Sr. Gómez Besteiro (S)* (Páx. 59.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 64.) *e Sr. Pazos Couñago.* (Páx. 67.)

Dúplica do candidato a presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 70.)

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión.*

*O señor presidente retoma a sesión e anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato a presidente da Xunta de Galicia. Así mesmo, lembra que a votación é por chamamento e que se deixan para o final os membros do Goberno en funcións e os membros da Mesa. A continuación dálle a palabra á señora secretaria da Mesa para que saque á sorte o nome da deputada ou deputado polo que comezará o chamamento.* (Páx. 76.)

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*A señora secretaria (Vázquez Mourelle) saca á sorte o nome do deputado ou deputada polo que comezará a votación e inicia o chamamento.* (Páx. 76.)

Resultado da votación: *votos a favor, 40; votos en contra, 34; abstencións, 1.* (Páx. 78.)

*O señor presidente comunica o resultado da votación e a obtención da maioría absoluta polo candidato. En consecuencia, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 78.)

*Remata a sesión ás seis e trece minutos da tarde.*

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Retómase a sesión ás once e trinta e tres minutos da mañá.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** *(Continuación.)*

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Reanúdase a sesión.

Corresponde agora a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios. Poderán facelo por un tempo de trinta e cinco minutos, todo isto de conformidade co acordado pola Mesa e a Xunta de Portavoces o día 4 de abril do 2024. O candidato poderá contestar individual ou globalmente aos grupos parlamentarios, conforme o disposto no artigo 136.4 do Regulamento. Logo da resposta do candidato, individual ou globalmente, os representantes dos grupos parlamentarios disporán dunha rolda de réplica de dez minutos. Por último, intervirá o candidato na rolda de réplica ou peche.

Tras o debate e previo anuncio, en cumprimento do disposto no artigo 136 do Regulamento da Cámara, levarase a efecto a votación, aproximadamente ás 17.45 horas, en función da extensión da intervención do candidato e sen prexuízo de que as incidencias da sesión obriguen a fixar outra hora.

Procede, polo tanto, a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios e correspóndelle, en primeiro lugar, por un tempo de trinta e cinco minutos, ao Grupo Parlamentario Mixto.

Ten para iso a palabra o señor Armando Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Moitas grazas, presidente.

Saúdos á Mesa presidencial, saúdos aos compañeiros deputados e ás compañeiras deputadas, especialmente a aqueles coñecidos —que xa teño por aquí bastantes—, e á xente do público, e aos que aínda non coñezo, pois temos catro anos para coñecernos e espero que nos levemos o mellor posible, porque, como din por aí, «o cortés non quita o valente».

Voume dirixir fundamentalmente ao candidato, porque é a quen lle imos pedir as cousas; así que isto é unha especie de carta aberta, ¿non?

Eu vin aquí fundamentalmente falar do meu Ourense, como todo o mundo debe imaxinar, porque a min escolléronme os cidadáns da provincia de Ourense por un partido que xa leva no seu ADN e no seu propio nome o nome desa provincia, e nunca ocultamos, desde o primeiro momento en que constituímos o partido, que o noso interese fundamental era esa provincia e esa cidade, fundamentalmente no aspecto de loitar contra o que entendemos que é a súa discriminación, desde hai moito tempo, por parte das institucións supramunicipais, especialmente da Xunta de Galicia e do Estado español, da Administración de Madrid.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nesa liña vai ir pois un pouco a miña intervención, en primeiro lugar para non defraudar os meus votantes e en segundo lugar para confiar en que ía dicir o novo presidente, ben, non é novo pero está nun rol novo, porque no mandato pasado, como dixen o outro día ante os medios de comunicación, sumouse a un tren en marcha cando o anterior presidente asumiu outras responsabilidades na capital do Reino; entón, claro, cando un sobe nun tren en marcha ten que adaptarse á inercia e entón posiblemente non fixo as cousas ao cento por cento do xeito que el quería; imos confiar niso, porque —como dixen antes— o xeito en que se levaban feito as cousas desde as últimas décadas non é o que máis nos gusta, porque mantén esa discriminación cara á provincia.

Entón, confío en que agora o candidato, que xa ganou por méritos propios, dun xeito bastante considerable, as eleccións que o promoverán a ser de novo, pero doutro xeito, presidente desta autonomía, interiorice, en primeiro lugar con nós, que a provincia de Ourense está discriminada —un discurso ao que tamén se apuntaron, en maior ou menor grao, o resto dos partidos da oposición— e que, entón, poida definir as súas liñas de conduta, as súas decisións, tendo en conta, xa interiorizada, esta situación da lexislatura; ter en conta Ourense, ter en conta a provincia e cambiar un pouco esa actitude cara á nosa provincia.

O outro día, o potencial presidente, o presidente *in pectore*, ou como lle queiramos chamar, o señor Rueda, iniciou o seu discurso dun xeito que eu cualifiquei de centrífugo, porque empezou falando fundamentalmente dos problemas do país a nivel de Madrid, dos acertos, ou máis ben desacertos, na maioría dos casos do Goberno de España, e, polo menos durante bastante rato, centrouse pouco nos problemas da Autonomía. Como este vai ser un tema que seguramente lle van botar máis en cara outros partidos da oposición, vou pasar un pouco por riba diso.

Nós desde o noso partido sempre criticamos —e é ben coñecido— que os partidos con representación nas institucións asuman competencias que non lles son propias, ás veces incluso pois por un afán desmesurado de protagonismo dos seus representantes. Esperamos que isto non sexa así e que o señor presidente asuma as súas competencias propias da Autonomía, xa que para iso xa ten en Madrid o Partido Popular congresistas, senadores, representantes en boa cantidade e calidade —imos dicilo tamén, ¿por que non?—, e que deixe facer aos que ten alí para tratar de arreglar os asuntos do país.

Fíxome graza o nome que lle puxo a un futuro gabinete de Asuntos Constitucionais por parte da Xunta para tratar estes temas de Madrid. Lástima que non se me ocorrera un pouco antes, porque nós, desde o Concello de Ourense, teriamos concibido unha Concellería de Asuntos Autonómicos. Non se nos ocorreu, porque teriamos feito —ao mellor aínda o facemos— unha concellería específica para os asuntos da Autonomía para reclamarlle á Xunta ou para o outro. Ben, pode ser unha concellería, porque, claro, se copiamos este modelo de que haxa unha consellería, ou un gabinete, ou non sei que entidade, para, desde a Autonomía, avaliar as cuestións de Madrid, ao mellor no futuro no propio concello facemos unha concellería *ex profeso* para darlle caña á Xunta. Ben, isto vai un pouco medio en plan, como comprenderán, para romper o xeo, ¿non?

Ao contrario do que fixo o señor Rueda, que foi un discurso inicialmente centrífugo, eu vou facer un discurso centrípeto, dirixido cara ao centro, cara ao interior, e o interior de Galicia

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é Ourense; entón, vou falar fundamentalmente de Ourense, como xa dixen. E vou empezar..., aquí pasa un pouco como dicían na miña aldea dos pans redondos e dos toxos; o pan redondo pódese empezar por calquera sitio e o toxo pódese empezar a rozar por calquera sitio. Aquí tamén teño varias cousas e vou empezar por calquera delas, pero, ben, en principio vou falar do tema sanitario.

Ímoslle recordar ao señor candidato cousas que ten pendentes e cousas que ten que mellorar: finalizar a nova ampliación do CHUO, 48 millóns e pico de euros; reforma do materno-infantil; reformas dos hospitais comarcais, especialmente do de Valdeorras; os cinco centros de saúde comprometidos en diferentes concellos (Mariñamansa, A Rúa, Boborás ou Muíños), por 14 millóns de euros; e os centros integrais de Nóvoa Santos e O Carballiño, que integran os PAC, de 10 millóns de euros. Iso está, ou debería de estar, en marcha, e con iso contamos xa de saída. Témoslle que recordar que non pode quedar no tinteiro ningunha desas cuestións.

Pero, así e todo, pedimos máis servizos sanitarios para todas as áreas comarcais da provincia de Ourense, porque moitísimos servizos non existen e para moitas enfermidades, para moitas doenzas e para moitos tratamentos os enfermos débense trasladar desde Ourense a Vigo, ou á Coruña nalgúns casos, e non digamos xa nos hospitais comarcais de Valdeorras ou de Verín, que ás veces teñen que trasladarse a Ourense e de Ourense, aínda encima despois, aos centros de Vigo ou da Coruña.

É importante mellorar as condicións laborais dos sanitarios. Esa é unha demanda deste colectivo que xa vén de moi atrás. Recordo que hai uns meses —ou igual xa hai máis dun ano ou de dous, non sei—, cando se presentou a obra da ampliación do CHOU, que visitou o conselleiro —que está aquí e ao que saúdo—, fixéronlle chegar as súas reivindicacións laborais, tanto o persoal de enfermería, ATS, como o propio persoal médico, que ás veces, ao encontrar condicións máis dignas noutros lugares, emigran, ás veces incluso a outros países, e iso non debería seguir sendo así. Na mellora das condicións laborais en diferentes aspectos fanme chegar cuestións como xubilacións, cuestións como..., ben, non as vou detallar porque estou seguro de que as coñecen.

Unha cuestión que non é estritamente sanitaria pero que teño aquí anotada porque garda relación, aínda que realmente é unha cuestión de obras, é o novo acceso ao CHUO desde a N-525, 5 millóns de euros, outra cousa que tamén debería estar en marcha e que se debe acelerar canto antes.

Un dos aspectos no que sempre estivo discriminada ou minusvalorada a provincia de Ourense é no persoal cualificado da avaliación de dependencia, que, como saben vostedes, xa se ten posto en cuestión por parte dese colectivo. Prometeu mil novas prazas en residencias e centros de día; ten que facer máis; ten previstas prazas en nove concellos por un importe de 10 millóns de euros; ten que facer máis e mellorar as existentes.

O outro día, cando eu estaba aquí no pleno no que votamos o presidente da Cámara, un enfermo estábame enviando —non debía saber onde estaba eu— fotos dunha habitación dun hospital onde estaba el naquel momento e a verdade é que parecía —imos empregar o

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cualificativo— terceiromundista —por non empregar outro—, porque me mandaba fotos de enchufes descolgados, portas rotas, baños nunhas condicións hixiénicas discutibles, etc. Entón, nese tema das residencias e dos hospitais os medios materiais deben estar en perfecto estado.

Unha cuestión que debe tomar xa o presidente en cuestión: o famoso CAPD que temos en Ourense, o Centro de Atención a Persoas Discapacitadas. Era Ourense a única cidade que non tiña este servizo, para cando esas persoas cumprían a maioría de idade. Mobilizouse unha plataforma social —como seguramente coñecen—, máis dunha vez levouse a cuestión —aínda que non era competencia da deputación nin do concello— para instar a Xunta de Galicia e ao final o concello puxo —como saben vostedes— unha parcela —que tamén custou traballiño ubicala— para facer unha obra —fálase de 8,7 millóns de euros—, que quedou parada e que debe ser retomada e finalizada canto antes. Porque xa saben vostedes que nas obras que quedan paradas, se non se poñen en marcha de novo pronto, pois a intemperie e os axentes meteorolóxicos desfán o que se leva feito e ao final a cousa é moito máis cara, e, o que é máis importante, a xente queda sen os seus servizos, nun servizo tan sensible coma este.

Acórdese, señor presidente —voulle chamar presidente, aínda que formalmente non sei se é a palabra adecuada—, señor candidato, do CAPD de Ourense. Estou seguro de que moitas familias están pendentes diso, é un tema que vén de moi atrás, e fai moita falta ese Centro de Atención a Persoas Discapacitadas para cando se fan maiores de idade en Ourense, que era o único sitio onde non o había —como sabe moi ben—.

Prometeu —vou xa pasar a outra das follas que teño aquí cos meus apuntamentos— o outro día no seu discurso 20.000 vivendas protexidas —20.000—, están proxectadas en Ourense 66 no barrio da Cuña, por un importe de 11 millóns de euros. Ben, pois mire, se promete 20.000 e están proxectadas 66, entre 66 e 20.000 —que é un cambio de orde de magnitude importante—, aínda poden ir bastantes para Ourense. Ou sexa, entre 66 que están en marcha máis ou menos e 20.000 que promete hai dous ceros de diferenza na orde de magnitude. Mande para Ourense todas as que poida, que poden ser moitas se vai prometer 20.000 para toda Galicia.

O tema das carreteras —que tamén teño aquí—. O outro día houbo un accidente importante —como saben— en Begonte (Lugo) —ese lugar famoso polo seu belén, como todos vostedes saben—, que verían onte e antonte na prensa. E saíu o director xeral de Carreteras dicindo que as carreteras non entraban no discurso político, lamentábase de que as carreteras non estaban na axenda dos políticos —iso dicíao o director xeral de Carreteras—. Ben, pois eu vouno meter na axenda.

Ben sabido é que nós temos protestado moitísimas veces porque a Xunta de Galicia non se fai suficientemente cargo das vías da súa titularidade na cidade de Ourense e tamén no resto da provincia. Viuse recentemente na caída dunha ponte en Xunqueira de Espadanedo. Iso ímolo poñer como exemplo, porque esa ponte hai máis dun ano —ou igual xa case, non sei, non sei calcular ben o tempo; a percepción do tempo coa idade altérase moito, como saben vostedes—, hai algún tempo xa, pasando por esa ponte, notei que había un pequeno desnivel coma dun dedo ou así, ¿non? Comenteillo ao señor delegado naquel momento na Xunta, que

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

está presente, e díxome: si, si, xa sabemos, pero din os técnicos que non hai demasiado problema, que tal. Eu díxenlle: si, ben, pero é un perigo —díxenlle así—, sobre todo para as motos —vostede, señor candidato, teño entendido que anda en moto—, porque cando unha moto vai a unha certa velocidade e hai un desnivel, aínda que só sexa dun dedo, as rodas perden adherencia e aí hai un perigo. Iso foi unha cousa que lle comentei ao señor delegado da Xunta naquel momento e díxome: pois, efectivamente, tes razón, imos mirar, tal e cal. Pois puxeron uns sinais de redución de velocidade pero ao final aquilo foi indo cada vez máis para abaixo. Diferentes alcaldes do Partido Popular —e tamén dos outros, pero do Partido Popular— dicíanme: ¡a ver, home!, dille ti porque nós ao mellor tal. Ben, comenteillo varias veces ao delegado da Xunta e ao final arranxaron de calquera maneira, ao final aquilo afundiuse e xa saben que iso pois agora ten o seu custo arranxalo.

Ben, iso é un exemplo, pero aquí teño moitas cousas máis. Seguimos falando de carreteras e poñémolas na axenda política.

Marcelo Macías número 51, alí hai unha avaría que leva non sei cantos meses sinalizada. Saben que esa é unha rúa da cidade de Ourense que era titularidade da Xunta, que arranxou pero arranxouna mal, para cedela ao concello; arranxouna mal e como está en garantía pois hai que arranxar aquilo. En plena campaña electoral fixemos unha serie de críticas que parece ser que non lles gustaron a algúns dirixentes do Partido Popular, pero aquilo segue sen arranxar; aínda pasei onte por alí á tarde. Marcelo Macías número 51, señores da Xunta de Galicia, non debe ser tan difícil arranxar iso, que segue sendo a súa responsabilidade arranxalo.

A avenida de Zamora, especialmente nas proximidades da Cuña; a rúa do Progreso, na zona da alameda; Emilia Pardo Bazán, na rotonda da parte de abaixo; aquí, máis que un problema —digamos— de infraestrutura, é un problema posiblemente de que se xeran situacións de risco, pero non polo mal estado do firme, senón pola distribución do tráfico; non sei, terán que ao mellor facer algún outro tipo de obra, de deseño, para que non se produzan esas situacións, que coñece moi ben a Policía Local e contan seguramente coa súa colaboración para que lle explique todo o que se pode facer alí. Ou o 105 na entrada de Seixalbo; ou o 536 entre Castadón e As Lagoas; e a rúa do Seminario, entre outras moitas rúas da Xunta de Galicia. Como sei que todo isto está gravado e que despois o poden ver con atención, tomar nota para poñer os equipos a funcionar.

Unha ponte que caeu no Bolo xa hai anos con motivo dunhas riadas e que a Xunta asuma a parte de responsabilidade que ten no arranxo desa ponte. Que tamén debía ter algunha a Confederación Hidrográfica —todo sexa dito—, a deputación —tamén sexa dito—, que sempre se mostrou favorable a colaborar no que podía. Pero a Xunta de Galicia está *missing* nese arranxo. Son algúns exemplos.

Despois temos o tema dalgunhas obras que tamén están xa en marcha, polo menos proxectos ou algunha fase de traballo. A OU-533, da Gudiña á Rúa, na que se precisa un terceiro carril —xa se está niso, señor candidato, non o esqueza, siga traballando no tema—, 15 millóns de euros. A carretera 540 desde Celanova a Portugal, 103 millóns de euros, que tamén parece ser que están xa pensados para tamén un terceiro carril e para a mellora dese vial. Non se esqueza. Pero non é suficiente.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E logo aquí unha das xoias da coroa: o soterramento de Otero Pedrayo. A rúa Otero Pedrayo —antigamente chamada carretera de Ponferrada na cidade— divide en dous o campus de Ourense —como seguramente coñecen—. Esa era unha vía que era da Xunta, había un proxecto xa da época do señor Cuíña para facer un soterramento, para humanizar a parte de arriba, para non partir en dous o campus de Ourense; esa é unha das melloras que se precisa tamén no campus. E durante o mandato do señor Jesús Vázquez en Ourense a Xunta non fixo o soterramento, aínda que diferentes colectivos —a propia universidade tamén o pedía e ségueo pedindo— pediamos o soterramento, e o que se fixo foron dúas rotondas e aínda encima se lle pasou a titularidade ao concello. Ou sexa, deixaron a cousa moi lonxe do que pretendiamos, que era o soterramento e a humanización da parte superior, e agora encima —caso de que queiramos facer o soterramento— pretenden que asuma eses custos o concello. Non, señor presidente, segundo soterran viais na Coruña —por exemplo, O Parrote—, cunha inversión multimillonaria, faga o mesmo en Ourense: soterren e asuman os custos dese soterramento, que xa se tiña que ter feito hai anos, da rúa Otero Pedrayo. Gañará o campus, gañará a cidade de Ourense e vostedes gañarán pois unha medalla por ter feito algo ben feito.

E ben, o tema da autovía de Celanova, esa autovía tan necesaria, á que tamén se referiu no seu discurso, de xeito máis ou menos implícito, entre Celanova e Portugal, que lles dará moita vida pois a ambas as partes da fronteira, como saben de sobra.

Temos o tema da universidade. Precisamos novos graos, precisamos novas parcelas para ampliar o campus, precisamos novos edificios; estou seguro de que o señor reitor e os vicerreitores llo teñen ben comunicado. Nesa zona vaise facer tamén a nova sede da Xunta —como saben moi ben—. Pois iso, ampliar o tema do campus, ampliar parcelas, ampliar superficie, ampliar edificios, ampliar graos —importante—. Gañará moita calidade de vida a cidade de Ourense e pouco a pouco iremos revertendo esa situación de discriminación á que me refiro de xeito practicamente permanente.

Falou da FP. Pois anunciou dous plans específicos de FP. Léveos para Ourense, porque alí temos —como vostede sabe moi ben— un centro de innovación, o Centro Eduardo Barreiros. Eu sei que o coñece moi ben, porque o visitou o día que tamén o visitei eu; fixemos unha foto entre vostede e eu sostendo unha réplica do submarino Nautilus, do capitán Nemo, da novela de Julio Verne *20.000 leguas de viaje submarino*. ¿Acórdase de que fixemos unha foto? A min cortáronme da foto despois algúns medios, *(Risos.)* pero, ben, sostivemos entre os dous o famoso Nautilus.

Abran tamén a Oficina de Turismo, que está en obras, na ponte romana.

Ben, falou de ordenación de chan industrial, que parece ser que as competencias van pasar de Medio Ambiente a Industria. Ben, sexa cal sexa a consellería que asuma as competencias, teñen que ampliar o polígono de San Cibrao, teñen que ampliar o polígono de Pereiro, teñen que poñer en marcha o polígono de Paderne de Allariz —80 millóns de euros—. Continúe nesa liña —como digo—, non os vaian deixar morrer.

Pero, sobre todo, hai que ampliar —e imos poñer unha cuestión máis— o val da Rabeda. Como saben vostedes, o val da Rabeda é unha compra que fixo a Xunta de Galicia dun millón

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de metros cadrados. A Xunta de Galicia ten alí un millón de metros cadrados, no val da Rabeda, un val histórico, nas proximidades da famosa igrexa de Santa Mariña de Augas Santas. Anímoos a que coñezan a historia dese lugar, de Taboadela e todo aquilo. Se non se pode facer un polígono industrial —como parece ser que non se pode facer, aínda que se comprou inicialmente con esa idea—, pois fagan outra cousa: un millón de metros cadrados cun pouco de imaxinación pódese aproveitar para algo; o que non van é estar alí mortos *ad aeternam* —como dicían antes os curas—.

E logo outra cousa que moita xente non sabe e non o sabemos moitas veces, non o sabe moitas veces nin a xente de Ourense: a Xunta de Galicia comprou un pobo enteiro con 650 hectáreas arredor no parque do Xurés hai uns anos; un pobo enteiro que comprou, propietario por propietario, ata un total de 40 vivendas; propietario por propietario tamén das parcelas; digamos que eran propiedade da xente do pobo. E alí está morto de risa un pobo que se comprou con idea de facer alí unha aldea ambiental, para levar alí pois —non sei— estudosos do medio ambiente, no parque do Xurés, porque na outra parte, na parte de Portugal, hai iniciativas así que funcionan.

Ben, pois alí a Xunta de Galicia ten a única aldea ambiental no Xurés e alí —non vou dicir o nome, porque ao mellor se digo o nome ata colaboro na súa vandalización— está sendo vandalizada. Porque ademais están moi ben, son 40 vivendas que se acondicionaron, case un millón de euros que gastou a Xunta naquilo. E aquilo pois pode ser un recurso importantísimo, sobre todo se se combinase xa co tema da autovía de Celanova a Portugal. Xa digo: no Gerês, na parte portuguesa, estanse facendo moitas cousas e a Xunta de Galicia non pode ter tirado un millón de euros comprando 40 vivendas e 650 hectáreas no monte do Xurés e que estean alí mortas de risa. Alí poderase facer turismo, congresos de medio ambiente, non sei. A cuestión é buscarlle unha utilidade e recordar que existe ese recurso da Xunta alí na nosa provincia, que podería ser, de dárselle un pouco de pulo, pois tamén un recurso turístico ou económico importante.

Agora voume máis á capitalidade, a Ourense. Nunha reunión que tiven con vostede e na que tamén estaba o alcalde pedímoslle dez mil árbores para un proxecto que xa se está facendo para a cidade de Ourense, porque a cidade de Ourense —como terán visto— bate récords de calor moitísimas veces.

A crise climática que parece ser que afecta todo o planeta, no caso de Ourense levámola vivindo xa bastantes décadas. A calor de Ourense ata foi utilizada hai moitos anos como desculpa por aquel conselleiro que tiña o señor Fraga, creo que se apelidaba Varela, que utilizou a calor da cidade de Ourense no verán para non levar alí ningunha actividade do Xacobeo. Estamos falando de hai moitos anos, pero esperemos que non se siga poñendo esa desculpa porque, efectivamente, outra das demandas que temos desde a provincia de Ourense é que as actividades do Xacobeo, o Son do Camiño e outras, que non se centren en Santiago e no seu contorno, que as repartan un pouco.

Cando viña de Ourense no AVE, o Avant de Ourense a Santiago, que leva trinta e cinco minutos, eu dixen: «¡que casualidade, o mesmo tempo que me van dar no Parlamento para falar, trinta e cinco minutos!». Entón dixen: «pois que se enteren os potenciais turistas de Santiago que en trinta e cinco minutos, que é o que dura un pequeniño discurso, están en Ourense». Iso

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hai que facérllelo saber porque a provincia de Ourense ten recursos turísticos máis alá dos típicos termais. Ten uns recursos turísticos en materia artística, en materia paisaxística e de patrimonio natural impresionantes, como é o mellor románico do mundo, unha catedral que eu entendo que compite en condicións de igualdade coa de Santiago, polo menos desde o punto de vista da arquitectura interior. Entón, vou aproveitar para dar este dato: señores que veñan visitar Santiago, Ourense está a trinta e cinco minutos, que é o que dura este discurso porque vaime cortar o señor Santalices dentro de oito minutos e vinte segundos.

Precisamos axuda para o transporte metropolitano e precisamos axuda para facer o parque acuático termal. Por certo, a ver se sae adiante o de Monterrei; outro problema que tivemos aí, parouse a obra, non se puido abrir no verán, etc. O bonito é que ata lle botaban a culpa a Jácome do parque acuático de Monterrei, a cidadanía botáballe a culpa a Jácome.

Precisamos unha cidade deportiva; aí na cidade deportiva podía colaborar a Deputación pois tamén aportou os terreos. Precisamos esa base antiincendios en Bande, con medio millón de euros previstos, e que siga adiante ese centro de loita contra o lume de Toén, de quince millóns de euros, que, segundo me contaron os veciños —porque aquilo é nunha propiedade mancomunada ou en man común ou de monte común— que estiveron a punto de levalo para outro sitio. Algúns veciños daquela zona dicíanme: cando se deron conta na Xunta que isto ía ir moi ben, queríano levar para outro lado. Pois non o leven para outro lado, déixeno aí, en Toén, que é onde está e déanlle pulo a ese servizo.

Eu anotei aquí algunhas queixas dos alcaldes... Por certo, o señor candidato sabe que hai unha serie de alcaldes dos concellos do norte de Ourense e do sur de Lugo que están un pouco enfadados e que están a piques de constituírse en asociación de concellos de menos de cinco mil habitantes. Din que van parar o tema porque a ver se agora a Xunta de Galicia nesta nova lexislatura lles fai máis caso e non chegan a ter que constituír esa asociación de concellos. Poden saber perfectamente cales son se lles digo que están no norte de Ourense e no sur de Lugo, non hai moito para onde ir, ¿non?

Ben, hoxe vin tamén unha cuestión na prensa, puña a Xunta de Galicia un anuncio de desburocratización, a media páxina ou a cuarto de páxina. Esa é unha das cousas que tamén queremos pedir, tanto para as administracións pequenas, para os concellos e para as empresas: hai que eliminar a burocracia.

O problema dos xabarís e dos lobos, pero sobre todo dos xabarís, éme moi comentado por parte dos alcaldes, din: como vai ir adiante calquera promoción agrogandeira se a Xunta de Galicia non toma medidas no que respecta ao control dos xabarís. Imaxino que cando empecen a entrar por esa porta, pola porta do Parlamento, ao mellor empezan a tomar en serio esa cuestión. Na provincia de Ourense é un problema importante. Non sei, quéreno deixar en mans dos cazadores, e os cazadores van divertirse e é unha iniciativa privada. Dicíame un alcalde que ao mellor hai que botar man do exército ou dalgunha entidade especializada en control poboacional desa clase de animais.

Falou tamén do monte galego como «ben protexido». Voulle recordar que hai un problema ecolóxico moi importante na provincia de Ourense, sobre todo no Ribeiro, que é a invasión

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de mimosas. É un problema serio. Eu sei que hai anos —igual xa hai dez ou quince anos— a Xunta tiña concibido un plan de erradicacións das mimosas a cincuenta anos, que non sei se quedou nun caixón, pero a verdade é que é un problema grave. Aquí temos un conselleiro, que o saúdo, que é da zona do Ribeiro e que coñece ben ese problema ecolóxico das mimosas, por poñer un exemplo, porque problemas de especies invasoras no monte e nos ríos hai bastantes máis. Pero o problema das mimosas no Ribeiro lembreino cando dixo o tema do monte galego como «ben protexido». Ademais, estraga potenciais recursos forestais, agrícolas, vitivinícolas, etc.

Quédanme catro minutos e aínda teño aquí máis, a ver... Ben, préstenlles atención a Valdeorras, que é unha zona que sempre permaneceu esquecida tanto por parte da Xunta como por parte da propia centralidade, porque Valdeorras —como saben vostedes— sempre foi unha parte mal comunicada co resto da provincia. Os moitos recursos económicos que se xeran nesa zona: pizarra, viño, etc., tenden a proxectar os seus beneficios cara á parte do Bierzo. A autovía que une Ourense con Ponferrada é moi necesaria e moi reclamada polos cidadáns desa zona. Hai que seguir axudando a contrarrestar os efectos do enorme incendio que houbo hai —creo— dous ou tres veráns; vostedes lembran aqueles incendios que houbo na zona de Valdeorras onde arderon pobos enteiros. A Xunta ten que seguir apoiando e tomando medidas para que tales cousas non pasen.

Tamén é moi demandado acabar coa fenda dixital; esa xa é unha cousa practicamente común a toda a provincia. A propia Xunta de Galicia cando dá moitas veces axudas a zonas desprotexidas quere que se tramite a través da internet, pero é que nesas zonas desprotexidas ao mellor non hai cobertura e ao mellor incluso o perfil do habitante desa zona non é precisamente dos que mellor usen as redes sociais. Entón, á parte de eliminar a fenda dixital e que haxa cobertura dixital en toda a provincia de Ourense, se se precisa e hai que dar algún tipo de promoción do hábito e do uso das ferramentas dixitais, mellor, porque o que non pode ser é que dean axudas para xente desfavorecida que xustamente viven en sitios onde non hai cobertura inalámbrica e da internet ou ao mellor son precisamente os que non saben manexar esas ferramentas.

A xente de ciberseguridade e da tecnópole, en Ourense quedamos moi enfadados coa Xunta cando levou para A Coruña o Centro de Control de Intelixencia Artificial. Como ese é un tema que ata penso que nos deu bastantes votos, ese enfado en concreto, entón de aí non vou dicir nada máis xa.

Falou do fomento da natalidade, efectivamente, deu algunhas ideas para fomentar a fecundación artificial, etc. Eu voulle dicir unha cousa: a mellor maneira de fomentar a natalidade é crear emprego e crear riqueza, porque se as parellas non teñen fillos, a maioría das veces non é porque non queiran, é porque ao mellor non teñen os recursos económicos suficientes para crialos e para telos.

Tamén falou da emigración, paréceme moi ben. Eu ás veces tamén penso que os de Ourense tamén debiamos ser consideramos como os emigrantes de Buenos Aires e de América do Sur porque estamos tan apartados... Di a canción: «*la distancia es el olvido*». Entón, se nos teñen olvidados, tamén estamos na distancia, ¿non? Existen outras distancias, ademais das que

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

definiu o señor Euclides nos seus postulados. Entón, Ourense tamén está na distancia, digamos: «*lontano dal cuore*», como din os italianos, está lonxe do corazón de Santiago. Temos que acercar a provincia de Ourense ao corazón de Santiago e que a distancia non sexa o olvido, que formemos parte da autonomía.

Falou do equilibrio territorial. Xa lles dixen tamén aos medios de comunicación o tema de que é curioso que xusto en Galicia aumente a poboación e que xusto na provincia de Ourense descenda a pasos axigantados. Aí hai un nesgo estatístico que non ten máis que unha interpretación, que é que a provincia de Ourense está discriminada.

Confío en que teña en conta todo isto e que non siga pola liña do seu predecesor. Entón, non vou bloquear o seu nomeamento como presidente, voume abster porque non me gusta como funcionou a Xunta de Galicia ata este momento, pero confío en que cambie a partir de agora. Por iso, digamos no termo medio, *en el medio está la virtud* que dicía aquel, voume abster.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non está permitido que o público faga manifestacións a favor ou en contra. É unha cousa que me olvidei de advertir...

**O señor OJEA BOUZO:** Señor presidente, ¿eu pódome aplaudir a min mesmo?

**O señor PRESIDENTE:** Non é o normal. *(Murmurios.)* Eu creo que quedaches xa ben así, ou sexa, por hoxe xa lle chegou. ¿Vale? *(Murmurios.) (Risos.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos os que estamos hoxe aquí neste pleno, ás persoas convidadas que nos acompañan hoxe, aos medios de comunicación e ás persoas que tamén nos seguen polo sinal de televisión.

Eu creo no meu país, señor Rueda. Non podería facer política no meu país sen crer nel. Por iso, creo necesario facer explícito un recoñecemento á lexitimidade que terá hoxe como presidente que sairá desta sesión de investidura. Vostede, señor Rueda, será un presidente con plenas facultades institucionais, mais tamén é obvio que a lexitimidade non é unha razón suficiente para convencer o noso grupo dun voto positivo, será un voto negativo.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tratarei de explicalo durante esta intervención, na que ademais farei unha diagnose do Partido Socialista da situación real de Galicia, explicarei cales van ser as nosas prioridades políticas e ofrecerei cinco acordos de país para materializar os avances que consideramos necesarios para paliar os déficits fundamentais.

Este voto negativo discute as súas políticas e a previsión das que fará, polo que xa coñecemos e polo que nos anunciou e nos adiantou o pasado martes, pero insisto en que non evita ese recoñecemento a vostede como presidente lexítimo. Se recalco isto é porque no sistema político actual vivimos tempos complexos por culpa dunha política non sempre axeitada, por culpa —en certa parte, que non en todo— da crispación que se vive dende a propia política.

Non sempre resultou tan fácil observar como dende a oposición se lles nega a lexitimidade a un presidente e aos seus gobernos. Hai perigos na nosa democracia aínda moi vivos. Iso si, hai ameazas diante das que non debemos ceder nin un só milímetro e moito menos permitir que ditaminen políticas públicas negacionistas ou contra os propios valores humanos.

Non debemos permitir que a política se poida converter nun espectáculo ou nun mundo onde todo vale para combater aos rivais e se vulneren todas as liñas. Se deshumanizamos as rivalidades ou se concentramos os esforzos en salvaxes ataques persoais, estaremos construíndo unha armazón para xustificar calquera cousa na procura do poder.

Créanme que sei do que falo cando lles digo que nada xustifica nin valida intentar destruír a vida dunha persoa por un obxectivo político. Non se me ocorre mellor momento que este para defender en definitiva unha política vigorosa, pero limpa. *(Aplausos.)*

Eu comprométome aquí a facelo dende a oposición e doulles, inicialmente, o beneficio da dúbida de que tamén se fará dende o seu goberno, e que este Parlamento se erixirá como garante diso. Colaboraremos tamén para que a transparencia diante da cidadanía, dos medios de comunicación e dos colectivos que constrúen o país sexa unha realidade e non quede en meras palabras baleiras.

Como queira que suceda, o que non fará o Partido Socialista de Galicia será celebrar estar na oposición ou ser a oposición, sexa cal sexa o resultado. A nosa vocación é unha vocación de goberno, e como tal actuaremos: con responsabilidade e con ambición de país. (*Aplausos.*) Agora, desde unha posición minoritaria neste Parlamento —é evidente—, pero tamén comprendendo que os aquí presentes non vivimos illados de toda a arquitectura institucional a todos os niveis, onde hai situacións, por certo, de todo tipo, aínda que algunhas veces alguén o esqueza. A nosa vocación será servir, desde todos os niveis institucionais, a unha Galicia que necesita un pulo que non vemos nas liñas que vostede, señor Rueda, acaba de anunciar e que foron difundidas, antes incluso, do propio proceso electoral. Galicia non pode ser simplemente unha administrada, do mesmo modo que unha asesoría atende os seus clientes; iso non é o que Galicia necesita, pero, sobre todo, non é o que Galicia merece.

Vivimos nun contexto cambiante e incerto, onde Europa está ás portas dunha guerra por unha invasión inxusta e a todas as luces ilegal. Confío en que todos e todas, neste

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento, compartamos esa forma de entender; aquí, no Parlamento, na sede da nosa nacionalidade. Só a firmeza internacional será capaz de freala. E, así mesmo, asistimos tamén indignados a situacións dramáticas como as de Gaza, onde Israel está masacrando o pobo palestino de maneira desprezablemente inxusta, e merece unha condena sen paliativos. (*Aplausos.*)

Neste contexto tan complexo, este país pode contar con nós; pode facelo porque temos a ambición de que Galicia sexa protagonista porque aspiramos a que medre como debe e como se merece, sen as ataduras ás cales a someten moitas das políticas conservadoras. Se hai cincuenta anos Galicia podía situarse en termos económicos e cun PIB per cápita por detrás de Arxentina ou de Grecia, o noso crecemento, á par da evolución de Europa e dentro dun sistema político do conxunto de España —que tamén nos favoreceu—, é un feito absolutamente indiscutible; pero a nosa posición ten que ser moito mellor. Mentres a economía española medrou un 2,5 por cento do PIB no ano 2023, a galega fíxoo por debaixo do 2 por cento, concretamente nun 1,8 por cento, como indicou o Instituto Galego de Estatística a principios deste ano. Case un 30 por cento peor que o conxunto de España. O mesmo instituto deixa en evidencia que Galicia perdeu máis de once mil empresas no ano 2022, cando o conxunto de España, nese ano —incluíndo eses datos galegos negativos—, mantiña un saldo positivo. Galicia crea emprego nun contexto altamente favorable, pero mentres en España medra o volume de empregados, case un 4 por cento no ano 2023, e chegamos a cifras récord históricas, Galicia ten a segunda taxa de actividade máis baixa do país: o 53,1 por cento, aínda lonxe da media española, que se centra no 59 por cento. A economía crece menos, pérdense empresas e o emprego crece menos que no conxunto de España. Galicia vive do impulso do conxunto do Estado, o que evidencia que non existe pulo político propio, cando hai ámbitos como a innovación, a cultura, o turismo de calidade, as renovables —por poñer algúns exemplos—, nos cales temos capital humano e posibilidades de ser referentes.

O seu Goberno, señor Rueda, foi conformista e acomodado. Estivo máis preocupado en construír relatos políticos e electorais que en buscar os resortes e as oportunidades para unha Galicia mellor, e todo apunta que así o seguirá facendo. Mal comeza unha lexislatura cando é necesario buscar inimigos para autodefinirse. (*Aplausos.*) Estamos convencidos de que a colaboración entre administracións é moitísimo máis produtiva que o enfrontamento. Os concellos, as deputacións, o Goberno do Estado ou as institucións europeas non serán para nós unha oportunidade para botarlles as culpas, senón aliados na procura do fin último, que é que sexamos unha sociedade mellor e con máis oportunidades. Non vén sendo así durante os últimos tempos, en que a liña estratéxica dos Gobernos galegos foi vivir da confrontación, xustificando iso nunha suposta defensa á nosa terra. Os socialistas galegos seremos defensores dos intereses de Galicia, pero entendemos que a primeira opción debe ser sempre a cooperación. Cando atopemos solucións conxuntas con outros, non será para nós un problema ou un fracaso, como parece ser para este Goberno.

Eu creo no meu país, e por iso non necesito agochalo detrás de guerras inventadas ou en buscar inimigos para sentirse mellor. É un relato falso, demasiado pobre e moi perigoso, señor Rueda. Sobran exemplos que non queremos importar: o conflito larvado en Cataluña, para enemistar unha parte da cidadanía coa outra, ou a fangosa e inoperante política

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

madrileña, son dous bos exemplos de procesos políticos baseados en construír inimigos. Non conten con nós para iso. Galicia é o obxectivo das nosas políticas, e temos claro que será a nosa prioridade por enriba das vinculacións partidarias, pero as campañas electorais doutros que as fagan outros, señor Rueda. (*Aplausos.*)

Vostede falou da existencia dunha política de trincheira que dixo rexeitar; pola contra, a súa acción política foi precisamente esta: a de usar Galicia como parapeto para atacar outros. Este martes tardou vostede menos en falar do Goberno do Estado, para atacalo, que en falar de educación, de igualdade, de reto demográfico, da economía de Galicia, das dificultades das familias, dos problemas do sector primario ou da necesidade de mellorar a atención aos maiores. ¿Quen é o que está na trincheira, señor Rueda? (*Aplausos.*)

Dixo vostede textualmente: «Nestes tempos algúns confunden a acción do Goberno coa política electoral». E botando a vista atrás, vostede anunciou que a alta velocidade nunca chegaría a Galicia, que estariamos fóra do Corredor europeo de mercadorías e tamén do hidroduto, que o Goberno do Estado non presentaría recurso na defensa da pesca artesanal, que a Galicia escamoteáranlle vacinas contra a covid —esta é das cousas máis graves que eu escoite ao seu Goberno—, que os PERTE eran todos unha mentira, que teriamos serios problemas económicos porque España ía cara a unha profunda crise económica. Voulle dar a razón, algúns confunden a acción de Goberno coa política electoral.

Desde que vostede forma parte do Goberno da Xunta —hai xa quince anos—, o autogoberno non gañou nin unha soa competencia, senón que permaneceu estancado, o que di moito da falta de iniciativa e da ambición dos Gobernos aos cales pertenceu ininterrompidamente. Nin cos gobernos do Partido Socialista, en Madrid, nin cos do Partido Popular, a Xunta de Galicia foi quen de avanzar en autogoberno, como si fixeron, por certo, outras comunidades autónomas. Logo teremos que concluír que a responsabilidade recae en quen gobernou Galicia durante este longo tempo. Agora ten unha nova oportunidade de poñer fin a esa parálise; non a bote por terra unha vez máis. Cónstame que a vontade do Goberno de España é facer realidade, canto antes, a convocatoria da reunión da Comisión Mixta de Transferencias, que é onde se deben materializar os acordos e dar solución aos desacordos. Poña o mellor da súa parte para comezar a lexislatura cun sinal de entendemento e de cooperación entre dous Gobernos. Invítoo, señor Rueda, a que aproveite esta investidura para romper amarras con quen pretenda facer partícipe a Galicia dunha hostilidade, que é allea a idiosincrasia do noso pobo, que sería absolutamente inconveniente para os intereses do noso país.

Vaiamos coa realidade galega do día a día para identificar eses retos que temos por diante. Hoxe hai unha Galicia crecente, que ten ansias dunha mellor calidade de vida. E podemos pensar nunha parella de trinta anos que teña un fillo ou unha filla, ou que non teña fillos. Se pensamos niso, podemos preguntarlle cuestións relativas, por exemplo, á vivenda, que supón un reto moi importante.

Pois, probablemente, esta parella estivo vivindo a cabalo entre os pisos dos pais e vivindo con amizades, porque, en Galicia, alugar unha vivenda nalgunha das zonas urbanas supón máis da metade do salario da xente nova. Teñen que vivir nesas zonas porque a pesar da súa

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

orixe —probablemente poida estar en poboacións máis pequenas— constrúen a súa vida ao redor dos polos de xeración de emprego, e hoxe, para os mozos e mozas, vivir no rural resulta toda unha aventura.

Nesas cidades non teñen fácil a vivenda, polo que para vivir xuntos deben ir ás periferias. Non poden ir máis lonxe para evitar o gasto de coche e no transporte público por estrada nin tan sequera pensan; non coñecen ninguén que o empregue. Tampouco poden vivir na cidade porque os centros urbanos da cidade sofren especulación coas vivendas turísticas, que vostedes non queren regular, e que están dinamitando o mercado, especialmente de acceso á xente moza e ás familias con menos recursos. Tampouco atopan vivenda pública. En Galicia hai 18.000 inscritos no Rexistro público de demanda de vivenda, pero apenas foron 5.000 as vivendas públicas construídas durante os quince anos do Partido Popular, que contrastan, curiosamente, coas 10.000 que se construíron na etapa do presidente Pérez Touriño. E o PP argumenta de todo fronte a este feito, incluso que se debe á culpa dos ocupas. ¡Tremendo!

O Bono de alugueiro, ademais, é insuficiente, e aquí ofrézolle tamén o primeiro deses acordos para implantar medidas xa desde o inicio desta lexislatura: un plan de vivenda que contemple a construción de 2.500 vivendas públicas; un plan efectivo de rehabilitación de vivenda baleira; duplicar o Bono de alugueiro; declarar con celeridade as zonas de mercado residencial tensionado; regular, desde a Xunta de Galicia, coa colaboración dos concellos, a proliferación desas vivendas turísticas. (*Aplausos*.)

En materia de sanidade, ambos os dous teñen problemas tamén. Teñen nais e pais e, pola idade, visitan máis o centro de saúde —isto é evidente—. Están todos fartos: as nais, os pais, eles, todo o mundo, porque agora hai que agardar entre sete, dez ou doce días para ter unha cita no centro de saúde. Probablemente a isto axude o feito de que durante estes últimos quince anos se deixasen moitas prazas de médicos e médicas de familia sen convocar en Galicia para formar novos profesionais. Hoxe, o Estado habilitou para Galicia o maior volume de prazas que tivo nunca na súa historia para formar novos sanitarios. Ten todas as que solicita, e, se non ten máis, é porque non pide máis. Tamén axuda a este descontrol que as condicións laborais sexan tan caóticas. Calquera galego sabe hoxe o que tarda en ter unha cita para o especialista médico: meses e meses sen saber nada. Escoitan o Goberno da Xunta escusarse e botarlles a culpa a outros, pero basta falar cunha enfermeira ou cun enfermeiro para saber tamén como elas van encadeando sucesivamente contratos de días —e ás veces de horas— para ir cada vez a un servizo distinto que moitas veces nin coñecen, estando pendente dos teléfonos para atender, cando sexa que ao Sergas lle pareza ben chamar. Deberiamos cambiar xa o nome do médico de familia porque as familias xa non coñecen o seu médico nin os médicos coñecen as súas familias.

Os doentes teñen outras dificultades, sobre todo os maiores, agora atendidos por un programa informático co que se senten moi inseguros. Aquí, señor Rueda, deberiamos establecer outro acordo. A estas nais e pais, que son os que habitualmente van ao centro de saúde, debería atendelos un persoal sanitario; isto agora non pasa porque vostedes puxeron un sistema informático a atender as persoas, que fan que manexe o persoal de servizos, que, por certo, tamén se queixa desa atención ao público.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu propóñolle, señor Rueda, un plan extraordinario de contratación de máis profesionais sanitarios e un sistema de triaxe e de clasificación de doentes, por parte dos sanitarios, que optimice o funcionamento e que consiga que toda persoa sexa atendida na atención primaria por un profesional sanitario axeitado en 48 horas. Propóñolle, nese sentido, ese acordo de país para que blindemos a sanidade pública. Comecemos hoxe mesmo. (*Aplausos.*)

Volvo coa parella: ten unha nena pequena ou un neno pequeno; querería ter dous fillos, pero só ten un. ¿Vostede é consciente do grave problema que isto supón? Porque os salarios non lle chega moitas veces para conciliar. Na Galicia real, cando os avós e as avoas non están preto, é moi difícil cadrar horarios, e atopar unha praza nunha gardaría pública vén ser case, case, en Galicia, como os billetes de cincocentos euros, isto é, hai quen di que existen, pero ninguén os viu. O ano pasado xa se viron escenas en Galicia de nais e pais facendo noite na rúa para conseguir prazas nalgúns puntos de Galicia. Esta parella ten feito noites perdidas para conseguir entradas nun concerto, pero nunca pensou ter que facelo para atopar unha gardaría en Galicia.

En canto ao emprego, ao pulo industrial e á enerxía. Analicemos cal foi a súa xestión de emprego. No ano 2023, deixou sen executar 1 de cada 3 euros orzados. Facendo a suma dos últimos sete anos, deixaron vostedes sen executar máis de mil millóns de euros. Vostede dixo que Galicia é a comunidade en que medraron os salarios tres puntos por riba da media nacional; o que obvia é a causa: que non é nin máis nin menos que a suba do salario mínimo interprofesional, cun aumento do 54 por cento desde o ano 2018. Galicia beneficiouse máis que o resto de comunidades autónomas porque é onde os traballadores e as traballadoras teñen salarios máis baixos.

En materia de industria, señor Rueda, propóñelle algo que quizais o sorprenda despois de máis de corenta anos de autogoberno: dedíquese a poñer en marcha e a cumprir co artigo 30 do Estatuto de autonomía, que coloca as competencias exclusivas na sede da Xunta de Galicia en materia de industria.

Galicia podería ter moito máis traballo e afrontar o despoboamento se tivese mellores infraestruturas axeitadas e un potente pulo industrial, pero non se ve nada no horizonte a pesar de todos os elementos necesarios. Temos un sector primario variado; a inmensa capacidade estratéxica de producir a enerxía presente e de futuro; unhas universidades punteiras e centros tecnolóxicos que potencian a formación; unha posición xeográfica privilexiada, porque aínda que somos posición periférica en relación co Estado, si temos unha posición central na Eurorrexión Atlántica, e a dotación progresiva de infraestruturas.

Polo tanto, é necesario crear un ecosistema económico conformado por enerxía, empresas, industria, e con seguridade xurídica. Ese é o noso terceiro grande acordo de país que lle ofrecemos, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Galicia ten unha gran riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos, pero debemos poñer os medios, atraer o investimento e, sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados, para que o aproveitamento destes recursos respecte

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

escrupulosamente o medio ambiente, a biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para os galegos e para as galegas.

Vostedes non teñen un modelo claro para o desenvolvemento enerxético para Galicia. Cando chegaron no 2009 mandaron parar a eólica. O PP é probablemente o principal responsable de que Galicia non teña hoxe unha boa planificación do seu potencial enerxético, e esa falla de modelo trasládase a toda a economía industrial de Galicia.

Fronte a isto, eu propóñolle que apostemos pola ambición das renovables, por un despregamento ordenado e planificado, que teña en conta os axentes sociais e os axentes do territorio. Elaborar un mapeado e unha zonificación das explotacións enerxéticas que permita un desenvolvemento harmonioso dos proxectos renovables. Igualmente, en liña coa nova Directiva de enerxías renovables, proceder a unha simplificación normativa e burocrática.

Na industrialización non sobran empresas, pero debemos de fortalecer as nosas pemes, para que medren. A grande empresa é por definición máis robusta. O tamaño empresarial é unha das principais variables relacionadas coa competitividade exterior e coa calidade do emprego que oferta. Faciliten o tránsito das pequenas empresas á condición de medianas, superando esa barreira de cincuenta traballadores, porque producirá, sen lugar a dúbidas, efectos moi positivos. Hoxe, as axudas públicas deberían ter como obxectivo incrementar esa dimensión e respaldar as persoas autónomas e emprendedores.

Outro dato non menor, moi importante: o desaproveitamento sistemático que fan vostedes de Europa. É groseira a nula capacidade de xestionar os fondos europeos. O propio Consello de Contas advirte de que a execución orzamentaria dos fondos europeos está por baixo do cincuenta por cento. En Galicia, no día de hoxe, déixanse sen executar 5,5 de cada dez euros que se orzan de fondos europeos.

E seguridade xurídica. Estamos a vivir estes últimos anos en Galicia numerosas incertezas, derivadas dunha excesiva carga burocrática. A Xunta é un obstáculo para a innovación e para a creación de empresas. Debe ser clarificado ese marco xurídico para que, sen renunciar á seguridade xurídica que as empresas necesitan, teñan unha certeza evidentemente necesaria.

Sectores primarios. As nosas rías están baixo mínimos, a pesca de baixura cada vez máis limitada e a pesca de altura con problemas moi serios froito dalgúns dos conflitos internacionais que se viven. A única proposta que fan vostedes é baixar o IVE, cando o verdadeiro problema é a caída drástica do consumo de peixe nun trinta por cento nos últimos dez anos; ¡un trinta por cento!

Aproveiten cada céntimo dos fondos europeos para modernizar o sector pesqueiro, invistan en educación para concienciar sobre o consumo do peixe, incentiven a compra pública de produtos do mar nos pregos de contratación dos centros dependentes da Xunta, rexeneren as rías galegas para contrarrestar a baixada de produtividade, regulen o baleirado dos encoros como demandan as nosas mariscadoras, que, por certo, cada vez son menos.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No rural, señor Rueda, fala agora da Lei de recuperación das terras. Empece por conseguir a mobilidade das corenta mil hectáreas de concentración parcelaria que actualmente están sen actividade. Tería un impacto moi positivo e inmediato no sector.

Tamén prometeu oitenta millóns de euros para profesionalizar as explotacións. Engada que son con fondos da Unión Europea nun setenta e cinco por cento desa PAC que tanto deostan.

E non esqueza no ámbito forestal que a mala xestión dos montes veciñais lle resta un punto do PIB en Galicia nos últimos vinte anos. Aí teñen outro reto para traballar, no que contarán co noso apoio. A mellor prevención contra os lumes é un rural vivo, activo e en produción. A gandería e a agricultura controlan a biomasa e son o mellor cortalumes. Parar a sangría do peche de explotacións e o abandono do rural é a mellor prevención para o monte galego.

A parella da que falaba, e que poño como exemplo, ás veces non vai de vacacións porque gasta cartos noutros moitos servizos nos que necesita axuda. Pronto é posible que os pais sexan maiores e con maiores necesidades, e saben que hai moi poucas prazas nos centros de día. Se tivesen que pensar nunha residencia nalgún momento, xa entón non lles saen as contas. Ven que a Xunta presume de residencias, pero abren poucas, e as que hai son caras. Pensar que hai que pagalas coas pensións que lles van quedar a súas nais e pais é moi difícil.

Anímoo, señor Rueda, a que siga o modelo da rede de residencias públicas da Deputación de Lugo. Negáronse a escoitarnos e moito máis a poñer un só euro, aínda que a competencia era da propia Xunta de Galicia. Fixémolas en solitario. Hoxe é unha rede pública que está moi ben valorada e considerada exemplar por Europa. E o que máis me enche de satisfacción é facer posible esa vellez digna cun custo xusto para as familias e sen que os nosos maiores teñan que marchar lonxe da súa vila.

¿E que ten que dicir de que un de cada catro galegos viva en risco de pobreza e exclusión?, ¿ou do tempo de espera para unha valoración da dependencia? ¡Moito teñen que cambiar as cousas na política social, señor Rueda!

Medio Ambiente. Como persoas que vivimos no século XXI, preocúpanos o coidado do medio ambiente. Esta preocupación a vostedes débelles soar raro, porque ás veces dá a impresión de que para vostedes o medio ambiente é unha moda.

Moitos galegos están preocupados porque levan dous anos escoitando que hai unha grande industria, que vai ser boísima, que se vai instalar en Galicia para facer fibra téxtil e que ía crear dous mil quiñentos empregos, ¡dous mil quiñentos empregos! E resulta que agora non paran de ler que pode todo ter sido unha gran farsa para instalar unha gran celulosa. Nin dous mil quiñentos empregos, nin dous mil, nin quiñentos.

Os galegos confían en que a lexislación sexa estrita e teña o máximo control sobre o que se pode implantar e o que non. Pero este control tamén lle vai corresponder ao Goberno de Europa, e probablemente tamén ao de España, porque agora os galegos non dan atopado ningunha explicación por parte da Xunta, que tanto presumía desa fábrica. Empeza a darlles a sensación de que aquí houbo cousas raras, e queren explicacións, tal e como exiximos

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dende o Partido Socialista. Porque Altri ía ser o gran proxecto verde do Partido Popular, e de momento o único que sabemos é que o PP está moi verde.

Ou o señor Rueda non sabía o que se vai facer, que xa sería grave, ou non quere recoñecelo publicamente e dar a cara sobre as consecuencias e o impacto real en canto ao emprego, en canto ao medio ambiente e en canto incluso á posibilidade de utilización de fondos públicos para este proxecto. Neste último extremo tamén terá que explicar se se van ou non aplicar fondos públicos a este proxecto. Anímoo a dar a cara en todo caso. Empece ben esta presidencia dando información. *(Aplausos.)*

Vou deseguido con educación e cultura. Despois de eliminar a gratuidade dos libres de texto e de facer do curso escolar o máis caro da historia, ten certa sorna escoitalo prometer o da gratuidade das matrículas universitarias. ¡Benvido!, hai anos que os socialistas xa o vimos aplicando. Non tivo nada que dicir vostede do envellecemento dos docentes e das condicións das investigadoras das universidades galegas.

Seguindo coa radiografía da Galicia real, a parella da que lles falaba ten interese pola vida cultural. Aproveitan os actos culturais que organiza o concello onde viven e ás veces as deputacións, segundo cal. Da Xunta pouco saben, porque escoitan falar moito, pero a verdade é que, máis alá dalgún festival que outro ao ano, a parella ve que todo o aproveitable chega da Administración local. Sabe que existe un Xacobeo, pero máis que porque se vexa concretar nalgunhas políticas culturais ambiciosas, sábeno porque os do PP andan todo o día con camisetas do Xacobeo ou con boas cazadoras que marcan co logo do Xacobeo.

En materia de lingua, os galegos falamos combinadamente galego e castelán, sentímonos orgullosos de ter unha lingua propia, á que queremos e que defendemos. Por iso non entendemos que o presidente do Goberno galego e o seu partido votasen en contra do uso do galego varias veces, no Parlamento de Galicia, no Congreso dos Deputados, no Senado, e que intentasen bloquealo na Unión Europea. Agardo que nesta lexislatura se compense todo o dano que se lle fixo á nosa lingua. E para axudalo tamén lle ofrezo acordo nesa materia para defender o galego. *(Aplausos.)*

Dereitos civís, señor Rueda. Sentimos neste tempos unha enorme preocupación por ver como dende algunha política se menospreza a loita feminista e como a dereita e a ultradereita negan a violencia machista ou atacan os dereitos dos colectivos LGTBI.

Non somos quen de entender o intento de varrer a memoria histórica no país, e preguntámonos como pode ser que os partidos negacionistas teñan cargos de goberno en tantos lugares.

En materia de audiovisual, a esta parella tipo da que lles falaba e á que me veño referindo interésalles a política, pero como apenas teñen tempo para moitas cousas non se dan informado todo o que quixeran. Apenas uns minutos ou á última hora do día, entre tarefa e tarefa, e con algún momento puntual a través do móbil. Se algunha vez poñen a TVG, só ven a Rueda, facendo deporte, bailando reguetón ou o que sexa. E nalgún informativo vese máis a Rueda que aos presentadores. Sorpréndelles que sexa máis fácil enterarse do que pasa no Congreso dos Deputados que o que pasa no Parlamento de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Rueda, o exercicio que acabamos de facer representa a realidade de miles de galegos e de galegas, familiares nosos, coñecidos. Esa parella podiamos ser —como digo— calquera de nós ou os nosos familiares ou as nosas amizades. Repítolle que o Partido Socialista ten vocación de goberno e ambición de país. Non podemos nin queremos conformarnos, e moito menos resignarnos, coa realidade á que vostede nos aboca.

¿Para que quere ser presidente, señor Rueda? Vostede preséntase como candidato a presidente, e eu pregúntolle: ¿que vontade transformadora existe detrás desa maquinaria electoral que o sustenta?, ¿cara a onde camiña Galicia?, ¿cal será a nosa estrutura económica no ano 2030 ou no 2040?, ¿vostede confórmase con ir tirando? ¿Para que quere ser presidente, en definitiva? Galicia merece un presidente e un goberno con ambición de construír país. *(Aplausos.)*

Cando un partido como o seu leva quince anos gobernando, as competencias exércense e amplíanse se hai verdadeira ambición de país. Conformarse cando España lidera a creación de emprego en Europa, acadando marcas históricas, mentres nós quedamos atrás, non é futuro. A protección do medio ambiente e a transformación industrial sostible son unha tarefa complexa, pero é posible. A garantía dos servizos públicos nunha terra que precisará que se amplíen, pero que necesita financialos correctamente, é un debate que non podemos postergar. A posición de Galicia no conxunto de España e a nosa estratexia diante dunha revisión do modelo de financiamento debe ser unha prioridade. A relación cos concellos, aos que este goberno deixa aos pés dos cabalos sen o financiamento suficiente, é un problema que recae ao final na cidadanía, que ve recortadas as melloras nos centros educativos, entre outros moitos.

Fronte ao incremento dos fondos do financiamento estatal, a Xunta dende que goberna o Partido Popular ten conxelada a partida de financiamento aos concellos. Ano tras ano os galegos deben saber que deixan sen executar case a metade dese financiamento.

Por todo, e en nome do Partido Socialista, eu ofrézolles a todos os grupos parlamentarios chegarmos a un acordo, ese grande acordo local galego, que remate cos problemas de infrafinanciamento e de competencias impropias. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, ¿para que quere ser vostede presidente?

Como non damos obtido unha resposta a esta pregunta, resulta moi difícil sequera avaliar as visións cativas, apoucadas e conformistas que vostede ten de Galicia. Por iso imos votar en contra da súa investidura. Porque vostede ten os votos necesarios —como dicía ao principio— para ser un lexítimo presidente, e non o discutimos, pero non atopamos a ambición de país que é imprescindible para ser un gran presidente.

O Partido Socialista dedicará esta lexislatura a facer unha oposición firme, construtiva, responsable. A razón é doada: temos —díxeno antes— vocación de goberno, e iso demóstrase cando gobernas pero aínda máis e con máis altura de miras cando non o fas. Temos experiencia acreditada na xestión pública e contrapoñeremos outro modelo diferente ao seu, un que represente a todas e todos os galegos, sen buscar culpables externos nin

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

inimigos inventados. Señor Rueda, se a súa presidencia vai ser ambiciosa situando a Galicia como o primeiro, atoparanos nesa dirección; se soamente será un instrumento de poder ao servizo duns poucos para manter redes clientelares, atoparanos de fronte neste hemiciclo e onde faga falta.

Pola nosa banda, estaremos no traballo, ofrecendo a nosa man para intentar construír un país mellor. Estaremos encantados de coincidir se atopamos nesta lexislatura puntos en común que sexan positivos. E teremos toda a vontade de ofrecer as alternativas e os acordos que cremos que se precisan sobre os problemas e sobre os retos coma hoxe creo que xa puiden comprobar.

Non teña dúbida de que discreparemos co Goberno do Estado cando creamos que esa crítica está absolutamente xustificada. Non o dubide: entre Galicia e o Partido Socialista, non dubidaremos en elixir Galicia e os intereses dos galegos e das galegas. Ten vostede o meu compromiso persoal. *(Aplausos.)*

Pero pídolle o mesmo, que entre os intereses do Partido Popular de Madrid e Galicia, entre o apoio á política de confrontación de Feijóo ou os intereses de Galicia, opte por Galicia. Ata o de agora a miña opinión é que non o fixo así. Pídolle que faga da súa investidura unha oportunidade, non para ser delegado de ninguén, senón para exercer como presidente da Xunta, que é para o que os galegos e as galegas o elixiron. Hai moitos galegos e galegas que están aquí representados por diferentes forzas políticas distintas e tamén moita cidadanía que non colleu ningunha papeleta electoral, pero á que lles debemos todo o noso traballo. Isto é o que nos corresponde.

O Partido Socialista será e actuará con responsabilidade e ambición de país. Galicia precisa que teñamos a altura de miras, e o Partido Socialista —dígollo, señor candidato— sempre estará á altura do que se precise. Hai desafíos pero hai recursos e un pobo valente e sabio para afrontalos. Non importa canto de grandes sexan eses retos, lembre que por difíciles que parezan algúns escenarios, o imprescindible é confiar en nós mesmos. Eu creo no meu país, e por iso vou traballar pola Galicia que verdadeiramente pode ser.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Gómez Besteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente do Parlamento, señorías, convidados e convidadas, profesionais dos medios de comunicación, cidadanía galega.

Señor Rueda, permítame empezar esta intervención con palabras dun referente como é Nelson Mandela: «Aínda hai moita discordia, odio e violencia. Unha mínima preocupación polos demais bastará para facer do mundo ese lugar mellor co que soñamos. Os heroes son os que firman a paz e constrúen».

No BNG tamén soñamos con ese mundo mellor, con ese mundo en paz. Un mundo no que freemos eses ventos de guerra que soan en Europa, un mundo onde non se permitan

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xenocidios como o que está vivindo o pobo palestino: trinta e tres mil persoas asasinadas, *(Aplausos.)* case catorce mil delas nenos e nenas. *(Aplausos.)* Xa lle avanzo —e espero ter o seu apoio—, señor Rueda, que traeremos a este Parlamento unha proposta para reclamar que se rompan relacións con Israel, que o Estado español deixe de venderlle armas e que se xulgue a Netanyahu por crimes contra a humanidade. Porque hai que construír a paz, paz en Palestina, paz en Burkina Faso, en Somalia, en Sudán, paz en Iemen, en Nixeria, en Siria e paz tamén en Ucraína.

E nesa dirección é clave que a Unión Europea deixe de ser un satélite da OTAN e dos Estados Unidos, que en vez de apostar por máis gasto militar, que vai supoñer un recorte do gasto social, se aposte pola diplomacia e polas relacións internacionais de respecto e de cooperación entre os diferentes pobos do mundo. Non facelo é unha tremenda irresponsabilidade que nos abre as portas a un novo conflito a escala global, repetindo os erros do pasado. Erros que conducen de novo a ver como unha pantasma percorre o mundo. Aí temos, por exemplo, a Miley na presidencia do Arxentina, a quen o Partido Popular apoiou entusiasticamente. Aí está tamén a posibilidade de que o *trumpismo* volva á Casa Branca. Ou aí temos o auxe da extrema dereita en toda Europa, con quen, por certo, vostedes gobernan sen ningún complexo. *(Aplausos.)*

E neste contexto cheo de fraxilidades e desafíos a resposta dun presidente non pode ser un discurso baleiro e demagóxico que choca coa realidade. Vostede, señor Rueda, o pasado martes afirmou literalmente: «A miña meta é presidir unha terra na que os galegos con diferentes ideas poidan atopar puntos de encontro». A realidade é que ese mesmo día, xusto despois de dicir isto, vostede arremeteu contra todos os que non pensan como o Partido Popular, contra todas as que defenden unha Galiza diferente. Esta é a realidade fronte á súa demagoxia, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Tamén dixo, señor Rueda: «Únenos unha lingua que todos sentimos como propia e cunha vitalidade a proba de cambios sociais e demográficos. Unha lingua da que sentírmonos orgullosos». A realidade é que esa «vitalidade» leva a que o galego sexa a única lingua do Estado que perde falantes, leva a que un de cada tres mozos e mozas acabe a etapa educativa sen saber a nosa lingua propia. E o seu orgullo xa o vimos cando se manifestou contra o galego ou cando votou «non» á nosa lingua no Congreso. Realidade fronte á demagoxia, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Escoitámoslle dicir: «Importa ser a comunidade autónoma que menos se endebedou desde hai quince anos, porque isto significa que non estamos a hipotecar a Galicia dos nosos fillos e netos». A realidade é que, en termos absolutos, somos a sétima comunidade máis endebedada, e si que están a hipotecar o futuro dos nosos fillos e das nosas netas porque triplicaron a débeda pública mentres recortaban en sanidade e en educación. Realidade fronte á demagoxia, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Proclamou no seu discurso: «Aprobáronse uns orzamentos en tempo e forma; algo que Galicia converteu xa en costume. É no conxunto do Estado unha rareza». Pois resulta que esa «rareza» é que de dezasete comunidades autónomas, trece fixeron exactamente o mesmo, e das catro que faltan, ¿sabe quen goberna en dúas delas? O Partido Popular con Vox. *(Aplausos.)* Realidade fronte á demagoxia. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Díxonos tamén: «A Xunta ten a responsabilidade de facer que os froitos deste desenvolvemento» —referíase ás enerxías verdes— «se repartan entre a sociedade galega e beneficien a poboación dos lugares nos que se asenta». A realidade é que temos catro mil muíños de vento nos nosos montes, cento cincuenta centrais hidráulicas nos nosos ríos, pero os beneficios marchan fóra e perdemos emprego industrial. Realidade fronte á demagoxia, señor Rueda. *(Aplausos.)*

E, por último, vostede afirmou sen ruborizarse: «Unha Galicia que optase voluntariamente polo estancamento obrigaría a mocidade a cumprir os seus soños noutra parte. Non é esa a miña Galicia». A realidade é que na súa Galicia case douscentos mil mozos e mozas tiveron que emigrar pola falta de oportunidades que vostedes lles deron. Realidade fronte á demagoxia, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Se non quere que no futuro o seu discurso sexa lembrado como un manual de demagoxia, empece por ter un proxecto de país pegado á realidade. Porque —eu dígollo de corazón— para o futuro é importante que haxa un proxecto real sobre o que debater. É que non temos por que estar de acordo con ese proxecto, pero é que polo menos ten que haber un proxecto sobre o que poidamos falar. Vostede tivo que apelar á Galiza de hai trinta anos porque se sente máis cómodo no pasado que mirando cara ao futuro. *(Aplausos.)*

Por iso, señor Rueda, resulta tan preocupante a súa intervención, porque quedou espido. Demostrou que non ten un proxecto de futuro, limitouse a repetir o de sempre e a presumir do resultado electoral.

E así empeza mal, señor Rueda. Si, non caia no absolutismo e escoite a quen non pensa igual que vostede, escoite a cidadanía. Porque vostede ten lexitimamente a maioría de escanos nesta Cámara, pero ten que lembrar que a maioría dos galegos e das galegas non lle deron nin a súa confianza nin o seu apoio nas urnas. *(Risos.) (Murmurios.)* O pasado 18 de febreiro foron máis... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ve, empezamos mal. *(Protestas.)* É que non escoitan, señorías do PP. *(Aplausos.)* ¡Hai que escoitar a quen non pensa como vostedes! *(Aplausos.)*

O pasado 18 de febreiro foron máis de setecentos quince mil galegos e galegas os e as que pediron nas urnas outra maneira de gobernar, que lles dixeron que non queren recortes nin en sanidade nin na educación, que tampouco queren un sistema de coidados que fai negocio coa vellez, nin unha política de vivenda que deixa tirada a mocidade neste país, que ten que seguir vivindo na casa de seus pais. Esa cidadanía tamén lles dixo que non quere espolio eólico e ambiental, nin que unha presa de multinacionais se forren deixándonos contaminación ao seu paso e levándose por diante o medio de vida da xente do rural e da xente do mar.

Se vostede realmente quere ser o presidente de todos os galegos e galegas escoite a voz desa cidadanía que tamén se expresou nas urnas, e recoñeza que neste país hai problemas moi graves que resolver.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Empezando pola sanidade, hai listas de espera para ir ver o médico ou a médica de cabeceira e temos once mil nenos e nenas sen pediatra. ¿E saben quen é o responsable desta situación? Pois é o Goberno do Partido Popular, porque recortaron 2.339 millóns de euros en atención primaria. *(Aplausos.)* Tamén temos unha situación dramática en atención á saúde mental, nove mil persoas esperando por unha primeira consulta en Psiquiatría; estamos á cabeza do Estado en suicidios, pero estamos á cola en persoal en servizos e en recursos. E, ante este drama, ¿de verdade, señor Rueda, pensa que vostede pode vir aquí facer declaracións ou anuncios que non concretan absolutamente nada? ¿Cre que esa é a resposta que lle pode dar a toda esa cidadanía que está esperando algo máis que unha caixa de ansiolíticos ou antidepresivos para solucionar os seus problemas?

O seu goberno promoveu a privatización das residencias e veu aquí presumir das prazas que fai unha fundación privada. E é que nin tan sequera é capaz de garantir que esas prazas vaian ser de xestión pública, despois de todo o que vivimos na pandemia. ¡Así é como trata vostede as persoas maiores! *(Aplausos.)*

No BNG defendemos un sistema público de residencias, sabendo que ese ten que ser o último recurso. Porque o que queremos é que a xente maior poida desfrutar desa etapa da súa vida nas súas casas. Pero é que para iso hai que dar un salto de xigante na axuda no fogar. E isto vai ser imposible se somos a comunidade que menos inviste por persoa dependente: 1.603 euros menos que en 2009. E isto non son cifras do BNG, señor Rueda, son cifras do Observatorio Estatal da Dependencia. ¡Realidade fronte a demagoxia, señor Rueda! *(Aplausos.)*

Pareceume moi sorprendente, pero tamén moi preocupante, que vostede non fixese nin unha soa referencia a un dos principais problemas que ten este país: a crise demográfica. Limitouse a proclamar, como fixo —recordarano—, que este é o mellor país para nacer. Eu estou de acordo. Pero o que ten que explicarnos é por que, no mellor país para nacer, cada vez nacen menos nenos e nenas. ¿Por que, señor Rueda? ¿Será que o seu goberno non está facendo que o mellor país para nacer sexa o mellor país para vivir? ¿Será ese o problema? Por iso a xente moza emigra ou ve como crear unha familia e acceder a unha vivenda é misión imposible. ¿E sabe por que? Porque vostede se cargou a política social de vivenda e deixou que os alugueiros se disparasen. Reduciron á mínima expresión a política pública de vivenda. E por riba agora fanlle boicot aos concellos que piden ser declarados zona tensionada para poder limitar os prezos do alugueiro. O PP non é parte da solución, pero están empeñados en ser parte do problema. Saia da súa realidade de telexornal, señor Rueda, e enfronte esta situación. *(Aplausos.)*

Fronte a esa Galiza que só se sostén nos seus papeis, a Galiza real non está converxendo coa Unión Europea; ao contrario, retrocedeu nada menos que 10 puntos desde 2009, e hoxe a nosa riqueza apenas representa un 80 por cento da media comunitaria. A Galiza real ten unha caída brutal do investimento, que antes, no ano 2009, era superior á media española. ¿Sabe que pasou? Pois que na actualidade é 5,6 puntos inferior á media estatal e 10 menos que a europea. De novo, señor Rueda, a realidade fronte á súa demagoxia. *(Aplausos.)*

Nós no BNG non nos cansamos de dicir que somos un país rico, cun enorme potencial, cunha enorme capacidade. Pero é que hai que poñer toda esa riqueza a favor do país, e non dunha

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

presa de multinacionais que o único que buscan é lucrarse cos nosos recursos naturais. Deixe de abrazarse a Iberdrola, a Naturgy, a Greenalia, a Endesa, e abrace as familias, a clase traballadora e as empresas que xeran riqueza aquí. *(Aplausos.)*

Porque nos falou o martes do binomio, do binomio enerxía-industria. Dicía que unha implica a outra. Entón, ¿pode explicarnos por que en Galiza temos 4.000 muíños de vento, pero entre 2009 e 2023 perdemos 27.600 empregos na industria? ¿E pode explicarnos por que Madrid, que ten cero muíños de vento nese mesmo período, gañou 21.400 empregos na industria? ¿Como está aquí o binomio, señor Rueda?

Mire, voullo explicar eu. O problema de por que falla este binomio, ¿sabe cal é? O espolio eólico. *(Aplausos.)* É o que pasa cando se goberna para as eléctricas, como fai o Partido Popular.

E sobre ese espolio é sobre o que vostede quere sustentar un acordo de país, sobre o espolio eléctrico de Galiza. Se realmente quere un pacto industrial, fagamos que esta sexa a lexislatura dun modelo eólico a favor da maioría social e para defender a industrialización.

Pero queremos unha industria do século XXI, sustentable co territorio, co medio ambiente e co rural. O que non imos permitir é que nos coloquen unha bomba ambiental no rural galego como a macrocelulosa de Altri; *(Aplausos.)* un proxecto sobre o que mentiron, enganaron e ocultaron información, tanto a este Parlamento como á cidadanía. E agora sabemos por que.

E esta é unha cousa que a min me parece importante, lévoo pensando moito: a empresa que promove este proxecto é portuguesa. Se é tan excelente, ¿por que xa non a queren en Portugal? ¿Sabe por que? Porque é un proxecto contaminante; supón un golpe mortal ao sector agrogandeiro de Arzúa-Ulloa, a segunda denominación de orixe máis produtiva de todo o Estado. É un proxecto que supón quitarlle a esa comarca terra agraria útil, supón máis eucalipto, supón converter o noso monte nun polvorín e ignorar o cambio climático.

Dígallo á exconselleira, a Beatriz Mato, que tamén foi conselleira de Medio Ambiente e agora é socia neste proxecto macrocontaminante, que deixaría sen medio de vida miles de persoas non só no rural, *(Aplausos.)* senón tamén na costa. Porque onde van contaminar é tamén no río Ulla, que desemboca na ría de Arousa, na que viven 4.000 familias. Vaia agora e dígalles que vostede defende o mar.

E por se isto fose pouco, por riba vostede permítese o luxo de vir aquí insultar a intelixencia da veciñanza, que está defendendo as súas casas e o seu medio de vida. Respecte, señor Rueda, a xente que non pensa coma vostede. *(Aplausos.)*

Non imos permitir que nos coen como industrialización o que é unha agresión medioambiental descomunal que consumiría cada día máis auga que toda a poboación da provincia de Lugo. E, por riba, subvencionada con 250 millóns de euros de todos e de todas. Esa é a súa gran aposta, señor Rueda: darlle 250 millóns de euros á multinacional portuguesa Altri para que coloque no corazón de Galiza unha macrocelulosa contaminante que non quere Portugal.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Sabe todo o que se podería facer con 250 millóns de euros para revitalizar o rural? Dígalles tamén aos 204.248 traballadores e traballadoras autónomos deste país que quere que Altri reciba catro veces máis axudas que todas as que lles dá a eles cada ano o seu goberno. Pense menos nas multinacionais e máis nas persoas autónomas que xeran miles de empregos neste país. *(Aplausos.)*

Industrializar Galiza, si; contaminar Galiza e hipotecar o futuro das seguintes xeracións, non, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O que necesitamos é apoiar os nosos sectores produtivos como o sector agrogandeiro e pesqueiro, que, por certo, desde que vostedes gobernan, perderon case 19.000 empregos; sectores que, se realmente os apoiasen, estarían xerando miles de postos de traballo e que son claves para manter un rural e un litoral vivos.

Galiza precisa unha economía sustentable, baseada no coñecemento, porque nós non queremos competir con baixos salarios nin esquilmando o territorio, senón a través da ciencia e da innovación, que debe de ser unha prioridade de país.

Aproveite que arranca esta nova lexislatura e rectifique, señor Rueda. Colóquese do lado da ciencia, colóquese do lado dos científicos e científicas, aumentando o investimento, e co obxectivo de que destinemos o 2,5 por cento a I+D+i do noso PIB e acabemos coa precariedade. Pode contar co noso apoio se quere percorrer ese camiño. *(Aplausos.)*

No seu discurso vimos como fixo unha mínima referencia a avanzar en autogoberno. Imaxino, señor Rueda, que non falou de autogoberno e quería meterse un pouco debaixo da mesa porque vir aquí explicar como en quince anos non conseguiron nin unha soa nova competencia...; é difícil falar dese tema.

A súa incapacidade debilita Galiza ante o Estado, e todo porque vostede prefire que decidan por nós en Madrid e porque vai ser un presidente refén de Génova. Así —xa llo adianto— non fai que Galiza se escoite.

Até o de agora quen está facendo que Galiza se escoite no Estado é o BNG. Si, si, facendo o traballo que non fan, por certo, e logrando... *(Aplausos.)* logrando descontos históricos nas peaxes, garantindo que imos recibir o mesmo trato na condonación da débeda ou cun acordo que prevé a reunión da Comisión Mixta de Transferencias.

Pídolle que deixe de poñer o interese do PP por riba de Galiza e que aproveite esta oportunidade que lle brinda o BNG para negociar as competencias pendentes, para reclamar esa redución da débeda e para facer que este país avance. Ten a miña disposición a que poidamos manter, cando vostede queira, unha reunión para unir forzas na defensa de Galiza, porque aí sempre vai poder contar co BNG. Igual que vai poder contar con nós para reclamar un sistema de financiamento que sexa xusto co noso país. Este, por certo, é un tema clave e fundamental para ao futuro, e vostede na práctica non fixo ningunha aportación. Así que permítame que lle ofreza as propostas do BNG.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós, desde a confianza que temos neste país, queremos ter aquí a chave dos nosos cartos e non en Madrid. Eu xa sei que vostede prefire que decidan desde Madrid, pero é que, mire, aínda dentro do actual modelo de financiamento, se hai ambición de país, hai unha marxe moi importante de mellora. E eu quero deixarlle propostas concretas: reclamemos a cesión do 90 por cento do IRPF e do IVE; reclame que o imposto de sociedades forme parte da cesta de tributos, porque iso, ¿sabe canto significaría? Máis de 1.700 millóns de euros cada ano nas contas públicas deste país. Ou que tributen aquí as empresas que teñen actividade aquí, como as eléctricas.

Teña confianza en Galiza e deixe atrás esa milonga de que vivimos da solidariedade de Madrid, porque os galegos e galegas vivimos do noso traballo e do noso esforzo, non da solidariedade madrileña. (*Aplausos*.)

E xa que falamos de financiamento, tamén quería referirme a que no seu discurso non podía faltar un clásico da demagoxia do PP: a baixada de impostos. Pero o que non conta é a quen lle baixan máis os impostos, que llelos baixan aos máis ricos, como fixo co agasallo fiscal de 36.000.000 de euros ás 7.700 persoas con máis patrimonio de toda Galiza, mentres por detrás suprimía a Tarxeta Básica para a compra de alimentos e medicinas. Esta é a súa política fiscal.

Non quero rematar sen referirme á súa falta de propostas en materia de igualdade: nada, salvo lugares comúns. Ese é o seu compromiso coas mulleres. Na loita contra a violencia de xénero, a gran aportación é ese anuncio de que vai recuperar un servizo que vostedes suprimiron hai quince anos. Esa é a súa aportación: quince anos perdidos.

A proposta do BNG é que hai que poñer o turbo e recuperar o tempo perdido, e hai que investir máis; por iso queremos que se invista na loita contra a violencia de xénero o 1 por cento do orzamento (131 millóns de euros) cada ano, porque, asegúrolle, as mulleres estamos fartas de ver desigualdades e violencias, e o que queremos é menos discursos e máis recursos. (*Aplausos*.)

Señor Rueda, o BNG está aquí para traballar a favor de Galiza, a favor dos galegos e das galegas, de todos e cada un, pensen como pensen, votasen o que votasen, porque ese é o noso obxectivo e a nosa razón de ser, Galiza.

Por iso, propóñolle un pacto de país en catro asuntos que consideramos prioritarios: sanidade, vivenda, modelo enerxético e rexeneración democrática.

Empezo por sanidade. A proposta do BNG é reverter os recortes que o seu goberno executou en Atención primaria e que fai que haxa listas de espera, algo que era absolutamente inédito. O que está en xogo é a saúde, por iso desde o BNG lle ofrecemos ao seu goberno un gran pacto de país en defensa da sanidade pública con catro puntos básicos:

O primeiro é blindar por lei o financiamento de Atención Primaria até situalo no 25 por cento do gasto sanitario, excluíndo o farmacéutico.

O segundo é un novo modelo de Atención Primaria, recuperando as xerencias e dotando os centros de saúde de equipos multidisciplinares, onde contemos con psicoloxía clínica, con logopedas ou con podoloxía, entre outras especialidades.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O terceiro é garantir que todos os nenos e nenas deste país teñan pediatra, vivan onde vivan.

E, por último, rematar coa precariedade laboral convocando todas as prazas vacantes no Sergas.

Acepte esta man tendida e poña por diante a saúde dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, máis alá da súa propaganda dicíndonos que vai facer en tres días o que non fixo en quince anos, a vivenda é un dos principais problemas que teñen as familias e a xente moza. Por iso, a nosa man tendida para un pacto de país a favor do acceso á vivenda.

A proposta que lle formulo é poñer en marcha un plan de compra masiva de vivenda baleira nun país que ten medio millón de inmobles baleiros, dos que 90.000 están nas cidades; un plan cun obxectivo: que é que nesta lexislatura se poñan 6.000 vivendas en alugueiro a prezo taxado. É unha cifra ambiciosa pero realizable; é unha opción máis rápida e tamén máis sustentable que a de apostar pola construción de nova vivenda.

Propoñemos, polo tanto, un cambio de paradigma que permitiría aumentar en pouco tempo o parque público de vivenda e poñelo a prezos que a maioría poida pagar. Estamos falando de algo tan importante como o dereito a unha vivenda digna, e por iso lle ofrezo un pacto de país. (*Aplausos.*)

A terceira prioridade sobre a que lle ofrecemos un gran pacto é o modelo enerxético. O obxectivo é parar o actual *boom* eólico depredador e substituílo por unha planificación a favor do país, porque o que hoxe está pasando é que as eléctricas deciden como, onde e cantos parques instalan en función do seu negocio. E creo que o obxectivo non é encher de muíños o noso país para que as eléctricas se forren, senón aproveitar todas as fontes de enerxía renovables, de maneira planificada, ordenada e en beneficio de Galiza e da maioría.

Trátase de crear unha empresa cen por cento pública de enerxía na que poidan participar os concellos, igual que teñen en países como Francia ou Italia e, por suposto, de defender unha tarifa máis barata para as familias e o tecido económico deste país, porque é de sentido común.

A proposta do BNG consiste en poñer a riqueza eléctrica ao servizo da xente, en democratizar o acceso á enerxía e en preservar a biodiversidade e o territorio. Dicímosllo: eólica si, pero ao servizo de Galiza. (*Aplausos.*)

Finalmente, tamén lle ofrecemos un pacto de país pola rexeneración democrática, empezando polos medios públicos, para que deixen de ser un aparato de intoxicación e propaganda do Partido Popular e se poñan ao servizo da cidadanía. O primeiro punto dese pacto é garantir o pluralismo, cumprir a lei e que trece anos despois se creen o Estatuto profesional e o Consello de Informativos, e que a nova dirección sexa elixida por un concurso público e non dixitalmente, como fixo o Partido Popular.

Nese pacto pola rexeneración democrática é clave tamén o respecto ao Parlamento en lugar da ocultación de información para impedir o labor da oposición. Iso é o que fan vostedes

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cando ocultan os convenios do Sergas coa sanidade privada ou cando se negan a auditar todos os contratos adxudicados durante a pandemia, a pesar das numerosas irregularidades detectadas. Se non teñen nada que esconder, señor Rueda, ¿por que o PP impide aquí a mesma investigación que quere en Madrid? ¿Por que? ¿Por que? (*Aplausos.*)

A rexeneración democrática tamén é transparencia, e hoxe temos un portal de transparencia ao que debiamos de chamar «o portal da opacidade» porque oculta miles de contratos a dedo, por exemplo os 1.311 contratos a dedo que lle adxudicaron en cinco anos á empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo.

Ofrecémoslle un pacto para que esa maneira de actuar forme parte do pasado, un pacto a favor dunha democracia da máxima calidade.

Señor Rueda, estes son os catro pactos de país que lle propoño a favor de Galiza. Espero que non os desprece, pero, en todo caso, desde o BNG imos traballar por e para os galegos e as galegas, tanto se contamos coa súa colaboración como se non, porque así é como entendemos a política: desde a defensa de ideas e poñendo no centro as persoas. A cidadanía pode ter a total seguridade de que imos facer un labor rigoroso de oposición, pero tamén de que imos funcionar como un goberno alternativo.

Ante cada crítica, propoñeremos unha solución, explicando que faría un goberno do BNG para mellorar as súas vidas. Temos un grupo parlamentario reforzado, que vén coa intención de facer política de luces longas; unha política lonxe da crispación que o Partido Popular está instalando na vida pública, enlamando o debate e con esa confrontación permanente onde a lexítima discrepancia é substituída directamente polo insulto ao adversario e por todo vale. Nunca nos atopará aí, nin a min nin ao BNG, señor Rueda.

Para defender Galiza terá sempre a man tendida do BNG. Para formar parte desa «confraría da perpetua crispación» que lle impón o señor Feijóo desde Madrid non conte con nós. (*Aplausos.*)

Pídolle...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...—remato, señor presidente— que non desprece a nosa man tendida; por unha vez, escoite, dialogue, teza acordos e busque tamén escoitar a quen non pensa coma vostede. Demostre que realmente está disposto a facer política con maiúsculas, porque ata o de agora o único que nos demostrou é que, canto mellor lle vai ao Partido Popular, peor lle vai a Galiza.

Desde o BNG —e remato, presidente—, co apoio que nos deron miles de galegos e galegas, imos traballar con enerxía e con entusiasmo para defender a sanidade pública, un ensino de calidade, unha vellez tranquila e oportunidades para a xente moza. Seremos a voz que defenderá mil primaveras máis para a nosa lingua, o autogoberno, os dereitos LGTBI, o feminismo e unha cultura que nos fai libres e felices.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Imos traballar por e para os galegos e as galegas, para mellorar as súas vidas, para poñer en marcha unha Galiza con máis oportunidades, capaz de afrontar os retos que xa están aquí. E imos facelo sen escatimar esforzos, con humildade, pero tamén coa máxima ambición de país, co orgullo do que somos: un gran país de xente honesta e traballadora que quere unha Galiza con futuro na que cumprir os seus soños. Esa é a Galiza que tamén queremos desde o BNG e pola que traballamos con máis forza e esperanza.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E remato, señor Rueda...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Perdoe, trinta segundos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Remato, señor Rueda, desexándolle acertos como presidente. Son evidentes as nosas discrepancias políticas, pero é evidente que os seus acertos redundarán no beneficio de Galiza, e o BNG sempre quere o mellor para este país e para os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados*.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Bueno, dá gusto empezar así. Grazas por esta calorosa benvida.

Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías. Bo día, invitados que hoxe nos acompañan.

Escoitando as intervencións das persoas que me antecederon no uso da palabra, resulta case imposible non sucumbir á tentación de comezar esta intervención rememorando a famosa frase atribuída a frei Luis de León: «Como diciamos onte...». Seguro que vostedes coñecen a anécdota que a contextualiza. Despois de sufrir un proceso inquisitorial que o mantivo inxustamente encarcerado durante cinco longos anos de penurias, o ilustre profesor, exonerado xa de toda a responsabilidade, reincorporábase á súa aula e retomaba a súa lección con estoica normalidade: «Como diciamos onte...». Aquela elegante elipse temporal amosaba a enteireza dun espírito libre, capaz de sobrepoñerse ás adversidades causadas polas pequenas ou grandes envexas e mesquindades dos seus rivais, para retomar o seu frutífero labor como se nada tivese acontecido. O candidato Rueda debe estar experimentando estes días unha sensación moi similar.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Semella que este pleno de investidura fose continuación inmediata do último pleno ordinario que celebramos na pasada lexislatura, aquel no que aprobamos o orzamento autonómico para 2024. Pois ben, escoitando os voceiros dos grupos minoritarios, parecerá que entre aquel pleno de decembro e o que agora estamos celebrando nada tivese acontecido, polo menos nada que tivese certa relevancia para este Parlamento: o mesmo ton, as mesmas críticas, os mesmos asuntos, a mesma demagoxia... Pero, señorías, por comprensible que sexa que o candidato Rueda poida sucumbir á tentación de imitar a frei Luis e continuar o seu labor de goberno, ignorando tediosos e demagóxicos mantras da oposición, creo, sinceramente, que debemos resistirnos, por saúde democrática, porque a continuidade nese discurso cenizo, gris, pontoniano que acaba de retomar a oposición, como se nada tivese acontecido neste tempo, non é máis que un intento desesperado por pasar páxina para soslallar acontecementos que, sen dúbida, son moi relevantes para o devir desta Cámara e para o futuro de Galicia. ¡Non, señoría, non! Non podemos actuar como se nada tivese acontecido porque, entre aquel último pleno de lexislatura e esta sesión, os galegos foron chamados ás urnas. Non semella, esta, unha cuestión menor.

Hoxe voltamos escoitar neste Parlamento como se falaba de modelo caduco, de atender a maioría social, da necesidade de cambios radicais na orientación da política galega, como se o 18 de febreiro non tivese existido; como se non fose máis que un vago recordo dun lonxano e trivial acontecemento. ¡Pois non, señorías!, o 18 de febreiro foi unha data de enorme relevancia, isto é, o día en que as galegas e os galegos fomos convocados ás urnas; o día en que os galegos decidiron cal é o modelo de país que desexan; o día en que decidiron cal é a maioría social do país; e —¡como non!— o día en que decidiron quen debe liderar a Galicia dos próximos catro anos. E non deixaron dúbida sobre a súa decisión: *(Aplausos.)* Alfonso Rueda Valenzuela. *(Aplausos.)*

Calquera pensaría que esta é unha realidade evidente que todos deberiamos ter asumido, pero o certo é que o que levamos escoitado nas últimas semanas, e tamén hoxe nesta sesión, parece indicar o contrario; por iso resultan necesarias certas aclaracións. Non, señorías, non estamos hoxe aquí para contrastar modelos; non é hoxe o día de expoñer o proxecto alternativo que cada quen prefira. A data de exame xa pasou. Os nosos proxectos —os de todos— xa foron avaliados. O pobo galego xa puxo nota a cada un, e, como en calquera sistema democrático, o seu veredicto é inapelable. Creo que chegou o momento de asumir o lugar en que os galegos nos colocaron e tamén de amosar un certo respecto polas decisións que os cidadáns tomaron; un respecto que se entenda como algo máis que a expresión das habituais fórmulas de cortesía empregadas nesta sesión, por certo, de forma tan breve como baleira de sinceridade, polo menos, na maioría dos casos. Para calquera que se dedica á actividade política non debería existir maior motivación que a de resultar útil ao seu pobo; e tal utilidade non é posible se non aceptamos a realidade en que nos situaron os galegos e se non superamos os sen sabores que nos causase a súa decisión, sen dramatismos, sen innecesarios haraquiris, isto é, simplemente analizando os datos con aquela ponderación que aconsellaba Serrat cando cantaba aquilo de: «Se en cada alegría dorme unha amargura, todo infortunio esconde algunha vantaxe.»

Alegría comprensible é a que debeu sentir esa noite o representante de Democracia Ourensana ao saber que, por primeira vez, tería presencia neste Parlamento. Eu quero

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aproveitar para felicitar o señor Ojea polo resultado e para darlle a benvida, pero, do mesmo xeito que lle recoñezo os motivos de alegría, deberá recoñecerme, aínda que sexa con certa amargura, que nin ten a chave do Goberno deste país, como pretendía, nin podemos asumir que a súa sexa a voz cualificada de Ourense nesta Cámara, entre outras razóns, porque estariamos faltando ao respecto a unha gran maioría de ourensáns que, co seu voto, decidiron que, por un representante de Democracia Ourensana houbese oito representantes do PP de Ourense *(Aplausos.)* —que tamén leva o nome de Ourense— neste hemiciclo. *(Aplausos.)* Un fronte a oito, señoría. Polo tanto, eu agardo que poidamos dialogar para seguir mellorando os servizos que reciben os ourensáns, dende o respecto mutuo ás nosas respectivas representacións, antepoñendo o sentido común ao localismo irracional e sen perder a perspectiva de que os 75 deputados elixidos nos debemos por igual ao conxunto dos galegos.

Creo non incorrer en ningún exceso se cualifico de infortunio o resultado do PSdeG. Penso que o PSdeG, máis que ninguén, necesita facer unha reflexión profunda sobre os plantexamentos que o levaron á súa actual situación e sobre a folla de ruta que debe trazar para voltar ser unha forza política relevante e un instrumento útil para os galegos. A vantaxe que esconde o seu infortunio —que tamén a hai— é que teñen unha oportunidade en forma de congreso —aínda que sexa de congreso á búlgara—, no cal facer esa reflexión e tomar as decisións adecuadas.

En todo caso —en todo caso, ¿eh?—, parece evidente que nin os exercicios de sucursalismo nin o seguidismo das estratexias nacionalistas sexan receitas axeitadas para acadar o favor dos galegos —ao menos, parece evidente para todos os que non somos socialistas— porque os últimos posicionamentos do seu grupo parlamentario, señor Besteiro, afondan nunha estratexia case suicida, na cal o obxectivo principal non é sumar apoio para as súas teses, senón fortalecer calquera que teña unha mínima posibilidade de desaloxar o Partido Popular do Goberno, de calquera goberno. A súa estratexia de transfusión de votos para o BNG chegou ao punto de poñer o CIS do señor Tezanos ao servizo dos intereses da señora Pontón, alentando unha posibilidade de cambio totalmente irreal. É tal a súa desesperación que están dispostos a dar ata a última gota de sangue para prexudicar as posibilidades electorais do Partido Popular de Galicia. As consecuencias —creo— son máis que evidentes: a hemorraxia causou unha alarmante anemia no doador e o receptor nin conseguiu o obxectivo nin lles recoñece o esforzo polo voto prestado.

Afirmaba Winston Churchill que un apaciguador «é alguén que alimenta o crocodilo, agardando que coma o outro antes que a el». Señor Besteiro, eu non sei cantas amputacións deberán sufrir os socialistas antes de entender que o independentismo, ademais de insaciable, non fai distincións na dieta. *(Aplausos.)* Eu agardo que reflexionen e que a partir da súa reflexión sexamos quen de alcanzar acordos en beneficio dos galegos. *(Aplausos.)* Agora si que lle digo, ¡¿eh?! eu non vexo que o PP estea verde; igual é que algún caeu de maduro. En todo caso, para ese diálogo, penso que recorrer contra a Lei do litoral, sen diálogo previo, non parece o mellor dos antecedentes.

Pero, señorías, cando falamos das amarguras que dormen en cada alegría, non hai ningún exemplo mellor que o da señora Pontón e o do BNG. O crecemento da súa representación

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parlamentaria resulta tan evidente como o estrepitoso fracaso das súas expectativas electorais porque, señorías, o nacionalismo galego leva meses inflando un globo que o 18 de febreiro estalou nos seus narices ou, se o prefiren en retórica nacionalista: o 18 de febreiro foi a burbulla do BNG-BUM. *(Murmurios.)* Agocharon o programa, agocharon o soberanismo, agocharon o radicalismo e fiárono todo ao agora: «Agora, BNG», «Agora, Pontón», «Agora, presidenta». Agora... ou nunca.

Vostede sabíao, señora Pontón. E esa ansiedade levouna a incorrer no pecado —probablemente o único— que xamais perdoan os galegos: a soberbia. Soberbia que a levou a menosprezar un candidato ao cal vostede faltou durante meses ao respecto, negoulle lexitimidade e incluso cuestionou a súa honorabilidade persoal. Soberbia —¡soberbia!— cando se arroga a representación da maioría social de Galicia, ignorando que os galegos lles negaron a representación nas tres ocasións en que foi candidata, porque esa é a realidade do marcador, señoría: Pontón, tres eleccións e tres derrotas; Rueda, primeira elección e primeira vitoria. *(Aplausos.)* ¡Soberbia, moita soberbia, señoría!, autoproclamándose vostede *(O señor Pazos Couñago mostra un cartel electoral coa imaxe da señora Pontón Mondelo.)* presidenta *(Aplausos.)* en plena praza do Obradoiro, usando de traseira unha catedral, na cal se negan a entrar, e ignorando que só os galegos teñen a potestade de nomear presidentes. *(Aplausos.)* Señora Pontón: nin conta vostede co respaldo desta Cámara nin conta vostede co respaldo dos galegos. *(Aplausos.)* Eu lamento darlle unha noticia señoría: vostede mellor que ninguén sabe que este era o seu último tren; e, unha vez máis, os galegos decidiron deixala no andén da oposición. Señora Pontón, fin de traxecto. *(Murmurios.)*

E, por suposto, nin podo nin quero esquecerme das alegrías do meu partido porque resulta evidente que ninguén tivo maior motivo de alegría o 18 de febreiro que esta organización, que esta candidatura, e, por suposto, que este candidato. Fronte aos negros e, como case sempre, errados agoiros da oposición, a realidade foi realmente satisfactoria. Nas eleccións autonómicas con maior participación da historia, tivemos 84.000 votos máis, corenta escanos e unha quinta maioría absoluta —eu teño que sinalalo—, por certo, sendo, ademais, a forza con maior apoio entre as mulleres e os mozos. Dígoo por desmontar definitivamente algúns tópicos. O certo é que con este resultado non é sinxelo atopar motivos que empañen a nosa alegría, pero somos conscientes de que non hai rosas sen espiñas; así que, ¿cal será o motivo da nosa amargura, presidente? Pois eu creo que dá igual cal sexa o obxectivo e dá igual o exitoso que sexa o resultado. Tras cada nova vitoria seguimos condenados, sen remedio, a escoitar a mesma letanía dunha oposición absolutamente impermeable ás mensaxes da sociedade galega. Esta é a nosa pequena cruz, pero penso que levadeira, señorías. En todo caso, como di o saber popular: «Perdoamos o mal que nos fai polo ben que nos sabe». *(Aplausos.)*

Señorías, superado o 18 de febreiro e as súas consecuencias máis evidentes, chegou o momento de ocuparnos do realmente importante: o futuro das galegas e dos galegos. O pasado martes tivemos ocasión de escoitar a exposición do candidato desta investidura. Unha intervención na cal o futuro presidente debullou os obxectivos de goberno dos próximos catro anos, detallou cales son os primeiros pasos e medidas que pretende implementar e na cal tamén nos adiantou o modelo de goberno que pretende, tanto no que fai referencia á súa estrutura como no que se refire ao talante que pretende insuflar o seu executivo.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estou seguro de que os plantexamentos do candidato Rueda —absolutamente respaldados e compartidos polos corenta deputados do Partido Popular de Galicia— non espertan o mesmo entusiasmo entre as bancadas da oposición, como resulta absolutamente lóxico é lexítimo. Nembargantes, creo que todos vostedes recoñecerán que son absolutamente coherentes coa traxectoria do candidato e co programa de país co que concorreu ás pasadas eleccións, e da conciliación ou non desas dúas obviedades dependerá o clima co que afrontemos esta incipiente lexislatura.

Señorías, nós non aspiramos a que vostedes renuncien aos seus ideais nin aos seus plantexamentos políticos; todo o contrario. Asumimos a discrepancia como un elemento consubstancial a todo o sistema democrático e como unha consecuencia natural da pluralidade política. Nembargantes, para o correcto funcionamento das institucións, e nomeadamente desta Cámara, resulta imprescindible que todos fagamos un esforzo por non confundir coherencia con intransixencia e por entender que a firmeza dos principios debe ser compatible coa necesaria flexibilidade para alcanzar acordos.

Willy Brandt, un referente europeo da socialdemocracia, sinalaba, cando xuraba o seu cargo, que os representantes públicos non somos escollidos por deuses, senón elixidos por cidadáns, e, polo tanto, temos a obriga de buscar o diálogo con todos aqueles que poñen esforzo en construír a democracia. Penso que este afortunado recordatorio establece unha obriga obvia: a de traballar denodadamente polo acordo como elemento vertebrador da democracia, pero teño o convencemento de que tamén encerra unha segunda lectura, acaso menos evidente pero —creo— igualmente certa, sobre cales deben ser as bases e os límites dese diálogo, que sen dúbida están determinados polo mandato dos cidadáns, polo resultado das urnas.

O candidato Alfonso Rueda concorreu ás eleccións cun programa claro, concreto e detallado, que se esforzou en detallar aos cidadáns durante toda a campaña electoral; un programa que foi presentado aos galegos como contrato do candidato con Galicia. Foi este programa; este foi o contrato *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* que se fixo acredor do apoio maioritario dos galegos nas urnas. *(Aplausos.)* Polo tanto, señorías, este é o proxecto que debe servir de marco para o diálogo *(Aplausos.)* e de base para o acordo. Dende hoxe tendemos a man para estudar con atención cada achega que se nos faga, co afán de mellorar, de enriquecer e de perfeccionar *(O señor Pazos Couñago volve mostrar o mesmo documento.)* estes 870 compromisos que adquirimos cos cidadáns.

Pero pedirnos, como acaban de facer, que renunciemos aos obxectivos, aos compromisos e ás medidas que este contrato contén, é tanto como pedirnos que traizoemos a confianza dos galegos, e iso, simplemente, non vai acontecer. Imos ser escrupulosamente fieis ao compromiso que adquirimos con Galicia, sen que iso implique renunciar a incorporar novas sensibilidades que permitan que máis galegos se sintan representados nese proxecto que desexamos que sexa común. E ese —exactamente ese— foi o compromiso que Alfonso Rueda renovou, unha vez máis, no seu discurso do pasado martes: relegar, unha vez máis, o seu papel de candidato da maioría para voltar ser o presidente de todos os galegos. *(Aplausos.)* Un presidente, por certo, que estableceu con claridade cales van ser os eixos fundamentais da súa acción de goberno: a defensa dos intereses de Galicia, o progreso económico do país

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e a mellora dos servizos públicos. Sen dúbida, son tres ámbitos nos cales sería desexable alcanzar certos consensos básicos, aínda que a actitude da oposición neste arranque de lexislatura non nos permita ser demasiado optimistas ao respecto.

A mestura de mal perder e de incoherencia que levan amosando nestas semanas, señorías, non só dificultou que atopásemos novos puntos de encontro; é que, ademais, levou á ruptura dalgúns consensos que alcanzaramos na pasada lexislatura. Unha cousa é que o presidente renunciase aos cen días de cortesía parlamentaria —que con toda a probabilidade non llos ían conceder; tamén é certo— e outra moi distinta é a salvaxe crítica que está a recibir antes incluso de tomar posesión e de nomear o Goberno.

Señorías, eu podo entender a frustración que experimentaron despois de todas as ilusións que se fixeron, pero deberían recordar certas lecciónns que todos aprendemos xa durante a nosa infancia, porque, se non fose así, permítanme que lles faga un regalo que —penso— lles será moi útil: un precioso relato infantil titulado *O conto da leiteira*. *(O señor Pazos Couñago mostra a cuberta do libro mencionado.)* Fala dunha leiteira que soñaba facer fortuna coa venda dun cántaro de leite: «Co que gañe mercarei unha galiña —pensaba ela—, a galiña darame ovos, os ovos daranme novas ganancias e así irei facendo unha fortuna»; pero ensimesmada nos seus soños, tropezou e derramou o leite. E, como toda fábula, remata tamén esta cunha moralexa que, na súa versión moderna e actualizada, ben podería ser que tanto soñaron con que nos ían pontonizar que non viron o pontonazo que podían levar. *(Aplausos.)* Señorías, eu creo que xa hai semanas que tropezaron coa realidade. Deixen de chorar polo leite derramado e céntrense en facer algo útil polos galegos.

O pasado martes escoitamos o candidato facer unha declaración de intencións contundente e nítida. Cito: «Porei todo da miña parte para que a vida pública galega siga sendo exemplo de cordialidade; iso foi o que votaron as galegas e os galegos nestas eleccións autonómicas: facer Galicia ao xeito de Galicia». Señor Rueda, nós non temos motivos para dubidar dese compromiso. Creo, sinceramente, que a súa oferta de diálogo está avalada pola súa traxectoria política. E tampouco teño ningunha dúbida sobre a vontade dos galegos de fuxir de extremismos e de intransixencia; levan cinco consultas electorais consecutivas apostando maioritariamente por unha formación política que fixo da moderación a súa bandeira política. Pero a pesar desas certezas non podemos ser optimistas respecto do clima político en que se vai desenvolver esta lexislatura. Créame se lle digo que esa desconfianza nin nace do prexuízo nin sequera da experiencia acumulada nos últimos anos; é unha sensación baseada nos acontecementos e nas actitudes que observamos nas escasas semanas que pasaron dende a xornada electoral, porque, neste breve espazo de tempo, ocasións para o diálogo non faltaron, pero a vontade de acordo brillou pola súa ausencia.

En cada un dos tres eixos de goberno que o candidato Rueda aludiu no seu discurso, xurdiron situacións que aconsellaban unir forzas máis aló das siglas. Miren, na defensa dos intereses de Galicia ante o anuncio do Goberno do Estado, que renunciaba a presentar orzamentos causando un grave prexuízo á Administración local, ao conxunto das comunidades autónomas e, nomeadamente a Galicia. Esa renuncia, provocada pola debilidade do Goberno de Sánchez e pola súa dependencia do independentismo, causou unha importante merma nos recursos económicos que nos corresponden aos galegos. ¿E que fixo a oposición?

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Poñerse do lado do Goberno para reclamar o que nos pertence? ¡Pois claro que non! Miren, a señora Pontón dedicou os seus esforzos a convencernos de que non pasaba nada e de que os compromisos que o señor Sánchez non cumpriu co BNG durante catro anos, con orzamento en vigor, se ían cumprir por arte de maxia este ano ¡sen orzamento! E, como se non bastase con esta tomadura de pelo, o señor Besteiro subiu a aposta, pedíndonos apoio para un orzamento que non existe —¡brillante, señoría!—. *(Aplausos.)* ¡E iso si, iso si!, mentres din estas cousas calan sobre o posible déficit de 725 millóns de euros nas arcas galegas, causado pola irresponsabilidade do señor Sánchez e, ao tempo, exixen ao señor Rueda —ofrecéronlle incluso— un pacto ¡para blindar os servizos públicos! ¡Eu, de verdade!, é que hai cousas que nunca deixan de sorprenderme. Eu pediría, señorías, que deixasen vostedes de comportarse como unha sucursal de Ferraz e, talvez, empezariamos a tomar as súas propostas en serio.

No ámbito da economía, a situación é aínda máis descorazonadora. O futuro presidente ofreceulles un pacto en materia de política industrial, pero vostedes non só fixeron oídos, xordos, senón que racharon o pacto que alcanzamos na lexislatura anterior. Cito: «Somos os primeiros en alegrarnos de calquera proxecto que cumpra toda a lexislación, que se instale na Mariña ou en calquera parte do país e que traia esa expectación de tantos postos de traballo directo». Non son as verbas de ningún representante do Partido Popular, señora Pontón; son as verbas literais do representante do BNG que interveu nesta Cámara o día en que, por unanimidade, decidimos apoiar e solicitar os fondos Next Generation para o proxecto de Altri. *(Murmurios.)*

Señorías, as premisas seguen sendo exactamente as mesmas: estrito cumprimento da lexislación e totais garantías medioambientais, como exixencia previa ao desenvolvemento do proxecto. *(Aplausos.)* ¿Por que o que hai un ano era óptimo, hoxe nin sequera merece ser estudado? Haberá quen pense que ese cambio de actitude está motivado polo remate das eleccións; *(Murmurios.)* incluso algún mal pensado podería pensar que ten que ver coa imposibilidade da señora Pontón de alcanzar o Goberno que tanto ansiaba. Para ser sincero, eu penso que ese cambio de opinión, que diría o clásico, ten moito máis que ver coa finalización do Entroido. A señora Pontón quitou a máscara da moderación e voltou vestirse co uniforme favorito do BNG, isto e, o traxe do «non».

Señorías, ¡si!!, volta o BNG de sempre, o das esencias, o que recibiu un tirón de orellas da vella garda da UPG, que gusta dos resultados, pero non de como se conseguiron. E por iso lles dixeron algo que a vostedes seguro que lles soa familiar: «Votos, si, pero non así». *(Risos.)* Volta o BNG que gritaba en San Cibrao: «Alcoa non se abre», para despois, uns anos máis tarde, gritar: «Alcoa non se pecha»; *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* ¡volta o BNG que boicoteaba a construción da AP-9! *(Aplausos.)* ¿Acórdanse? *(Aplausos.)* Vexo que hai deputados novos que por idade non se acordan. Era o mesmo BNG que boicoteaba a construción da AP-9, a navallada a Galicia, e que, anos despois, exixe unha AP-9 galega gratuíta. Volta o BNG que tenta paralizar calquera iniciativa eólica, pero que exixe que se manteña todo o emprego eólico. Non é unha caricatura, señorías; é o retrato fiel da súa historia. Ninguén describiu mellor a política industrial do BNG que don Antonio Machado: «*Ni contigo ni sin ti tienen mis males remedios; contigo porque me matas y sin ti porque me muero*». É que todo lle cae mal. Señora Pontón, leva vostede vinte

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anos exercendo como a Van Gaal da política galega: «Sempre negativo, nunca positivo». Exixen información, pero boicotean as reunións que convoca a empresa para informar; queren datos, pero os seus alcaldes néganse a visitar as instalacións de Altri en Portugal cando son invitados a coñecelas.

A Xunta está a realizar unha avaliación dun proxecto industrial dunha enorme complexidade, un expediente que vai precisar meses de tramitación, o traballo dun número inxente de profesionais independentes e de varias ducias de informes técnicos. E o BNG, cando aínda non se emitiu nin un só deses informes, xa foi capaz de concluír que estamos ante unha bomba ambiental —¡como lles gustan as etiquetas!— que vai converter o Ulla no Amazonas e o corazón mesmo de Galicia nun ecosistema tropical. ¡E vostedes falan de respectar os veciños! Pero ¡¿que é broma está, señoría?!; ¡¿que broma é esta?! *(Aplausos.)* Mire, resulta absolutamente vergoñento que, despois do clamoroso ridículo que fixeron con aquela marea branca de *pellets*, *(Murmurios.)* da cal non voltaron falar despois das eleccións, *(Murmurios.)* veñan agora repetir a estratexia cun proxecto que pode revitalizar unha comarca e estender o seu impacto positivo a toda a provincia e ao conxunto de Galicia. Un mínimo de rigor, señorías, é o único que pedimos.

E, por certo, non quero esquecerme da terceira pata daquel consenso parlamentario sobre a importancia de Altri. O Partido Socialista de Galicia; un Partido Socialista que non só apostaba con entusiasmo pola implantación deste proxecto en Lugo, senón que aseguraba ser o garante da súa financiación con fondos europeos. Aquel entusiasmo de onte transformouse agora nunha calculada e irresponsable —se mo permiten— ambigüidade. E creo que chegou o momento de que o líder in péctore do socialismo galego nos aclare cal vai ser o seu posicionamento. Señor Besteiro, interpéloo a vostede directamente e pídolle resposta nesta sesión: ¿está vostede co ministro Hereu que asegura o financiamento comprometido para o proxecto de Altri en Palas de Rei, se supera a correspondente avaliación técnica e ambiental, ou vai sumarse a esa nova proposta do señor Tomé que exixe para Lugo un plan industrial sen industrias? Eu pídolle explicitamente que aclare hoxe neste pleno cal é a postura do seu partido. Galicia merece certezas, e xa rematou o tempo de soprar e sorber ao tempo. Nós, pola nosa banda, seremos clarísimos: máxima confianza no traballo dos técnicos, máximas exixencias ambientais e legais e a aposta decidida por crear emprego industrial de calidade na provincia de Lugo e en toda Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a nosa proposta. *(Aplausos.)*

Señorías, nós si temos unha proposta clara en materia de desenvolvemento industrial fronte á súa ridícula alternativa —permítamo—. Queren enerxía eólica pero sen muíños, do mesmo xeito que lles encantaría e apoiarían a eólica mariña, sempre que estivese fóra do mar; a enerxía solar pareceríalles fantástica, pero sempre que non implicase instalar placas; e, por suposto, apoiarían a hidroeléctrica, se non fose polo engorro dos embalses. E, despois desta traxectoria de disparates, chegamos ao momento actual en que apostan pola fabricación de fibra téxtil vexetal, pero sen producir materia prima. *(Murmurios.)* ¿Que será o seguinte, señoría, unha fábrica de ovos sen galiñas? A verdade é que vostedes son cada día máis orixinais. *(Aplausos.)* ¡É sorprendente! *(Aplausos.)*

Miren, señorías, o que non se pode é prometer en campaña un incremento exponencial e sen precedentes da produción industrial galega e despois vetar calquera iniciativa de

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

investimento neste país. Basta xa de demagoxia, señora Pontón, e pídollo hoxe formalmente: ¡deixe de boicotear Galicia!; ¡pídollo de verdade! *(Aplausos.)*

Se en materia industrial o acordo semella imposible, non temos mellores perspectivas no ámbito dos servizos públicos. Recentemente, o presidente Rueda anunciou a posta en marcha inmediata de dúas residencias públicas de maiores financiadas pola Fundación Amancio Ortega, a que non nos cansaremos de dar publicamente as grazas en nome —estou seguro— da inmensa maioría dos galegos. A resposta da oposición foi criticar o modelo de xestión desas residencias a pesar de que é o mesmo polo cal apostaron alá onde teñen vostedes a responsabilidade de xestionalas. Señorías, o cen por cento das residencias da Deputación de Lugo —desa Rede pública de residencias que citou o señor Besteiro—, unha deputación que está gobernada polo PSOE e BNG, foi licitada sen concurso público e adxudicada á súa xestión a empresas ou fundacións —o cen por cento—. Non me refiro á xestión dos servizos accesorios, señoría —¡non, non, non, non!—, senón ao coidado persoal dos maiores residentes. *(Murmurios.)* Adxudicada a... *(O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu prégolle que na súa primeira intervención aquí, señor Besteiro, non negue o obvio e evidente porque os concursos públicos... Se quere, dígolle cales foron os últimos adxudicatarios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, o representante da empresa é o candidato de Vox en Ourense. Dígollo porque vostedes desconfían tanto dese partido *(Murmurios.)* para exercer calquera tipo de —¡si!— xestión. *(Murmurios.)* Incluso, señorías, o señor Besteiro prometeu durante a campaña que, se gañaba e tiña opcións de gobernar —que afortunadamente non pasou—, ese sería o modelo autonómico de residencias. Pois para socialistas e nacionalistas, o que na Deputación lucense é digno de aplauso, na Xunta de Galicia merece críticas ao berro de «¡Privatización!». ¡Privatización!

Señorías, ao inicio da súa intervención o candidato Rueda ofreceu unha serie de datos que acreditan, máis alá de calquera dúbida, o avance incuestionable que Galicia experimentou grazas ao sistema autonómico consagrado na Constitución e recollido no noso Estatuto —ese que tan pouco lles gusta a algúns—. Un crecemento histórico, social e cultural sen precedentes na nosa historia; un crecemento que debemos celebrar como un logro colectivo, pero que —creo— non se pode entender sen o impulso dun partido —o meu— que gobernou 34 dos case 42 anos de autogoberno.

Hoxe Galicia desfruta de servizos públicos homologables aos de calquera país europeo; e, evidentemente, tamén son homologables as dificultades que sufrimos neses servizos, como calquera país europeo. Hoxe Galicia desfruta dunha sanidade excelente, duns servizos sociais de primeira e dunha educación que vive o seu mellor momento desde que temos rexistros. Esa, señorías —¡esa!—, é a Galicia real que fomos construíndo os galegos, namentres vostedes adicaban o seu tempo a pintar un retrato negro do noso país; un retrato negro que volveron reiterar hoxe. Volveron pintar hoxe ese retrato negro de Galicia no que a inmensa maioría dos galegos non nos sentimos representados.

Eu pídolles un exercicio de reflexión. Non pode ser que o partido que liderou ese cambio histórico estea permanentemente equivocado, do mesmo xeito que non é posible que quen leva dezasete anos consecutivos na oposición represente o sentir maioritario dos galegos. Simplemente, non pode ser.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, durante a campaña electoral insistimos moito na necesidade de preservar a Galicia como illa de estabilidade; un espazo social e político alonxado do conflito e da crispación que se está alimentando noutros territorios. E por iso debo lamentar os intentos que se produciron nas últimas semanas por importar esa conflitividade. Unha crítica disparatada que comezou apenas finalizado o reconto nas urnas. Abriu o fogo, como case sempre, a señora Pontón, ameazándonos nada máis e nada menos que con acudir aos tribunais porque non lle gustou a nosa campaña; aínda que eu creo que o que non lle gustou foi o seu resultado.

Debo dicirlle, señoría, que demostrou ser vostede unha pésima xogadora de escondite. Agochou canto puido o seu programa electoral, agochou aos galegos os seus socios de candidatura europea, agocha todo o que pode e incluso excluíu os seus nomes da papeleta e os logos, ¿verdade? E, non contenta con isto, enfádase co adversario cando sacamos á luz o que vostede quere que permaneza oculto á maioría dos galegos. Moito se enfadou cando o señor Rueda, durante o debate, lle recordou a súa aposta polo monolingüismo no ensino, pese a que está no seu programa. Moléstalle moito que falemos da súa aposta pola autodeterminación, pero son vostedes os que a incluíron no programa. Do mesmo xeito que incluíron un concerto económico ruinoso para Galicia, a expulsión do noso territorio da Policía Nacional e da Garda Civil ou a exclusión de Galicia do ámbito decisorio do Tribunal Constitucional. Incluírono no programa, pero excluírono da campaña, porque entorpecía a imaxe de falsa moderación que pretendían trasladar aos galegos.

Señora Pontón, vostedes, que levan anos actuando como a laicísima Inquisición, acusando o Partido Popular de ser cómplice dunha delirante conspiración contra os intereses de Galicia e dos galegos, vostedes, que cualificaron de panda de psicópatas o Goberno galego, o lexítimo Goberno galego, veñen agora facerse os ofendidiños simplemente porque contamos aos galegos unha realidade obxectiva: o seu programa electoral e as súas alianzas.

Así que, señoría, se quere amosar unha mínima coherencia, ten vostede dúas opcións: ou modera o talante ou terá que aplicarse aquilo que nos recordaba un compañeiro seu, o señor Aymerich, o día da súa despedida nesta casa. Dicía Aymerich: «Para ter a lingua aguda hai que ter a costela dura». E vostede gusta moito de afiar a lingua, pero é propietaria dunha mandíbula de cristal. Por certo, aínda non recibimos ningunha citación do xulgado. Non sei se porque xa lle pasou a rabieta e reflexionou ou porque lle leva máis tempo redactar unha denuncia que completar o estudo medioambiental de Altri.

En fin, seguindo coa rabietas, non é menos lamentable o intento de ensuciar o bo facer do Goberno galego durante a pandemia, solicitando explicacións sobre procedementos de adxudicación que xa foron avaliados.

Cómpre recordar que a auditoría que algúns reivindican xa foi solicitada por este Parlamento ao Consello de Contas, atendendo, por certo, a unha proposta do BNG que foi apoiada polo noso grupo. O Consello de Contas informou, os resultados son públicos e determinan que, máis alá de aspectos formais, penso que comprensibles nunha situación de pandemia sanitaria mundial, o proceder da Xunta foi impecable. Pretender espallar sospeitas sobre o que xa foi avaliado para desviar a atención daqueles que si están sendo obxecto de investigación xudicial é, simplemente, lamentable.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, en Galicia non atoparán nin Delcys nin Koldos, pero, se queren satisfacer as súas ansias investigadoras, poden centrarse nalgún dos concellos nos que gobernan, que, traballo non lles vai faltar.

Señorías, sinceramente, penso que ese non é o camiño. Creo sinceramente que os galegos poden aspirar a algo mellor e, dende logo, estou convencido de que os galegos merecen algo mellor. Creo que merecemos un debate político que se centre en atender as necesidades reais dos cidadáns, e non que perdamos o tempo en cuestións que, fóra destes muros, non espertan o máis mínimo interese. Creo que merecemos un debate político centrado na mellora realista da nosa sanidade, na mellora da atención aos maiores e dependentes, na procura da excelencia na educación dos nosos fillos. Creo que merecemos un debate sereno sobre como debemos desenvolver o enorme potencial que temos como país e sobre cal vai ser o futuro dese proxecto común chamado Galicia.

Somos conscientes de que a maioría dos galegos que nos deron a súa confianza non o fixeron porque pensen que vivimos nunha Galicia ideal, senón porque identifican o proxecto de Alfonso Rueda como o mellor instrumento para alcanzar esa Galicia que todos soñamos.

Candidato Rueda, xa case presidente Rueda, ten vostede un arduo labor por diante e seguro que non faltarán obstáculos e dificultades, pero sabemos que esa mochila que habitualmente o acompaña está chea de ilusión, de ganas e de vocación de servizo.

Hai poucas horas prometeu seguir sendo un humilde camiñante ao carón do noso pobo; non podería vostede ter escollido mellor compañía. Ese pobo foi o que o elixiu presidente, e hoxe, con gran orgullo, os deputados e deputadas do Grupo Popular imos votar obedecendo o mandato de Galicia.

¡Parabéns, presidente! ¡Parabéns, presidente! *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e sete minutos da tarde e retómase ás catro e cinco minutos.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** *(Continuación.)*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Corresponde agora a quenda de contestación do candidato, e para iso ten a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta, don Alfonso Rueda Valenzuela.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes. Un saúdo a toda a tribuna de invitados, numerosa. Agradézolles moitísimo que estean aquí hoxe nunha sesión que creo que todos consideramos especialmente importante. Un saúdo especial á miña familia, que teño de fronte, ademais. Moitísimas grazas a todos.

Vou intentar responder. Escoitei, por suposto, con moitísima atención as intervencións da mañá dos representantes de todos os grupos parlamentarios e vou intentar responderlles ao que plantexaron. É certo que sen entrar en detalles moi grandes, por varias razóns: primeira, porque era a contestación ao meu discurso do martes, ao meu discurso de compromisos para esta lexislatura, e, polo tanto, o que veño facer aquí é reafirmarme no que dixen naquel día, que non era, nin máis nin menos, que aquilo ao que me comprometín cando pedín a confianza dos galegos e as galegas o 18 de febreiro.

Polo tanto, as eleccións —aínda que, polo que escoitei esta mañá, algúns ou algunhas non entenderon— xa pasaron. E, polo tanto, o que dende logo me toca a min, e o que lle toca ao Goberno que designe para empezar a traballar a partir do luns, deixar de estar en funcións e traballar xa cun nomeamento pleno, e, dende logo, ao grupo parlamentario que vai apoiar o Goberno, é cumprir aquilo ao que nos comprometemos.

E, ademais, é que non creo que sexa esta a ocasión para ir debullando cada un dos datos. Xa digo que o que toca é cumprir. E, ademais, hai outra cousa fundamental —teño que dicilo—: haberá ocasión, a lexislatura dura catro anos, teremos moitas ocasións de confrontar, e creo que non leva a nada agora empezar a responder, o que teño que dicir que é unha práctica habitual, porque algunhas das persoas que hoxe falaron xa estaban e fixeron exactamente o mesmo que na lexislatura anterior, que é soltar unha serie de cifras que non responden en absoluto á verdade, que é moito máis fácil lanzar, supoño que dende a oposición, que escoitalas dende o Goberno, que tes a obriga de executar e de cumprir e que a xente comprobe se o que dis é realmente así, e, polo tanto, serían perfectamente rebatibles Pero —insisto— creo que non é este o debate, polo menos polo miúdo. Algunha cousa intentarei contestar, porque me parece especialmente importante deixalo claro.

Pero, sinceramente, cando se recorre ao de sempre, cando os argumentos sempre son dicir cifras que directamente non son verdade, ou dicir cousas que non responden en absoluto á realidade, ou que están absolutamente terxiversadas, ou que directamente son demagoxia pura, iso o que esconde —na miña opinión— é, primeiro, unha falta de argumentos moi grande e, segundo, seguir sen entender o resultado electoral, (*Aplausos*.) e xa pasaron dous meses.

Dúas aclaracións de principio para enmarcar esta intervención. A primeira: eu, sinceramente, como presidente de Galicia, négome a aceptar o que aquí ou se insinuou ou se dixo directamente, que é que non se pode falar de España porque estamos no Parlamento de Galicia. É que para falar de Galicia en serio hai que falar do que está pasando en España. Xa me gustaría que non fora necesario; xa me gustaría non ter un goberno que

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sistematicamente nos nega o que está dando a outros; xa me gustaría non ter un goberno que sistematicamente nos dá un trato desigual, que ignora aquilo ao que se comprometen eles, que non dá resposta cando lle preguntamos que hai daquilo cuxo compromiso se adquiriu, que está facendo cesións noutros territorios de España, e esas cesións son a custa dos demais e a custa tamén de Galicia; xa me gustaría non ter que falar de que formamos parte —e polo tanto tamén é o noso Goberno— do Goberno dun país que decidiu non aprobar os orzamentos e, polo tanto, todas as cousas que había que facer en Galicia este ano non se van facer directamente. É que diso hai que falar.

Eu xa sei que sería moito máis cómodo non facelo, e ao mellor non tiña que escoitalos a vostedes: pero é que vostede crispa, é que vostede quere enfrontarse; non non; eu o que quero é reivindicar o que lle corresponde a Galicia, nin máis nin menos. E, se nolo dan, aplaudirei, serei o primeiro, díxeno moitas veces. Xa me gustaría. Puxemos exemplos concretos onde se aquilo —que, por outra parte, era simplemente aquilo ao que se comprometeran— se cumpría, seriamos os primeiros en recoñecelo, e, se non, teriamos que denuncialo.

Eu xa sei que é moito máis fácil —e a algúns por acción ou a outros por omisión parécelles moi ben— que vaia un presidente doutra comunidade autónoma, como foi esta semana ao Senado, directamente plantexarlle chantaxes ao Goberno central. Galicia iso non o vai facer nunca, pero tamén nunca deixará de reclamar o que nos corresponde. (*Aplausos*.) Iso téñano clarísimo.

E, polo tanto —segunda aclaración—, parece mentira, señorías da oposición. Eu o outro día no discurso, o martes, no discurso de investidura, dixen simplemente que iamos facer unha nova Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais, para dúas cousas. A primeira —e fundamental, loxicamente—, defendernos cando cremos que se producen accións que non son xustas, defendernos nos tribunais, sen plantexar chantaxes, sen plantexar órdagos, sen plantexar ultimatos; todo iso non vai con nós, non o imos facer, somos leais. Pero, dende logo, se se toman decisións que a Galicia a prexudican, se se toman decisións sen avisarnos —falaba o señor Besteiro de que o Goberno central quere negociar; pois que ben o disimula, señor Besteiro; eu entereime por teléfono de que tiñamos plantexado un recurso, cando estabamos pedindo unha comisión bilateral para falar antes—, polo tanto, teremos que defendernos.

Pero perdan coidado. A segunda parte é para desenvolver todo aquilo no que aínda podemos medrar, para seguir crecendo dentro do Estado do que formamos parte; polo tanto, para seguir sendo unha comunidade autónoma fundamental dentro do noso país. Para iso é a Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais (*Aplausos*.). O que pasa é que, cando se está coas orelleiras de non recoñecer nada, de pensar que todo se fai por cousas diferentes a cales son as verdadeiras razóns, que é defender Galicia, pois hai cousas elementais que non se entenden.

Eu espero demostrarlles —como o resto dos compromisos— por que facemos as cousas sempre —díxeno varias veces no discurso do martes— no interese supremo de Galicia, nin máis nin menos, que, por desgraza, nestes momentos, estase vendo seriamente cuestionado.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Empezo, como dicía, a responderlles por orde de intervención, se me permiten, aos portavoces esta mañá, os tres portavoces da oposición.

Ao primeiro, señor Ojea, agradézolle o seu ton conciliador. Benvido a este Parlamento. Vostede dicía que me outorga un voto de confianza para demostrar que todos os compromisos que vostede considera que a Xunta ten que cumprir van ser realidade. Polo tanto, eu agradézolle ese voto de confianza. É lóxico, podemos ter diferentes puntos de vista sobre como enfocalos, sobre que é realmente o comprometido, como hai que facelo, que se pode facer, en que tempos, pero acéptolle esa proposta; ía dicir reto, non é un reto, é unha proposta; vostede está absolutamente no seu papel cando di que hai unha serie de cousas que vai observar se a Xunta cumpre ou non.

Advírtolle unha cousa —se mo permite—, con toda a cordialidade: vostede, efectivamente, é parlamentario absolutamente lexítimo, representa aos cidadáns da provincia de Ourense, pero non é o único, non é o único, aquí hai outros moitos representantes da provincia de Ourense, foron pola mesma circunscrición que vostede. Entón, eu pídolle que, simplemente, teña iso claro. Xa afectando directamente ao que me atangue como presidente da Xunta, vostede presentouse ás eleccións dicindo que a Xunta non trataba ben Ourense, e tivo un deputado, absolutamente lexítimo. Os que defendían que a Xunta trataba ben Ourense teñen oito deputados, señor Ojea, (*Aplausos.*), oito deputados.

Polo tanto, creo que iso simplemente eu vou telo en conta e traballar todos xuntos, e os deputados e deputadas da oposición que representan a provincia de Ourense estou seguro de que tamén veñen aquí coa mesma intención. Polo tanto, intentemos facelo entre todos.

Vostede falaba de compromiso, eu mesmo llo recoñecía, agradézollo, así é como se pode chegar a acordos e traballar en serio. Había cousas que vostede considera necesarias e que a Xunta xa estaba executando, ou mesmo algunha dicía que xa a executou; outras que están en marcha, e que vostede ía vixiar, no seu labor fiscalizador, se se cumpren ou non. Absolutamente entendible, é o que ten que facer. Outras sábeo vostede perfectamente. Vostede facía alusión a unha reunión na que estivo presente, efectivamente, que eu tiven, foi máis dunha co alcalde de Ourense, vostede estaba presente nunha delas, e sabe que hai algunhas cousas que eu entendín razoables, díxenlle que si, pero estamos aínda á espera de que o Concello de Ourense mova ficha, presente propostas, manexe unha serie de documentación.

Polo tanto, eu manteño os compromisos, antes e despois das eleccións, pero tamén vostedes teñen que facer a súa parte. E despois tamén haberá, loxicamente, na discrepancia política, ou na priorización de recursos públicos, cousas que non poidan ser, ou que, se son, haberá que priorizalo, explicalo e intentar executalo no tempo.

Pero de verdade que eu lle dou a benvida e espero que esa confianza que vostede manifestaba dende o Grupo Mixto respecto do que pode facer a Xunta de Galicia se vexa correspondida. Seguro que non estaremos de acordo en moitísimas cousas, pero eu intentarei, se vostede con iso entende que se lles dá satisfacción aos cidadáns da provincia de Ourense, o mesmo os meus compañeiros do Grupo Popular e os deputados e deputadas da oposición, que entre

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todos fagamos o mellor por unha provincia que é moi importante, é unha parte fundamental de Galicia.

Señor Besteiro, tamén lle agradezo o ton; creo que foi cordial, creo que é o que corresponde. A vostede, ademais, agradézolle unha cousa moi obvia: tivemos case o 50 por cento dos votos; vostede dicíame que era o presidente lexítimo de Galicia; moitas grazas; parece algo normal. Pero a señora Pontón non foi capaz de dicir que son o presidente lexítimo de Galicia; pasei de ser o presidente por accidente, agora son o presidente refén, todo menos lexítimo. ¿Dáse conta de cando dicía que hai xente que non entendeu o resultado das eleccións? Pois aí ten un exemplo perfecto. (*Aplausos*.)

Agora, se mo permite, voulle falar con total sinceridade. Creo que estamos ao principio dunha lexislatura e creo que dentro das discrepancias eu agardo, sinceramente, que vostedes fagan un papel importante de oposición neste Parlamento.

Creo que hai un problema fundamental. Vostede —vouno dicir, espero que non lle pareza mal— creo que acabou aquí un pouco —dito con cordialidade— arrastrado, e non o penso só eu, pénsao máis xente, e segue pensando que quen o trouxo aquí, vostede dirá que de acordo coa súa vontade —eu e outra xente podemos ter outra opinión—, séguelle exixindo que defenda o indefendible, e que calquera insinuación, calquera cousa que se diga debe ser respondida por vostedes inmediatamente como principal e —se mo permite— case única misión: vir aquí defender calquera cousa que faga o Goberno central, aínda que non haxa por onde collela. E vostede creo que o sabe perfectamente, porque o considero unha persoa intelixente e sabe que hai cousas que son francamente difíciles de defender.

Eu doulle —se me permite— un consello —que tampouco son quen para dalos, e menos a vostede, pero como estamos na primeira sesión desta lexislatura—: diría que teña intelixencia política —vostede tena— e que observe un pouco o que lle pasou a vostede, señor Besteiro; deixárono tirado en plena campaña; eu estaba tamén na campaña e observaba, dende a parte que me toca, o que estaba pasando. E a segunda semana, especialmente —eu teño que dicirllo porque é unha sensación absolutamente xeral, xa llo dixeron aquí esta mañá—, o seu Goberno, o seu partido, traballou non por vostede, traballou para que non gañara o Partido Popular, pero non traballou por vostede en absoluto, señor Besteiro. E creo que iso, ben, claro, non mo vai recoñecer, pero creo que é tan evidente e tan descarado que incluso o tomei como un acto de rebeldía; se non, non se entende moi ben que vostede non abandonara o escano ata que pasaron as eleccións. E agora vai estar aquí, vai ser o xefe, van ter un congreso dentro moi pouco, todo o respecto para os procesos dos outros partidos, e pídolle que se rebele. Vostede tivo tres postos en seis meses, oxalá que este sexa o definitivo.

E creo que poden facer moitísimas cousas, dende logo teñen moitísimo, moitísimo camiño por recuperar, e agardo que o fagan, e creo que vai ser bo para Galicia, sinceramente.

Porque sobre esas teorías do Bloque do voto prestado, todas aquelas lecciónes que nos deron despois das eleccións, eu creo que teñen voto prestado de vostedes, sinceramente o penso, e polo tanto eu creo que sería bo para Galicia que o recuperaran. E para recuperar non é bo

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que me utilice a min e utilice o meu partido, a min directamente, segundo entendín hoxe da súa intervención, para lanzarlle indirectas ao BNG. Dígallo directamente. Creo que é bo, e que hai moita xente que está esperando a que lle diga unha serie de cousas ao Bloque Nacionalista Galego, que lle permitirán recuperar ese voto e esa confianza. Plántese, vai ser bo para Galicia, vai ser bo para unha oposición construtiva, que é a que eu busco.

Plántese, por suposto ante o BNG, plántese ante Pedro Sánchez, se é necesario. ¡É que mire como están! Vostede hoxe dicía que, entre defender Galicia e defender o seu partido, tíñao facilísimo: vai defender sempre Galicia. Ben, a ver se é verdade, eu creo que iso é bo para todos.

Mire, eu fágolle unha primeira proposta, isto vai de propostas, todos nos fixemos propostas. Eu creo que fixen unha importante —e logo falarei dela— o martes. Non lle fixeron absolutamente ningún caso, xa a descualificaron antes de escoitala, e despois de escoitala dixeron, ben, exactamente o mesmo que antes de escoitala; polo tanto, non o podo tomar moi en serio.

Pero fágolle outra. Vostede comprometeuse nun debate, estaba eu e estaba a señora Pontón, había outras candidatas, e dixo que a AP-9 ía ser gratuíta. Señor Besteiro, supoño que iso se segue mantendo en pé, e supoño que se pode facer de xeito inmediato; se non, vostede non o tería proposto. Polo tanto, eu pídolle, e se quere vir a señora Pontón, que, por certo, foi un dos compromisos que arrancou e que nos vendeu aquí, e hoxe non falou practicamente del, porque sabe de sobra que lle van facer o mesmo que lle fixeron na outra lexislatura, pero eu confío máis en vostede, dígollo sinceramente. Polo tanto, imos os tres a Madrid, eu como presidente de Galicia e vostedes como principais grupos da oposición. E se o señor Ojea está de acordo en que veña, que veña tamén. E, polo tanto —digamos—, leve vostede a voz cantante e dígalle ao señor Pedro Sánchez que a AP-9 ten que ser gratuíta xa. Mire, ganaremos todos e sobre todo gañará Galicia. *(Aplausos.)*

Polo tanto, podemos ir a semana que vén se quere xa, señor Besteiro. Sería difícil non entender que non foramos despois dese compromiso explícito que vostede dixo, supoño que despois de falar co presidente do Goberno.

Queixábase hoxe da crispación actual. Mire, non me escoitaría a min dicir, como dixo o señor Pedro Sánchez na súa investidura, que había que levantar muros. Todo o contrario, aquí somos máis ben de facelo ao revés: rebaixalos. Por iso lle digo que non quero esa crispación que estamos vendo noutros sitios.

Vostede dicía que non podemos dirixir isto como unha asesoría. Non, non, pero mire, gobernar en serio é importante, e creo que foi unha das cousas que a xente tivo en conta á hora de votar o 18 de febreiro; unha administración rigorosa.

Agora, ¡que vostede me diga isto cando están gobernando a golpe de decreto lei, xa os procedementos normais se lles olvidaron, cando parece case un mérito non aprobar os orzamentos este ano! Non me pode falar en serio de como hai que gobernar, creo que hai outra maneira de gobernar: con orzamentos, planificados.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu dicíao o outro día: que, fora cal fora o resultado electoral, quen tivera responsabilidade de formar goberno ía ter un orzamento aprobado, e despois, se o quería, modificábao, pero o orzamento aprobado era fundamental.

Polo tanto, é moito máis que unha asesoría e tomar o Goberno en serio, como o tomamos aquí e como creo que a xente apreciou.

Recoñece vostede que Galicia medrou, dicía que a pesar nosa, pero Galicia medrou, e xa é bastante, e iso os seus compañeiros do BNG non o recoñecen nin en broma; esa Galicia negra, sempre a peor, que pinta o BNG, elección tras elección, onde sempre están na oposición. Vostede polo menos di que Galicia mellorou sensiblemente.

Despois dá unha serie de cifras que non son certas sinceramente. Si, mire, efectivamente, o último ano Galicia medrou un pouco menos que España, pero é que nos tres anteriores medramos moito máis, e o global é favorable a Galicia, co cal, claro, é moi fácil facer ese tipo de cifras, coller só o último ano, que lle compensa, e non coller os dous anteriores, que era cando saïamos da pandemia, e saímos con moita máis forza do que saíu o global de España.

Pide colaboración entre administracións. ¡Home!, iso está moi ben, señor Besteiro. Vólvollo dicir: vostede ao mellor non o sabe; se non, debería sabelo, pero vólvollo dicir. A min chamoume unha ministra, a que naquel momento tiña as responsabilidades, para dicirme, en resposta ás nosas reiteradas peticións de comisión bilateral para falar de chegar a un acordo respecto da Lei de ordenación do litoral, que o Goberno acaba de tomar a decisión de mandarnos ao Constitucional e pedir a suspensión da lei, sen ningunha negociación, baseándose no mesmo argumento que lles valeu para facerlle a transferencia ao País Vasco, que é exactamente a mesma redacción do Estatuto.

¡Home!, se vostede cre que iso é colaborar, pois tamén supoño que pensará que é colaborar, e dicía que o Goberno manifestou a súa total dispoñibilidade a convocar a Comisión Mixta de Transferencias canto antes. ¡Oia!, eu teño unha carta do señor Iceta de cando era ministro, ¡mire que pasaron ministros xa despois, responsables da materia!, xa un perde a conta, co Goberno do señor Sánchez, pero esa foi a primeira, dicindo exactamente o que vostede me dixo: que inmediatamente se poría en contacto co Goberno da Xunta de Galicia, e pediu un interlocutor, e dixémoslle que o interlocutor sería eu —aínda non era o presidente, paréceme— para dicirlle que cando quixera e onde quixera.

Ata hoxe. Despois chamamos varias veces, dicindo qué pasara con iso. Nunca nos contestaron, señor Besteiro. Estas cousas debe sabelas antes de dicir o que dixo aquí. Eu comprendo que, se non as sabe, pois pode dicir estas cousas, pero, claro, non sabelas pois provoca este tipo de cousas.

Cando vostede era delegado do Goberno, por certo, recordará que había un papel con doce propostas que eu lle entreguei; vostede despois deu unha rolda de prensa e falou das doce, salvo un par delas, que as matizou. Dixo que lle parecían razoables e que empezariamos a falar, que daba traslado ao Goberno. Pois unha de dúas: ou non deu traslado ou non lle

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fixeron ningún caso, señor Besteiro, porque todas seguen como estaban hai case un ano, cando vostede era delegado do Goberno.

Polo tanto, claro, vostede di que despois, cando dicimos todas estas cousas, o que queremos é crispar. Non, non, todo o contrario; o que queremos é chegar a acordos, aplaudir a un goberno que faga ben as cousas, é o que estamos desexando. Vostedes din: non, hai outros gobernos que conseguen chegar a acordos. Pois xa me gustaría a min tamén, total disposición.

E claro, cando un ve os ministros que chegan aquí falar de competencias da Xunta de Galicia e nunca avisan a Xunta de Galicia, nunca, salvo algún, que creo que o fai simplemente por educación e ao mellor saltando algunha instrución, é moi difícil, é moi difícil intentar chegar a acordos.

Isto pasa un día si e outro tamén, e suporán vostedes con —non sei— vinte e dous, vinte e tres, vinte e catro ministros que teñen vostedes, isto repetido todos os días, é que en campaña eran cinco ou seis todos os días. Pero veñen moitos ministros por aquí, e nunca ou practicamente nunca avisan a Xunta de Galicia.

Fala dos PERTE tamén, que dicimos que non son verdade. ¡Home!, imos polo terceiro PERTE da automoción e a fábrica máis importante da automoción que hai en España, que é Stellantis en Vigo, segue quedando fóra do PERTE. Se vostede cre que os PERTE son serios e que Galicia resulta ben tratada, pois haberá que ir explicárllelo aos que volven quedar fóra, por agora polo menos, por terceira vez.

Falaba tamén dos tempos de espera na sanidade. Mire, señor Besteiro, dicía que non quere entrar a rebater todas as cifras, pero estas son as cifras do Ministerio de Sanidade —logo pódollas facilitar—: somos a segunda comunidade autónoma con mellores tempos nas listas de espera. *(Aplausos.)* ¿Que son dabondo? Por suposto que non. ¿Que me gustaría que foran máis curtos? Por suposto que si. Para iso traballamos. Esa parella que vostede manexou para arriba e para abaixo, e que cabía en todos os exemplos, pois ao mellor ten ese exemplo concreto, pero hai outras moitas que seguro que esperaron moitísimo menos.

Fala da falta de infraestruturas para ter un desenvolvemento industrial en Galicia. Ben, mire, nós faremos a nosa parte. Eu falei de varias infraestruturas, e por certo supoñen investimentos millonarios, con prazos concretos e con compromisos concretos. Se quere, falamos de infraestruturas en xeral. ¿Ou é que acaso o corredor atlántico de mercancías non é importante para o desenvolvemento industrial de Galicia? E lévanos tomando o pelo ese suposto comisionado, que non tiven ocasión de coñecer, a pesar de intentalo por activa e por pasiva máis dun ano.

Fala do importante que son as infraestruturas. Imos facer un acto de fe, xa non sei cantos levamos, e á parte de besar locomotoras, a ver se vemos os trens de verdade, señor Besteiro. Porque agora veñen en maio —parece ser—. Ningunha información por certo, non sabemos nin cantos, nin que frecuencias, nin que extensión. Nada de nada. A nós non hai por que darnos información, señor Besteiro; total, somos o Goberno da Xunta de Galicia e polo tanto

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non hai que ter un mínimo respecto. Preguntámolo reiteradamente e seguimos sen saber outra cousa que do que nos enteramos que nos din os ministros polos medios de comunicación, e nada máis.

Polo tanto, cando fala de actitude conciliadora e de colaboración entre administracións, eu pídolle de verdade que sexa valente e que conte todo isto na Moncloa, que llelo conte aos seus outros socios que tamén apoian a Pedro Sánchez, e a ver se empezamos a traballar realmente en serio.

E fala dunha planificación ben feita, rigorosa e razoable das renovables. Aí vai ter que ser especialmente valente, señor Besteiro. Mire, de todos —agora falarei do que dixo a señora Pontón— os disparates e as demagoxias que se están dicindo sobre este tema, vostede ten que saber unha cousa: toda a información da que dispoñía a Xunta de Galicia en tempo real era a mesma que tiña o Goberno socialista. Eu fun ver o señor Pedro Sánchez vai facer agora dous anos, recén nomeado presidente da Xunta de Galicia. ¿Sabe que me dixo naquela entrevista, á parte de comprometerse a unha cantidade mínima —vouna dicir agora— de 120 millóns de euros para o proxecto? Que o coñecía perfectamente. Alguén llo contaría. E que lle parecía un proxecto polo que merecía a pena apostar. E eu díxenlle: presidente, de verdade, isto téñoo que dicir na rolda de prensa. E díxome: presidente, podes dicilo, coñezo o proxecto. Alguén llo contou. Probablemente vostede e eu sabemos quen llo contou.

E despois os sucesivos ministros, xa perdín a conta dos ministros de Industria que foron vostedes nomeando, ás veces era difícil, porque lle contabas a un de que ía o tema e xa cho cambiaba. Pero eu intentarei contárllelo a todos, e todos dixeron —e dixérono publicamente en roldas de prensa— que aquilo era algo polo que merecía a pena apostar.

Polo tanto, sexan vostedes valentes, sexan vostedes consecuentes, e únanse á nosa postura, que é absolutamente razoable, fóra de demagoxias, fóra de contradicións e fóra de que se lle vexa o plumeiro descaradamente, como se lle está vendo ao Bloque. Se Altri cumpre, irá para adiante, e, se non, non irá para adiante baixo ningún concepto. E iso é o que teñen que facer. *(Aplausos.)*

En todo caso, vólvolle dicir, señor Besteiro: teño moitas esperanzas en que vostedes se resitúen. Analicen a situación a que os levou a súa deriva e déanse conta de que teñen creo que campo para recuperar, e sexan consecuentes, e iso vai vir, na miña opinión, na miña modesta opinión, e tamén me interesa moito como presidente da Xunta que sexan vostedes valentes e reivindicativos, e que non pense que a súa única misión acabando aquí —e valla a redundancia— é ter que defender calquera cousa, por moi indefendible que sexa, que veña do Goberno central.

E volvo dicir ese pacto. Mire, eu tomo posesión o sábado, o domingo supoño que é un día complicado, pero o luns, se quere, xa imos falar desa gratuidade da autopista. Creo que se lle fan caso a alguén, creo que lle van facer moito caso, dende logo moito máis que á señora Pontón, que hai catro anos que xa llo prometeron e segue así.

Ben, vostede comprometeuse. Polo tanto, agora haberá que cumprilo, señor Besteiro. Díxoo. Supoño que non dependería de que vostede fora presidente da Xunta de Galicia. Supoño que

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dependería do interese de Galicia. O interese de Galicia non mudou, goberne quen a goberne. Polo tanto, eu déixolle ese reto encima da mesa.

Señora Pontón —teño que dicirllo—, terceira sesión de investidura da señora Pontón á que asistimos os deputados deste Parlamento. A primeira sesión de investidura foi na miña sesión de investidura, hai dous anos, a segunda foi no debate do estado da Autonomía e a terceira foi esta mañá. Señora Pontón, os galegos falaron e vostede está na oposición e eu vou ser presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* E temos un problema importante se vostede non o asume. Sinceramente, eu creo que non o asume, e supoño que terá un montón de problemas internos; algúns son tan evidentes que saíron á luz.

Dicíao o señor Pazos esta mañá: ben, melloraron, pero non conseguiron o obxectivo. ¡Oia!, vostede, lexitimamente, probablemente esperaría outra cousa, pero ao final é que así é a democracia, os galegos falaron e vostede hoxe non foi capaz por suposto de dicir esa palabra maldita para vostede: presidente lexítimo. *(Murmurios.)* Non, non, lexítimos son os que... Vostede falou dos que non nos votaron a nós. ¡Oia!, pois son moito máis os que nos votaron a nós que os que a votaron a vostede, señora Pontón. E mentres non entenda iso, non acepte iso, esa parte —na miña opinión— de representar unha soberbia política importante, pois impide facer as cousas con seriedade, dende a oposición vostede, e eu considerala como unha oposición construtiva —como di vostede que quere ser—. Non vou seguir moito máis, porque xa sei o que vai pasar, sei que vai dicir aquí: que eu veño facerlle oposición a vostede, esa posición vitimista que adopta; polo tanto, vouno deixar aí. Simplemente, dígolle: houbo eleccións e o PP gañou por unha ampla maioría absoluta. *(Aplausos.)*

E voulle dicir unha cousa: eu respecto moitísimo os votantes do BNG, os votantes de todos os partidos, incluso os que non foron votar. Eu pídolle que vostede faga o mesmo. E ás veces escóitoa falar e, sinceramente, penso que non está facendo o mesmo, e creo que iso é de primeiro de democracia, señora Pontón.

Falou vostede de varios temas. Falou do galego. Mire, hai un problema fundamental que teñen vostedes: é que do galego só poden falar vostedes. E cando calquera outra persoa fala do galego e fala, como falei eu e como fala moitísima xente do PP —que é o que pensa, estou convencido, a inmensa maioría dos que vivimos e sentimos e queremos esta comunidade autónoma—, que é algo que nos identifica, que é algo que hai que querer, que é algo do que estar orgulloso, que é algo que non ten que ser nin de confrontación nin de demagoxia, nin de exclusividade, nin dunha soa marca política, iso a vostedes fastídiaos un montón.

E, polo tanto, o que veño eu dicir aquí —creo que se entendeu bastante ben—, que todo o que ten que ver coa política lingüística vai ter aínda máis relevancia que o que está tendo ata o de agora, a vostede iso non lle vale en absoluto, nin unha soa mención. *(Murmurios.)* O que lle vale é dicir que do galego só poden falar vostedes e que nós non queremos o galego, empezando por min; esas acusacións que fai sempre. Pois síntoo moito, señora Pontón.

Eu fíxenlle unha pregunta durante toda a campaña que vostede esquivou; vólvolla facer agora, que ten catro anos por diante, xa pasou o Entroido, xa sacaron as caretas, xa sabemos cales son os seus pactos: ¿que hai do monolingüismo? ¿Seguen pensando iso ou seguen

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pensando que a convivencia lingüística en Galicia é o que queren a maioría dos galegos, señora Pontón? *(Aplausos.)* Dígao, sexa valente, ¡sexa valente! *(Aplausos.)*

Díxome outra cousa que me fixo moita graza: que eu veño así fachendear de que aprobamos os orzamentos, como que eu dixen que era unha rareza. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, ben, depende de con quen se compare. Claro, hai moitas comunidades autónomas que aprobaron os orzamentos e que eran moitas comunidades autónomas do PP, señora Pontón; por iso subiu a estatística, perdoe que llo diga. Pero mire, hai dúas: unha, os seus aliados, socios, protectores —todo o que queiran— van ir —con eles todo lles parece ben— ás eleccións europeas. Acaban de convocar eleccións porque non foron capaces de aprobar os orzamentos, pero dixérono así. E, polo tanto, non me diga que non é unha rareza que aquí, habendo eleccións, decidiramos que, gañara quen gañara, o que tiña que haber era uns orzamentos. Esa é diferenza. Ao mellor os raros somos nós, pero eu creo que a xente agradece ese tipo de rarezas.

E despois xa o Goberno que vostedes puxeron, o Goberno co que vostedes volveron firmar ese acordo de papel mollado, pois preséntanos como un gran logro que, total, esa relación —moi difícil de entender— de que como en Cataluña hai eleccións España queda sen orzamentos. E xa está, con todo o que iso supón, empezando porque todos eses compromisos que vostedes tiñan, se é que había algunha intención de cumprilos, agora xa nada. Pero iso non é importante, iso non ten ningunha transcendencia, que algo tan importante como uns orzamentos, os orzamentos do Goberno central, que, polo tanto, afectan a todas as comunidades autónomas, non vai habelos. E vostede fálame de que se eu presumo de ter aprobados os orzamentos. Pois si, por suposto, e tamén estou seguro de que foi outro dos elementos que levou a xente a dicir o que decidiu o día das eleccións.

Dicíame que non fixen referencia á crise demográfica. Si, si que fixen; o que non fixen, señora Pontón, é teorizar, como fai sempre vostede; tantas teorías, tantas cousas, nin unha soa proposta concreta. Os demais facémolo todo mal, vostede non sabemos se o faría ben ou non, porque nunca nos concreta nada e todo é acusacións. Non, non, pois eu, que ao mellor non fixen tanta teoría e tanta demagoxia, o que fixen foi propoñer medidas concretas.

Mire, a conciliación é algo que favorece a loita contra o reto demográfico. A Estratexia Retorna, que conseguiu inverter a tendencia demográfica —polo menos en canto á poboación—, compensando a diminución vexetativa coa xente que veu, o saldo migratorio positivo —por moito que a fastidie, por moito que o negue—, é tamén loita contra o reto demográfico. As axudas de vivenda é tamén loita contra o reto demográfico.

Mire, voulle dicir unha cousa: vostede falou tamén de vivenda —tamén falou o señor Besteiro—. Señor Besteiro, primeiro, eu aínda estou esperando —acórdese— as miles de vivendas da Sareb que nos prometeu o seu Goberno aquí en Galicia, ¡nin a primeira, señor Besteiro!, nin a primeira. É que eu comprendo que ás veces vostedes teñan moi difícil defender as cousas que se din no Goberno central e que afectan a Galicia. Pero, se quere, o exemplo máis cercano é a señora Pontón.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fala de que nos negamos a regular ou a aceptar as zonas tensionadas. Non, eu dixen que, se nolo piden os concellos e están ben pedidas, por suposto que cumpriremos a lei, aínda que creamos que non é unha solución; pero téñennolo que pedir, ¡eh!; non hai ningunha petición a día de hoxe.

Si que hai outras situacións moi curiosas: Concello de Pontevedra, tiña unha parcela para construír 60 vivendas públicas e resulta que o que fixo foi un aparcadoiro para 70 coches. *(Murmurios.)* ¡Vaia maneira de loitar contra o problema da vivenda! O Concello de Santiago ten unha parcela para construír vivenda pública e resulta que a vende, supoño que a un promotor privado para que faga vivendas privadas. Pero, claro, despois os que non facemos nada somos os demais. Eu adquirín aquí un compromiso concreto, un compromiso con datas e con datos e con números: cando remate a lexislatura haberá o dobre de vivenda pública construída pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* E só pido que pasen catro anos para demostrar que é verdade.

Loita contra a violencia machista. Señora Pontón, investimos moitísimo máis do que investían vostedes. Se é que teñen a desgraza. Vostede sempre se queixa de que o comparamos co Bipartito, que foi a última vez que gobernaron. E, polo tanto, supoño que alí poderían facer esforzos se realmente crían que había que facelos. Moitísimo máis agora, moitísimo máis.

Pero mire, voulle dicir unha cousa: non todos son recursos —que tamén son recursos— e é moi difícil aumentar os recursos para loitar contra a lacra da violencia machista mentres vostedes apoian que os violadores estean na rúa ou se lles rebaixen as penas; así é moito máis difícil, señora Pontón; *(Aplausos.)* así é moito máis difícil.

Fala das rebaixas fiscais, desprézaas absolutamente. Ben, é o seu mantra, o seu rollo de sempre: non, vostedes fan rebaixas para os ricos. Se ricos é ter agora mesmo o nivel fiscal para que as rendas máis baixas paguen menos que nunca en Galicia, ben, pois alá vostede. Se as familias con dous fillos teñen o mesmo tratamento fiscal que tiñan antes as de tres, e así sucesivamente, é favorecer os ricos, pois vostede coñecerá só familias ricas que teñan dous fillos; eu coñezo moitas que teñen dous fillos e non son familias ricas. Se vostede cre que a cota cero para os autónomos, todas as rebaixas, todas as axudas, iso é axudar os ricos, nótase que vostede ten moi pouco contacto cos autónomos. Se vostede cre que seguir rebaixando o imposto de transmisións, estendelo agora aos parentes colaterais, é axudar os ricos, nótase que vostede está moi pouco en contacto co mundo real, señora Pontón. Se vostede cre que agora mesmo Galicia é a autónoma de España onde unha transmisión de vehículo automóbil de segunda man —que son as que máis se están producindo— sexa a máis barata para efectos fiscais é axudar os ricos, é que vostede, efectivamente, está bastante pouco en contacto coa realidade.

Señora Pontón, mire, vostede paréceme que dicía esta mañá do mantra do PP de baixar impostos; claro, como se fora algo malo; pregunte vostede por aí, a ver que quere a xente. Ao mellor vostede cre que a xente o que quere é que lle suban os impostos, como fan vostedes. Dáballe unha cifra, eu xa perdín a conta das veces que en cinco anos aumentou os impostos o Goberno que vostedes apoian en Madrid. Aquí nunca subimos ningún e baixámolo moitas veces. Polo tanto, estou moi orgulloso de ter unha política fiscal totalmente oposta á que tería vostede, porque é o que a xente quere. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaban vostedes de execución de fondos europeos, e dicíao tamén o señor Besteiro, que a política industrial era unha competencia exclusiva nosa. Xa me gustaría, señor Besteiro. Mande vostede o recado de que nos pasen os PERTE industriais; ¿por que están retidos, sen movelos? Eu cando pregunto en Madrid é porque me din que a política industrial global é cousa da Administración xeral do Estado e, polo tanto, non van pasarnos nada. ¡Oia!, un nivel de execución que non chega ao 30 por cento, os nosos están ao 97 por cento, os escasos que nos pasaron de Next Generation.

E se quere falar de execución de fondos europeos, en xeral, non falo eu, fala o periódico, que di: «*Galicia es la comunidad con mayor ejecución de fondos europeos*», señor Besteiro. Polo tanto, esta serie de cifras que dan, que lanzan ao chou, a ver se colan, cada vez colan menos. E un goberno serio ten que basearse nunha boa execución orzamentaria. Claro, hai que ter orzamento antes e hai que facer as cousas ben e así se conseguen cousas.

A señora Pontón agora di que se temos que reclamar o 90 por cento dunha serie de impostos. Señora Pontón, pero ¿non era vostede a conseguidora? ¿Non era vostede a que hai pouco tempo lle dobrou o pulso, por segunda vez, a Pedro Sánchez e conseguiu todo o que Galicia necesitaba? ¿Que pasa? ¿Que lle quedaron cousas no tinteiro? ¿Ou máis ben é que non quere falar do que non lle van facer e agora quere que nós fagamos cousas novas? Faremos cousas novas, pero que lle fagan o que se lle comprometeron a facer. *(Aplausos.)* Señora Pontón, que non nos imos esquecer, ¡que non nos imos esquecer!

Mire, deixo para o final de todo a súa postura sobre Altri. Creo que non merece moitos máis comentarios. Cambio total. ¿Sabe a miña teoría? Que vostedes, despois do batacazo electoral fronte ás súas expectativas —as que venderon—, necesitaban unha bandeira para levantar canto antes. E cambiaron de opinión, porque aquí non son inocentes, é que votaron neste Parlamento a favor de Altri, cos mesmos datos que tiñamos todos, cos mesmos datos que había.

E preocúpame unha cousa moito, e, mire, alégrome, entre outras cousas, de ter gañado as eleccións e de que non vaia gobernar vostede. Porque un expediente que está agora mesmo comezando a súa información pública, do que se coñecen os datos agora que están en exposición pública, do que non hai nada diferente do que se dixo inicialmente, que vostede cando os técnicos, obxectivos, independentes, funcionarios da Xunta, teñen que informar, ¿que sería deles?, ¿que sería da legalidade administrativa se o presidente da Xunta lle chama a un expediente que teñen que informar bomba medioambiental, todos os disparates que vostede dixo? ¡Un respecto á liberdade e á obxectividade dos funcionarios! *(Aplausos.)* Señora Pontón, ¡como se nota que vostede non gobernou na vida e di esta serie de cousas! ¡Un respecto! *(Aplausos.)*

Eu fixen unha proposta clara, teremos tempo de sobra de facer propostas e de propoñer pactos durante estes catro anos. E de verdade que nada sería mellor para Galicia, en xeral, para que foran adiante, que, a pesar de non necesitar o seu apoio para que este Parlamento os aprobe, para que o Goberno os poida executar, é bo que todos esteamos de acordo polo menos no fundamental. Polo tanto, tempo haberá.

Eu empecei polo que considero máis importante, porque xa vexo o que están facendo vostedes. Xa vexo que lles dá igual todo con tal de dicir que asomaron a cabeza e que son

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capaces de coller unha causa que antes apoiaban e agora, misteriosa e milagrosamente, non, simplemente para dicir que están vivos aínda e que as críticas internas hai que apagalas un pouco.

Mire, creo que é necesario facer ese pacto. Creo que é necesario saber que Galicia se xoga moitísimo. Escoitándoa a vostede esta mañá, é curioso, realmente: vostede fala só do tema eólico; non, non lle dea máis voltas; non é «eólicos si, pero non así». Con vostede, eólicos directamente non, señora Pontón, non, a todos os eólicos que lles teñen que dar enerxía ás empresas que a necesitan para seguir funcionando, para seguir creando postos de traballo.

Encántame que comprara ese marco, nótase que a fastidiou, o da confraría da perpetua negativa. É que son vostedes iso, señora Pontón, son vostedes iso absolutamente, a xente identifícaos. ¿Non se dá conta de que está dicindo que non a unha cousa que aínda está en exposición pública? Tería que ver os datos, vostede xa ditaminou. Xa a doutora en ciencias químicas, biolóxicas, en todo, xa dixo todo o que a xente ten que pensar, que é a manía do Bloque. Dá igual o que digan os que saben e os que teñen que ver, non vale de nada se non pensan como pensan vostedes.

Entón, mire, de paso que pensa, amplíe as miras tamén, ¡eh!, que as oportunidades non son só de enerxía eólica, hai un montón máis. Todo o hidróxeno —que eu falei o martes diso—, a oportunidade que ten Galicia, vostede iso nin o mencionou, porque non lle importa nada. Así que, ao final, o futuro enerxético de Galicia é o de menos para vostedes. O importante é dicir que se empeñan en que isto non, e isto vai ser que non porque vostedes din que non, para demostrar que aínda están vivos, a pesar do resultado e a pesar de que defraudaron as expectativas.

Polo tanto, este goberno vai ser responsable e vai examinalo todo con lupa e non vai deixar que as oportunidades que ten Galicia diante pasen por diante sen poder collelas, porque as van coller noutros sitios, señora Pontón. E este é un tema fundamental. E esta intención que teñen vostedes de dicirlles que non a todas as industrias para despois dicir que en Galicia non hai industrias, niso non imos caer, senón todo o contrario. E as oportunidades que hai hai que aproveitalas, e Galicia ten que ser un país rico con todas as oportunidades que temos por diante, e imos traballar.

E, polo tanto, volvo facer ese chamamento para que se unan a ese pacto, para que deixen a un lado todos os condicionantes. Xa pasaron as eleccións. Tempo haberá de facer plantexamentos. Pero a xente falou e a xente deunos unha confianza inmensa e a vostedes colocounos na oposición, por moito que lles custe admitilo.

Polo tanto, cada un que agora cumpra o seu papel. Nós desde logo ímolo cumprir, e non imos dar un paso atrás se cremos que as cousas hai que facelas así polo futuro de Galicia. E se cremos que hai calquera, a mínima sospeita de que non procede por calquera razón medioambiental calquera proxecto, non só este, actuaremos por suposto en consecuencia.

A nós só nos une Galicia. Ese mantra que teñen vostedes, iso non llo creu ninguén. Vostedes é que actúan... Nós sempre temos unha serie de conexións, a min sempre me fala de xente

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que non coñezo, que non sei quen son, que non... Ben, vostede cre que ao mellor hai xente que aínda cre esas cousas, pero sinceramente creo que non.

Volvo dicir: oferta de pacto. Temos unha sociedade na que participan as principais empresas galegas, esas que a vostedes lles dan tanto..., non pode haber nada e, se hai empresas, hai algo raro. Non, non, hai xente que crea riqueza, que traballa xunto coa Administración na que confía. E queremos aproveitar estes recursos, todos eses tesouros que ten Galicia para poñelos ao servizo da poboación, máis alá de dogmas, máis alá de propaganda, máis alá de cousas que non levan a ningún sitio.

Esas tarifas eléctricas, eses bancos dos que fala vostede sempre, señora Pontón, non existen en ningún sitio. Por algo será. Vostede sempre dá exemplos terxiversadas, non teñen nada que ver os exemplos que nomea coa realidade que vostede plantexa aquí. E sábeo de sobra, señora Pontón.

Polo tanto, eu pídolle, unha vez máis, e espero que non sexa clamar no deserto como tantas veces, que falemos en serio deste tema.

Mire, dentro das estruturas que imos incorporar no novo organigrama da Xunta de Galicia vai haber unha Oficina Económica, que vai depender directamente da Presidencia da Xunta de Galicia. ¿Para que? Para coordinar todos os proxectos estratéxicos, para levalos en tempo real, acompasalos, miralos —o que lle dicía antes— con lupa, absolutamente coordinados, para que non se perda unha soa oportunidade, para desbotar dende o principio aqueles que non sexan posibles, para, en definitiva, facer que Galicia siga avanzando. E isto é o que nos pediu a xente. Para iso nos colocaron aquí.

Polo tanto, agora que estamos a punto de facer a votación de investidura, eu reafirmo todos os compromisos cos que me presentei ás eleccións, que dixemos eu e todos os meus compañeiros e compañeiras que me acompañaron na candidatura, e os que non me acompañaron, que queriamos cumprir. E pedimos que a xente nos examine. E esperamos sinceramente unha oposición construtiva. E acertar no Goberno, por suposto.

E por suposto que cometeremos erros, eu non teño soberbia —creo que o dixen o outro día claramente, creo que me coñecen—, eu cometo erros e recoñéceo, iso si, intento rectificalos, intento pedir axuda a todo o mundo e non sei máis que ninguén; e, polo tanto, así vou seguir.

Por tanto, esta Oficina Económica, que creo que vai ser unha cousa moi importante, que se vai encargar tamén, por certo, de axilizar a execución dos fondos Next Generation ou de intentar que outros os axilicen, señor Besteiro.

Esa aposta pola ciencia. Vostede dicía que apostaramos pola ciencia. Por suposto que apostamos, señora Pontón, máis alá dos seus slogans que non levan a ningunha parte.

Todo iso creo que é o que hai que facer, creo que é o que a xente nos pediu e para iso nos deu a confianza e iso é ao que nos comprometemos. Galicia vai seguir mellorando o seu emprego, Galicia vai seguir mellorando o seu produto interior bruto, Galicia vai seguir abríndose ao

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mundo e Galicia, que está funcionando, vai funcionar aínda mellor.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rueda.

Agora continuamos, tal como comentei pola mañá, coa rolda de réplica dos grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos.

Comeza, como á mañá, o Grupo Parlamentario Mixto. Para iso ten a palabra o señor Ojea, por un tempo de dez minutos.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

Ben, como moi ben dixo o candidato á Presidencia, tempo haberá de sobra para falar destas e de moitas outras cousas. No meu caso quedáronme á mañá no tinteiro varias reivindicacións e varias consideracións acerca do tema fulcral que me trae aquí, que é a provincia de Ourense. Entón, ben, como digo, coincido con el en que tempo haberá para tratar todo este tema.

Díxonos que o meu partido tiña un só representante aquí e o Partido Popular ten máis; dez, creo que son, da provincia me refiro; oito —perdón—, si, oito. E, claro, está dicindo que, ben, son representantes tamén por Ourense. Claro, a cuestión está en se son representantes por Ourense ou se son representantes para Ourense. Eu son representante por Ourense e para Ourense. A nosa prioridade está clara cal é. Outras linguas non teñen esa resolución semántica entre o «por» e o «para», pero o galego teno e temos que aproveitalo, ¿non?

Eu dubido moito de que se se presenta unha disxuntiva como se presentou, por poñer un exemplo, no caso da Axencia de Intelixencia Artificial entre Ourense e A Coruña, claro, hai oito do Partido Popular por Ourense, pero ata corenta son máis dos que non son de Ourense. Entón, claro, como dou por suposto —ao mellor aventuro demasiado— que todos votarían o mesmo, son máis os que non son de Ourense que os que son de Ourense. Quere dicir que a disciplina de partido, como se ten visto cincuenta mil veces, pois ás veces fará que os deputados do Partido Popular e do Partido Socialista e, en menor grao, do Bloque, porque digamos que os seus intereses circunscríbense ao país galego, moitas veces haberán de transixir, tragar sapos e ir en contra ou saír por un ben —digamos— máis transcendente ao mellor que o da súa propia provincia. Pero no meu caso non é así, porque, como dixen, eu vou de cara desde o primeiro momento.

E voulle dicir outra cousa. Vostede dixo, señor presidente xa —ímolo poñer—, que os galegos falaron; e os ourensáns tamén falaron. Se fora verdade iso de que os deputados do Partido Popular de Ourense representan suficientemente, segundo vostede —eu entendo así que quixo dicir—, a provincia de Ourense, non nos terían escollido a nós, con toda a dificultade que supón para un partido pequeno acadar un deputado. Entón, quere dicir que non lles valía

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de todo, de todo, o Partido Popular de Ourense; escolleron unha formación, un número significativo; teña en conta que non faltou moito para sacar un deputado máis pola nosa parte. Entón, ben, non lles valía. Ou sexa, que non lles valía o Partido Popular como suficientemente representativo da provincia ou dos intereses da provincia e escolléronnos a nós. Iso hai que telo en conta.

Pero ben, vostede tamén falou dos muros, de que prefiren os muros baixos que os altos ou algo así. A min véuseme á mente aquela letra de Serrat: *Prefiero los caminos a las fronteras*. Tamén no meu caso é así. Eu tamén prefiro os camiños que as fronteiras e estou disposto a falar con todos vostedes. Outra frase da mesma canción é: *Prefiero las nueces al ruido*. Tamén me identifico con esa frase. Prefiro os resultados prácticos que a retórica, ¿non? Un pouco por empezar a definirme ante todos vostedes.

E vólvolle repetir o que lle dixen á mañá. Confío en que non siga a liña dos seus antecesores. Xa non vou falar en singular do señor Feijóo, porque a discriminación da provincia de Ourense vén de máis atrás; así o entendemos nós polo menos. Vou confiar en que vostede adopte unha posición propia; sen o psicanalista, que ata está moi ben iso, ¿non?, a cuestión edípica, transcender ao seu antecesor.

E eu tamén vou usar a lupa. Vostede dixo que ía mirar certas cuestións con lupa. Nós tamén vixiaremos os intereses de Ourense con lupa, pero, ademais, a miña lupa vai ser de aumento, ¡eh!, unha lupa cunha forte converxencia.

E nada máis. Como digo, espero ter suficiente oportunidade de seguir tratando as cuestións de Ourense con vostede e co resto dos parlamentarios, cos que terei o honor de tratar ao longo da lexislatura.

Nada máis, moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

*(Murmurios.) (Risos.)* Non provoquemos. *(Murmurios.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señor candidato.

É verdade, eu sei por que estou aquí, e vostedes saben por que non estiven aquí antes, pero eu si teño claro por que estou hoxe aquí. *(Aplausos.)* Non vin arrastrado, vin por vontade propia e cun forte compromiso de servir ao país. E dicíao esta mañá ademais cando asumía a realidade do resultado electoral. Eu non o discutín; é máis, asumino, e non o discutín. E nese plano é no que imos estar nos vindeiros catro anos, cunha vontade e unha vocación de ser goberno, porque así nos sentimos os socialistas en Galicia e tamén no resto de España. Porque construímos país e porque o podemos facer desde a oposición, se se nos deixa e se

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos apoia tamén para que faga iso.

E esa é unha responsabilidade que terá vostede tamén como presidente da Xunta: unir nos temas que son os retos de país. Non como parece que vai seguir facendo a partir de agora nunha posición de facerlle oposición á oposición. Eu creo que ese é un mal camiño, señor Rueda, é un mal camiño.

Onte encontreime cunha persoa e faloume da Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais. Non entenderon moi ben o que era, ¡eh! Porque pensaron —dixo—: vai crear o Tribunal Constitucional. Ben, ao final á Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais eu creo que era mellor chamarlle, parecíame máis normal ademais chamarlle Dirección Xeral de Garantías Estatutarias. Parecíame moito máis situado e acaído para o que é o noso país e as comunidades autónomas. Pero, ben, ao final é un mero retoque: dunha subdirección elevalo a unha dirección xeral, tampouco dogmaticemos en exceso sobre esa cuestión.

Fixo vostede unha análise postelectoral, de onde eu deduzo que quen non entendeu o resultado ou aínda non o asumiu. A verdadeira responsabilidade á que vostede estaba chamado é vostede, porque nosoutros si asumimos a posición na que estamos. E dicía que, aínda que estamos nunha posición minoritaria neste Parlamento, si evidentemente no que é o país, a arquitectura institucional do país, os socialistas estamos representados —e moi representados— e estamos presentes nas institucións. *(Aplausos.)* E, por tanto, nese sentido o intelixente é defender esa posición de unidade. Esa é a súa responsabilidade. Vai ser o presidente da Xunta, asúmao, non lles pida explicacións aos demais.

Faláballe e ofrecíalle ademais cuestións, e críticas, que eu creo que tamén hai que aceptar. Cando falaba dos fondos europeos, eu puña en min os datos que daba o Consello de Contas, non o que inventaba eu. Pero ben, ao mellor estaba confundido no que dicía. En todo caso, iso é así.

Por tanto, ¿por que non tomamos unha actitude moito máis positiva, que creo que é a que merece o noso país?

Mire, cando lle dicía que un partido como o seu, que leva quince anos gobernando, é que as competencias que se teñen hai que exercelas e, se un ten ambición de país, debe medrar en conseguir máis competencias, como fixeron outras comunidades autónomas. Pero non quixeron, non lles interesou, non é esa a súa vontade nin o seu interese.

Di vostede: agora vai vir a Comisión Mixta de Transferencias e imos falar de todo. Pois claro que si, é onde se ten que falar. E eu vouno apoiar na transferencia da AP-9 para Galicia mentres tanto, que esa é a súa responsabilidade, porque é vostede o presidente da Xunta. Non llo teño que dicir moitas máis veces: é vostede o que ten a responsabilidade de xestionar e de negociar esa cuestión co Estado. Pero eu vouno apoiar. Por certo, como sempre o apoiou o Partido Socialista de Galicia nesta Cámara, sempre, sempre. *(Aplausos.)* Agora, o que non pretenderá é que faga eu de presidente da Xunta, ¿verdade? Para iso non me elixiron os galegos nin as galegas, elixírono a vostede. Verémolo despois, como este Parlamento vai apoiar que vostede sexa o futuro presidente de Galicia, lexítimo, e dígollo unha vez máis.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero hai que demostrar se un ten ambición para ampliar as competencias. E aí é onde podemos discutir todos. E vostede será máis presidente da Xunta se deste Parlamento leva un acordo máis amplo para aumentar esas competencias. E poderá haber discusións e poderemos aceptar ou non unhas cuestións, pero debe ser vostede o que o poña encima da mesa, aínda que nós tamén o faremos. Esa é a súa responsabilidade, non é a nosa. Nese camiño nós ímolo apoiar.

Agora ben, hai cuestións que non se poden deixar pasar sen contestar, como a Lei do litoral. Mire que se lle advertiu por activa e por pasiva neste Parlamento e fóra deste Parlamento que non se metera nese charco desa maneira. Vostede tivo información cando se presentou o borrador da Lei do litoral, e o Estado comunicoulle o seu parecer. Foi vostede despois cando tramitou esa lei de forma rápida e exprés, e non lle quero nin contar o prazo de alegacións que houbo nesta Cámara, xusto antes das eleccións xerais, utilizando a tramitación desa lei como un argumento electoral. A política electoral da que lle falaba eu esta mañá, señor Rueda. E despois dende que a tivo aprobada neste Parlamento de forma rápida e exprés, sen ter en conta nada do que outras administracións podían dicir. O respecto constitucional tamén se refire para que as outras administracións o fagan valer, teñan ou non teñan razón; porque ao final hai un Tribunal Constitucional para dar a razón e quitar as razóns cando un cre que a ten. Pero non, iso fíxose despois. Sorprendeuse de que lle plantexaran un recurso de constitucionalidade.

¡Home!, as cousas non se fan así. O Partido Socialista díxolle que o camiño que levaba era un camiño sen saída, que non era un camiño adecuado e que non ía facer nada por manter a seguridade xurídica. Nesa situación atopámonos hoxe, cando esa cuestión se podía ter solucionado.

Por iso lle dicía: aproveite a Comisión de Transferencias, aprovéitea para sacar partido para este país, e nós ímolo apoiar. Pero comparta connosco tamén o que quere facer, porque quen ten a dirección política deste país a partir de hoxe e de forma xa non en funcións será vostede, señor Rueda.

Faláballe hoxe pola mañá de conformarse cando España lidera a creación de Europa ao acadar marcas históricas, mentres nós quedamos atrás. Eu recoñecía que a situación económica era mellor que no tempo pasado, pero que non era tan boa como a que ten España. Eu creo que ás veces tamén temos que asumir un pouco de crítica cando falamos.

E falaba de que a protección do medio ambiente e a transformación industrial sostible eran unha tarefa complexa, pero que era posible. E aí entramos xa no tema do día, no tema destes últimos meses: o tema de Altri. E di que somos nós os que nos temos que posicionar e dicir claramente si ou non, porque a posición do Partido Popular hoxe nesta Cámara é que se se cumpre a lexislación medioambiental e todos os requisitos dirá «si», e se non, «non». ¡Home!, hai que explicar un pouco máis, hai que explicar as cousas un pouco máis. *(Aplausos.)* Hai —como di vostede— que poñer a lupa e hai que dar explicacións do que pasou desde... Poño aquí o *Progreso*, porque é onde o vin. Eu entereime da noticia polo *Progreso* o 27 de abril de 2022: «Altri poñerase en Palas e xerará dous mil quiñentos empregos»; 27 de abril do 2022. Decembro de 2022: acordo do Consello da Xunta que o declara proxecto estratéxico.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, e digo eu: ¿e a presentación do proxecto que se fai agora en febreiro do 2024, que se somete a información pública —creo que é aínda no momento no que estamos, creo; non sei exactamente se venceu o prazo ou non desa información—?

E pregunto eu: ¿alguén vai explicar algo por parte da Xunta? Porque se ese proxecto estratéxico que se presentou en abril de 2022 e tivo un acordo do Consello da Xunta en decembro de 2022 tiña dous mil quiñentos empregos, agora parece que ten menos de quiñentos.

¿Alguén vai explicar o tema medioambiental, non xa desde unha perspectiva técnica, se, por exemplo, vai ter consecuencias na plantación de máis eucaliptos ou non?, ¿se iso vai afectar dalgunha maneira a explotación e a programación do noso hábitat forestal?, ¿si ou non?

¿Alguén vai explicar se a Xunta de Galicia vai aportar fondos extraordinarios para este proxecto?, ¿si ou non?

Porque eu tamén lembro aquela entrevista que tivemos cando eu era delegado do Goberno de España. E naquela rolda de prensa vostede díxolles aos periodistas que a empresa xa sabía o que a Xunta ía facer.

Pero dende aquela non temos máis que silencios. E este é o momento de dar as explicacións, non simplemente liquidar este asunto dicindo que se cumpre a lexislación medioambiental será «si», e, se non, «non». ¡Home!, iso é moi pobre.

Pero esas explicacións hai que dalas. ¿Vai poñer a Xunta financiamento para ese proxecto, si ou non? ¿Que pasa con eses mil empregos que dicía que tiñan antes e agora non? Por iso é o momento de que vostede dea as explicacións.

Faláballe dun compromiso cos servizos públicos nunha terra que pola cuestión demográfica, polo avance da idade das persoas e pola despoboación son servizos públicos que van ser máis custosos para o noso país. ¿É prioritario ou non é prioritario? ¿É prioritario máis residencias?

E, claro, xa saltou o problema: a Deputación de Lugo. «Non, é que iso non é pública, a xestión non é pública». Si, é pública. Todo o persoal técnico dos centros de atención de maiores da deputación son traballadores e traballadoras da deputación, empregados públicos. Agora ben, se, efectivamente, os servizos de limpeza e os de comedor están privatizados, xestionados por unha entidade que non son empregados públicos, ao mellor é privada. Por iso digo eu, señor Santalices, non vaia ser que a xente pense que o Parlamento de Galicia é unha institución privada porque haxa unha concesión de comedor ou haxa unha concesión de servizos varios. *(Aplausos.)* Non, a xestión é pública, porque está levada a cabo por empregados públicos. Pero ese modelo non lles gusta; non lles gusta porque prefiren outro modelo.

En todo caso, como sabe todo o mundo, non hai ningunha necesidade de prazas para a terceira idade. Ese é o compromiso que nosoutros queremos asumir con todos vostedes, e da man de vostedes tamén, porque esa é a súa responsabilidade.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E cando falamos de se é necesario ou se a vostede lle parece prioritario falar dun modelo de financiamento, pois ao mellor a vostede non lle parece prioritario, a nós si. Pero se lle parece prioritario, váialle dicindo ao señor Núñez Feijóo que deixe de bloquear o financiamento das comunidades autónomas, porque é o que está facendo, torpedeando que ese debate se inicie. *(Aplausos.)*

E, finalmente, falarase tamén da condonación da débeda, señor Rueda, e gustaríanos saber que posición ten vostede aquí. Porque eu xa lle digo que a do Partido Socialista é que a Galicia lle condonen débeda como ás demais comunidades autónomas, como se vai facer.

E deixe xa ese argumento pobre de dicir: non, ¿é que sabe canto lles custa aos galegos a condonación da débeda de Cataluña? Probablemente mañá ou pasado víralle Adrián Barbón á toma de posesión —cousa que me parece fenomenal ademais, xa llo digo— e pódelle preguntar canto lles custa aos asturianos condonar a débeda de Galicia cando ese tema se poña encima da mesa. Non utilice argumentos que realmente se volven na súa contra. Nós estamos a favor da condonación da débeda de Galicia tamén. Vostede, non sabemos, porque nese tema absolutamente non puxo a lupa.

Non falou nin unha soa palabra da relación cos concellos, que, por certo, tamén son país e son de todas as ideoloxías...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** —Si, remato xa, señor presidente.— Son de todas as ideoloxías: do PP, do PSOE, do BNG, de independentes, de Democracia Ourensana. ¿Cal é a relación que pretende ter os vindeiros catro anos? *(Aplausos.)* ¿Que relación vai facer con eles?, ¿unha relación adulta, de compartir proxectos, de esclarecer competencias, de establecer ou non un mellor financiamento para os concellos?

Tamén esa é a súa responsabilidade, porque vostede —se non o sabe, dígollo eu— vai ser o próximo presidente da Xunta. Eu quería, pero, ben, ¿como era aquilo que dicía o expresidente da Xunta de Galicia? Eu quería pero, ben, non sei, non lle apetecía ou...

Pois a vostede, que lle apetece, asuma con responsabilidade. Gústalle ser presidente da Xunta, pero, claro, ten toda unha *retahíla* de obrigacións que hai que asumir sen lugar a dúbidas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** E, por tanto, nese sentido eu deséxolle que teña éxito nesa tarefa.

En todo caso, vai encontrar o Partido Socialista que encontrou esta mañá e vai ser absolutamente sincero nese plantexamento: defendendo a Galicia sempre e cando consideramos que iso sexa así.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Non sempre coincidindo, pero si sempre dialogando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** ...con quen é —dígollo outra vez— o presidente lexítimo de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Besteiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente do Parlamento, señorías, señor Rueda, convidados, dicía pola mañá que o pasado martes eu realmente saín moi preocupada despois de escoitalo, fundamentalmente porque vostede nos demostrou nesa intervención que non tiña ningún proxecto de país. Hoxe, lamentablemente nesta réplica, acaba de confirmalo e de reafirmalo. *(Aplausos.)*

E como non ten ningún proxecto de país vén aquí un pouco facernos o de sempre, con ese ton crispado, ese ton paternalista, ese ton prepotente, sen ser capaz realmente nin de defender o seu proxecto nin tampouco de responder ante as propostas, ante as ideas e ante as ofertas de acordos que lle lanzamos desde o BNG.

E eu insisto, señor Rueda: no BNG o que máis nos preocupa e polo que estamos aquí é por Galiza, é para mellorar a vida dos galegos e das galegas. E póñase as pilas porque este país non pode estar catro anos cun goberno que non ten un proxecto de futuro. Eu non teño por que estar de acordo con el; é que non pasa nada porque o BNG non comparta o seu proxecto. Pero Galiza non pode ter un presidente sen proxecto, porque iso é un fracaso anunciado. *(Aplausos.)*

E quero insistir: non desprece a man tendida do BNG a favor de Galiza. Non desprece que poidamos traballar e chegar a acordos polo ben da cidadanía deste país. Porque eu na súa intervención escoiteille falar da campaña, das eleccións, de datos, pero non lle escoitei recoñecer nin un só problema que hoxe teñen os cidadáns, cando non teñen cita para acudir ao seu médico ou médica de cabeceira, cando teñen nenos e nenas que non teñen pediatra, cando non poden acceder a unha vivenda ou cando literalmente moitos avós e avoas deste país coñecen os seus fillos a través dunha pantalla, porque tiveron que emigrar buscando as oportunidades que vostede non lles deu. *(Aplausos.)* Señor Rueda, saia da campaña e asuma que xa pasamos a campaña electoral e que vostede vai ter a obriga de gobernar.

E insisto: se quere traballar a favor de Galiza, vai ter sempre a man tendida do BNG. Se vostede o que escolleu é ser o presidente da confraría da perpetua crispación, non conte para iso connosco; nós nunca imos estar nesa política da crispación, señor Rueda. E fronte á súa crispación imos seguir facendo unha oposición construtiva, en positivo, para defender os intereses deste país e para seguir dicíndolles a miles de persoas en Galiza que hai outra

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forma de entender a política desde a defensa das ideas e dos ideais. Porque dicía Castelao: «A defensa nobre das ideas é a que fai progresar un país». E nós humildemente, desde a representación que nos deron case medio millón de galegos e galegas, imos traballar pola defensa de ideas para que Galiza progrese, porque esa é a nosa razón de ser. *(Aplausos.)*

Non contestou nin rebateu ningunha das cifras que lle dei; iso si, veu aquí dicir que todo era mentira. Vostede, señor Rueda, é especialista niso, en dar cifras que non responden á realidade, e logo cando se utilizan as cifras dos organismos oficiais vén aquí e di que todo é mentira.

Igual que me parece moi preocupante que un presidente democrático veña aquí dicir que se non opinas como o Partido Popular estás fóra da democracia. É que basicamente é o que veu dicirnos hoxe aquí: se non opinas como o PP, non es demócrata. Señor Rueda, de verdade, respecte a quen non pensa coma vostede, *(Aplausos.)* porque hai miles de persoas neste país que non pensamos coma vostede.

E creo que o primeiro do que ten que ocuparse un presidente é das súas responsabilidades. E a primeira preocupación que debería de ter vostede respecto da política estatal é a súa incapacidade para conseguir nin un só avance para Galiza. Non foi capaz de conseguir nin unha soa competencia, señor Rueda. E é que ademais agora, efectivamente, goberna o PSOE, entón vostedes xa teñen o comodín: goberna o PSOE no Estado e non nos transferiu ningunha competencia. Pero é que cando gobernaba Rajoy tampouco foi capaz de conseguir ningunha. *(Aplausos.)* Entón, o problema non será do Goberno do Estado; será que vostedes están demostrando a súa incapacidade.

E creo que é importante para o futuro de Galiza que non confunda o interese e as necesidades deste país cos intereses cos intereses partidistas do Partido Popular, e sobre todo que defenda o mesmo goberne quen goberne, porque se algo é letal para este país é ver como as forzas estatais cambian de opinión en función de quen senta na Moncloa. E volvemos ter un exemplo. Claro, agora o PP cre que se vai acabar o mundo porque non hai orzamentos no Estado, pero, cando o señor Rajoy deixou os orzamentos prorrogados en 2012, en 2017 e 2018, vostedes non dixeron absolutamente nada, ¡absolutamente nada, señor Rueda!, ¡absolutamente nada! *(Aplausos.)*

E, iso si, hai que ter valor para ser do PP e falar da AP-9. ¡É que hai que ter valor! Mire, agora fan unhas campañas —ademais intensas— porque hai peaxes na AP-9. Descubrírono agora. Descubrírono, si, si, si, e parécenlles poucos os descontos que conseguiu o BNG. ¡Ah!, cando gobernaba o PP e subía as peaxes sen descontos, aplaudían coas orellas. Pero é que é máis, en vez de queixarse polas peaxes que temos que pagar, ¿por que non van montarlle unha protesta ao señor Aznar, que foi quen ampliou a concesión até o ano 2045? *(Aplausos.)* Porque, se non, desde o ano pasado, xa non teriamos peaxes na AP-9.

E tamén quero lembrarlles algo, porque teñen memoria selectiva; non lles gustan as políticas de memoria e teñen a memoria selectiva. Quen vetou, xa non a transferencia, senón o debate da Lei de transferencia que aprobamos por unanimidade neste Parlamento, foron dous compañeiros seus de partido: o señor Rajoy desde a Presidencia do Estado e a señora Ana

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pastor desde a Presidencia do Congreso. ¡Hai que ter valor para ser do PP e falar da AP-9! *(Aplausos.)*

Vostedes levan quince anos gobernando. Cargáronse a política social de vivenda, pero agora falamos de vivenda e a culpa de que non haxa é dos concellos do BNG. *(Risos.)* En fin...

Señor Rueda, abandone a demagoxia, saia da súa realidade de telexornal e pregúntelle á mocidade deste país se está contenta coa súa política de vivenda. Pregúntelles aos mozos e mozas, que xa nin soñan con emanciparse, porque é que os prezos dos alugueiros están absolutamente desorbitados, e vostedes nin poñen solucións nin, desde logo, queren actuar. É a peor das políticas.

E si, señor Rueda, aínda que lles moleste moitísimo, imos seguir recordándollelo: vostedes fan unha política fiscal a favor dos ricos. ¿Que é, se non, ese agasallo fiscal que lles fixeron ás 7.700 persoas que teñen máis patrimonio deste país, 36 millóns de euros? ¿De que lle vale a unha persoa que cobra un salario medio en Galiza, ou á que cobra un salario mínimo, que vostede lle rebaixe 20 euros na renda se despois non ten pediatra e ten que pagar 50 euros cada vez que o seu fillo ou a súa filla está enfermo? *(Aplausos.)* A xente o que quere é servizos públicos e non unha política fiscal pensada para os que non necesitan eses servizos públicos.

E, xa por último —porque me queda moi pouco tempo—, quero dicirlle algo moi claro a respecto de Altri. Vostedes mentiron, enganaron e ocultaron información. *(Aplausos.)* A proposta que trouxeron a este Parlamento era que iamos ter unha fábrica de fibras téxtiles. Esconderon o proxecto na campaña electoral —porque son vostedes quen o agocharon— e agora, unha vez que coñecemos por que o estaban agochando, o que sabemos é que non estamos falando dunha fábrica de fibras téxtiles que vai pechar o ciclo produtivo da madeira. O que imos ter é unha macrocelulosa dez veces máis grande que Ence e que pon en risco o modo de vida de miles de persoas. *(Aplausos.)* E deixe de faltarlle ao respecto á veciñanza, que ten a suficiente intelixencia para ler os documentos que se publican; deixe de faltarlle ao respecto á veciñanza, que lle está dicindo que non quere esa macrocelulosa contaminante nunha das comarcas máis produtivas deste país. Señor Rueda, respecte a xente que non pensa coma vostede. *(Aplausos.)*

Señorías, remato a miña intervención. Estamos no inicio dunha nova lexislatura na que este país ten grandes retos; grandes retos aos que nós, humildemente, desde a representación que nos deu a cidadanía, imos contribuír, desde a confianza neste país, poñendo sempre por diante aos galegos e ás galegas e dicíndolles alto e claro: a man tendida do BNG para defender Galiza, a man tendida do BNG para defender a sanidade pública, a educación pública, un modelo produtivo a favor da maioría, para defender os dereitos sociais, para defender a nosa lingua e para defender o autogoberno. Aquí está esa man tendida a favor de Galiza, porque esa é a nosa única razón de ser: os galegos e as galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.

Señorías.

¡Como me alegra ver de volta ao vello BNG! ¡Canto se botaba de menos! Era vostede tan pouco recoñecible, señora Pontón, nese papel amable que leva intentando desempeñar nos últimos meses que me alegra moito vela de volta. O que lamento moito é que no primeiro debate que ten lugar neste Parlamento nesta lexislatura empecen vostedes mentindo dunha maneira tan flagrante, e créame que o lamento.

Vou dar lectura a unha iniciativa —a unha parte dela— do PSdeG-PSOE: «A empresa lusa anunciou que o denominado "Proxecto Gama" estaría situado na localidade de Palas de Rei. Este proxecto supón a creación dunha planta para a elaboración de pasta soluble de papel, cunha capacidade para producir 200.000 toneladas ao ano, que se integrarán parcialmente na produción de fibras téxtiles de orixe forestal, concretamente de *lyocell*, cunha capacidade inicial de 60.000 toneladas ao ano, ata alcanzar a máxima capacidade instalada de 200.000 toneladas anuais». E solicitaban: «...poñer á disposición da empresa promotora de fibras téxtiles en Palas de Rei o asesoramento técnico e económico para conseguir o financiamento necesario do proxecto e acudir ás convocatorias de PERTE establecidas polo Goberno de España». Data, 24 de marzo de 2023.

¿Como se pode mentir con ese descaro? ¿Como é posible? *(Aplausos.)* ¡24 de marzo de 2023! ¡Señora Pontón, non me poña caras! ¡Non me poña caras, por favor! ¡É que é lamentable! ¡É lamentable! *(Aplausos.)*

E veñen aquí e teñen a desvergoña de acusar o Partido Popular de mentir, de enganar e de manipular. Mire, di un refrán español que vale máis unha imaxe que mil palabras. Voulles ensinar non unha imaxe, dúas. A primeira é unha foto que sacaron os alcaldes do Partido Popular que foron visitar as instalacións de Altri en Portugal. *(O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.)* E a segunda é a foto que os que din que están defendendo esa comarca colgaron na praza, e fixérona pasar como a mesma que sacaran os alcaldes. *(O señor Pazos Couñago mostra outra fotografía e sostén unha en cada cunha man.)*

Vouno preguntar moi claramente: ¿pero quen está aquí mentindo, manipulando e enganando os veciños da comarca? *(Aplausos.)* Mírena ben, ¡mírena ben! ¡Señor Besteiro, mírea ben! ¡Oh, oh!

Señor Besteiro, deixoume vostede moi preocupado coa súa intervención; moi, moi, moi preocupado coa súa intervención. ¿Como que, se cumpre Altri, haberá que ver se se apoia? ¡Home!, onte había un ministro dicindo que isto era unha convocatoria en concorrencia competitiva e que, se cumpría, ía garantir. Agora vostede di que non, que hai que facer algunhas comprobacións extras, se lle gusta a vostede ou non o proxecto; o proxecto, por certo, que ao seu grupo lle encantaba. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Pero, ¿de verdade? Se quere, vólvollo ler, pero é que teño só dez minutos. Non se preocupen, temos catro anos por diante para recordarlles todas e cada unha das trolas que levan contando nesta e noutras moitas materias.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede hoxe, por certo, contou unha que me parece especialmente grave, porque esa é da súa responsabilidade. Propuxo hoxe un pacto polos servizos sociais públicos. ¡Bueno, é curioso! Mire, señoría, falaron esta mañá do SAF. Non sei se o saben, pero os concellos que máis privatizaron o servizo de axuda no fogar (o SAF), en Galicia foron: os gobernados polo Bloque Nacionalista Galego, no 46,6 por cento dos casos; os do PSOE, no 45,5 por cento —andan un pouquiño por detrás— e os do Partido Popular de Galicia, no 30 por cento. ¿Quen privatiza aquí servizos?

Pero paréceme aínda máis grave que veña vostede dicir que as residencias de Lugo son públicas, e que veña mentir. Porque vostede dixo aquí agora mesmo —escoitamos todos— que só eran os servizos auxiliares os que estaban privatizados. ¡É mentira!, e teño que dicilo —e laméntoo— con esa contundencia. ¡É mentira! Todas as auxiliares xeriátricas, as persoas que atenden os maiores nesa residencia, están en empresas privadas. E iso que di vostede da dirección refírese a un director, a un director por residencia; o 90 por cento dos traballadores son de empresas privadas. *(Aplausos.)* ¡Pero como se pode ter ese desafogo en sede parlamentaria! ¿Pero a onde cre que vén vostede?

Están vostedes enormemente alonxados da vida real dos galegos. Esta mañá escoiteille dicir a vostede —xúrolle que quedei abraiado— que non coñece a ninguén que use o transporte público da Xunta de Galicia. ¡A ninguén! Bueno, o problema é que a señora Pontón tampouco coñece a ninguén que pague a peaxe da AP-9, porque, se non, non se atreverían a dicir que hai bonificacións cando nos acaban de meter a subida de peaxes máis importante da nosa historia. *(Murmurios.)*

¿Pero en que país viven vostedes? Na Galicia que vota é evidente que non, e por iso van seguir alí, non catro anos, van seguir moito máis tempo, ata que deixen de prestarlle a súa voz a Galicia, que está farta de tanto préstamo, e lle empecen a prestar oídos, que non escoitan, señorías, ¡non escoitan! *(Aplausos.)*

Eu levo non sei cantos días escoitando a señora Pontón pedir respecto para os 700.000 galegos que non votaron o Partido Popular. Eu respéctoos absolutamente a todos e a cada un deles. A miña pregunta é: ¿cando vai empezar o respecto polo máis dun millón de galegos que lles dixeron non ao proxecto do BNG? ¿Cando os vai respectar? ¿Cando vai respectar ese 70 por cento de galegos que lle dixeron outra vez non á súa tarefa eléctrica, non ao bloqueo industrial, non á autodeterminación e non a esa visión triste, gris, cinza, «pontoniana» de Galicia, que xa non lle compra ninguén?

Señora Pontón, deixe o branco e negro e volte á Galicia de color, que hai unha Galicia —na que estamos moitos aquí— que lle xuro que é unha Galicia feliz, que é unha Galicia contenta, que é unha Galicia que aspira a prosperar. Calquera que os escoite é que, de verdade, diría que sumirían todo un pobo nunha profunda depresión. ¡E non hai motivo para isto! Hai moitos motivos de alegría, hai moitos motivos para mirar con esperanza o futuro.

Eu escoito cousas que son realmente sorprendentes. Señor Besteiro, dixo vostede que nunca se crearon máis prazas de MIR e que non se crean máis porque non se piden. Señor Besteiro, hai anos que lle estamos pedindo ao Goberno de España que convoque unha convocatoria

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

extraordinaria para crear mil prazas MIR máis en atención primaria. Votouse no Congreso e apoiárono en todos os grupos; vostede non —¡vostede non!—. ¿Cando van cumprir?; ¿cando van deixar de queixarse aquí da falta de médicos mentres paralizan a creación de novas prazas médicas alá onde gobernan? ¡É que non é serio! *(Murmurios.)* E di vostede... Xa entendo —estame facendo acenos a señora Castro—, despois dos catro anos que botou aquí, se esta é a asesoría que ten vostede entendo perfectamente o discurso desta mañá —enténdoo perfectamente—; francamente, paréceme lamentable.

Mire, vostede prometeu en campaña unha AP-9 galega e libre de peaxes; prometeuno, ¿eh? Non dixo en ningún momento que estivese condicionada a que os galegos o tivesen que facer... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, ah!, que ¡estaba condicionada! *(Risos.)* *(Murmurios.)*

Señor Besteiro, de verdade, eu creo que leva vostede un primeiro día francamente mellorable. *(Risos.)* Ten catro anos e, en fin, os galegos puxeron nota o 18 de febreiro. Eu recordo cando, nunha de tantas modificacións da Lei de educación que fixo o PSOE, cambiaron as notas para que a xente non collese así un trauma. Vostedes están claramente no «necesita mellorar»; necesitan mellorar, de verdade, dígollelo de verdade, ¿eh?. *(Aplausos.)*

Eu non me quero despedir —porque se vai acabando o tempo— sen dar as grazas ao señor Ojea polo ton —dígollo de verdade—; pero, ¡home!, iso que dixo sobre como votan os deputados do PP de Ourense..., ¡pois como todo o mundo! Non sei se en Ourense Democracia Ourensá vota por barrios; entendo que votará, ¿verdade?, seguindo unha certa coherencia. Eu asegúrolle que vou intentar manter o máximo respecto cara á súa representación, e pídolle que faga exactamente o mesmo cos oito representantes do Partido Popular de Ourense, que, por certo, non perdeu ningún escano. O seu escano non é polo descontento deles; igual ten que buscar o descontento noutras filas, señor Ojea. *(Aplausos.)*

Como os vin moi preocupados polo crecemento de Galicia, voulles dar un dato que —creo— é bastante contundente, por máis que o BNG e o PSdeG se empeñen en negalo. Miren, dende hai quince anos, que o Partido Popular goberna Galicia, esta comunidade creceu o duplo que a media española: un 12 por cento fronte ao 5,7 por cento do Estado. Eu non creo que esa sexa unha medalla que nos debamos poñer exclusivamente os representantes do Partido Popular; creo que é un logro colectivo de todos os galegos, pero estaría moi ben que, por unha vez, non tivésemos que estar desmentindo de maneira permanente os logros que corresponden a toda Galicia. Eu invítoos a sumarse a un pacto —non a todos estes que ofreceron á mañá—, a un pacto pola coherencia; a un pacto no cal simplemente xoguemos con cartas claras, aportemos datos que se poidan demostrar e digamos cousas que están recollidas en todos os documentos públicos.

Eu remato xa porque, a verdade, aquí hai corenta persoas que —xa llelo digo dende agora— temos ganas de votar; temos moitas ganas de votar. Así que, señor candidato —e prometo que esta vai ser a última vez que me dirixa a vostede así— non somos —como puido ver— demasiado optimistas respecto das actitudes que a oposición vai manter nesta lexislatura, pero albergamos grandes esperanzas sobre o futuro de Galicia e albergamos grandes esperanzas sobre o futuro do seu goberno.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dentro duns minutos, os corenta homes e mulleres do Grupo Parlamentario Popular iremos pronunciar o noso voto positivo. Farémolo con orgullo, farémolo con confianza e farémolo con moitas ganas de poder chamalo, por fin, presidente de todos os galegos.

Parabéns, presidente.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Peche deste debate, o señor Rueda.

**O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Ojea, reitero o que lle dixen na primeira intervención: grazas polo ton. Eu agardo que durante esta lexislatura sexamos capaces de sentirnos todos satisfeitos.

Simplemente, quero recordarlle que aquí hai moita xente que representa Ourense, e eu o primeiro como presidente da Xunta de Galicia. Galicia é moi grande, Galicia ten moitas necesidades e hai moitas cousas que facer, e, polo tanto, Ourense será algo fundamental para que vostede crea que as cousas se están facendo ben e para que o crean todos os representantes que están aquí e, sobre todo, os cidadáns de Ourense.

Señor Besteiro, non me contestou —e tampouco a señora Pontón—. Entón, imos ir pedir a gratuidade da autopista o luns, se quere. Eu xa lle dixen que se quere falamos da transferencia. É que sobre a transferencia, vostedes —o seu grupo— xa a votaron en contra a última vez que foi ao Congreso. Non sei se vostede estaba, ou aínda non, nese carrusel que tivo de cargos, pero o Partido Socialista votou en contra. Agora di que conte con vostede para que voten a favor, ¡bueno!, volverémolo intentar; e, á parte, pode ser rápido —así o agardo—, e veremos se é así ou non é así. Pero sobre o da gratuidade hai que esquecerse, xa se lle escapou a vostede. Iso era no caso de que fose presidente da Xunta, se non os galegos que se fastidien: que o votasen; Polo tanto, a seguir pagando a autopista. É así, ¿non?, señor Besteiro, como vostedes conciben estas cousas. ¿Dáse conta de que así é moi complicado facer as cousas ben?

En canto á Lei do litoral, supoño que vostede sabe que o señor Formoso fixo unha declaración pública dicindo que estaba de acordo coa lei; supoño que vostede sabe que, cando se aprobou a lei neste Parlamento, o seu grupo, e tamén o BNG, non votou en contra. E se estabamos tan avisados e sabiamos tantas cousas, ¿por que non presentaron ningunha emenda? Será que estaba ben; será que se a razón era a redacción do Estatuto e que se ao País Vasco se lle acaba de traspasar, coa mesma redacción literal que ten o Estatuto de Galicia, ao mellor é que hai algo máis e hai esa intención que eu lle dicía á mañá, e que vostede di que vai cambiar. ¡Ogallá!, será bo para todos e eu recoñecereillo.

Se o presidente do Goberno cre que as cousas que lle pide o presidente da Xunta de Galicia, elixido por todos os galegos, non ten por que atendelas, pero, en cambio, ten que

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atender as que lle pide vostede, que ten aquí nove deputados, ¡eu vou con vostede a onde sexa —¿eh?—!; non hai ningún problema. O que quero é conseguir cousas para Galicia; se funcionan así, ¿que lle imos facer? Será lamentable, pero se vostede se ofreceu e lle serve para algo a Galicia e queren funcionar así... Se llo pide o presidente elixido democraticamente —ou así o agardo, cando sexa a votación— non vale de nada e se llo pide o seu representante aquí, pois si, ¡bueno!, pois entón, tiremos por ese camiño mentres vostedes duren, que espero que non sexa moito.

En canto ao tema de Altri, o señor Pazos non tiña máis que ver a cara de sorpresa que puña a señora Pontón—: «¿¡esa foto?!, ¡¿que me está a dicir?!». ¡Si, si!, señora Pontón, así as gastan vostedes con esa manipulación, con esa demagoxia. Vostede agora vén dicir aquí que resulta que nun proxecto que coñecían perfectamente e sobre o que dixen que para producir óleo-cel fai falta producir 260.000 toneladas de pasta de celulosa —materia prima—, que é a metade do que produce Ence, vostede di, que vai ser dez veces a fábrica de Ence. Así é todo o que di a señora Pontón; ¡así é todo! *(Aplausos.)* ¡E dálle exactamente igual! Pero se non sei de que nos sorprendemos se acaban de facelo cos *pellets*. ¡Que de disparates dixeron!, esperando que, na campaña e pasado o tempo, a xente non se acordase de todo o que foron capaces de dicir, levando por diante un prestixio gañado a pulso polos traballadores do mar en Galicia; e iso lles deu exactamente igual.

Agora a historia repítese, e xa veremos como acaba. Se hai rigor... ¡Si, si!, señor Besteiro, é que nós funcionamos así, se os proxectos cumpren, *(O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* hai que autorizalos, e, se non cumpren, hai que denegalos. A vostede, ao mellor, sorpréndelle moito iso porque, ¡claro!, como funcionan por outros criterios: «se me apoias», «se non me apoias», «se me serve para seguir gobernando e se non é así»... ¡Non, non!, aquí xa lle dicía que para nós o tema de gobernar ben é bastante importante.

Por certo, oia, sorpréndeme. Eu, efectivamente, nesa entrevista dixen que nós tamén aportariamos dentro dos fondos que temos. Pero, ¡home!, que haxa 18.000 millóns de euros dos PERTE industriais empantanados, sen moverse e que se van perder, que os van aproveitar noutros países, e que vostede crea que o importante é o que vai poñer a Xunta de Galicia, e dá igual que iso se perda e non o vaia aproveitar ninguén, é bastante curioso, señor Besteiro. Pódolle asegurar que nós temos unha execución magnífica dos fondos europeos, e irán para outro lugar. ¡Claro!, ¡non!, o importante é que o van poñer vostedes. Non, hai 18.000 que se van perder, e que, ao mellor, van para Francia ou para Portugal, ou para calquera outro sitio; iso é o de menos. Así non se pode funcionar, señor Besteiro; non se pode funcionar.

Dime que está paralizado o financiamento das comunidades autónomas; que o paralizou o PP. Oia, hai catro meses que lle pedimos ao señor Sánchez o número de presidentes que exixe a lei para que se convoque automaticamente unha conferencia de presidentes. ¡Nin contestou! ¿Sabe para que é esa conferencia de presidentes? Para falar do financiamento das comunidades autónomas; polo tanto, ¿quen está paralizando, señor Besteiro? Está paralizándoa o seu xefe, ao cal vostede se sente aquí obrigado a defender faga o que faga. E isto é moi indefendible porque tiña que convocala; porque todo un presidente do Goberno está incumprindo a lei, e dá igual. E é para iso.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregúntame que se eu quero. Voulle contestar. Vostede acaba de chegar aquí e non ten por que sabelo; xa o contestei máis veces. ¿Sabe o que eu quero para Galicia? Exactamente o mesmo trato que van dar a Cataluña; e os mesmos cartos que van dar a Cataluña eu quéroos para Galicia, e en Galicia decidiremos onde son máis necesarios; *(Aplausos.)* polo tanto, se vostede vai apoiar iso, señor Besteiro, eu agradézollo moitísimo. *(Aplausos.)*

Fagamos unha conta —é moi fácil—; xa a faremos e estámola facendo. Oia, tantos —xa deben ir— miles de millóns; pois, pedimos o mesmo para Galicia, en proporción. Non temos o mesmo tamaño nin as mesmas circunstancias. ¡Si, si, en proporción! Pode saír unha terceira parte —non sei canto—, pero se vostede nos apoia niso, ¡perfecto! Porque hai moito máis que a condonación. Falemos en neto, que é como se entende a xente: tantos cartos para Cataluña, tantos cartos para Galicia e para o resto das comunidades autónomas. Se isto vai diso. ¡Claro!, se cremos que formamos parte todos dun Estado e que a igualdade e a solidariedade territorial valen para algo.

Mire, quedan catro anos por diante. Volvo reiterar o que lle dixen na miña primeira intervención. Creo que vostedes teñen moito terreo que recuperar; alá vostedes se non o saben entender, e creo que poden ser unha oposición construtiva —eu espéroo, sinceramente—. E se vostede pode contribuír para que o trato absolutamente intolerable que, no día de hoxe, lle está propugnando o Goberno central a...

Acabo de recibir unha carta do presidente Sánchez, non pode vir á toma de posesión —estaba invitado, por suposto—; pódoo entender. Supoño que fará unha delegación porque non dixo absolutamente nada e outras veces si o dicía. Polo tanto, será tratado como o que é, o presidente do noso país, e cando me reciba haberá moitas reivindicacións. Se mentres podemos facelo doutra maneira, porque vostedes funcionan con outro sistema, pois moi ben, terá que ser así, señor Besteiro. Agora, este trato ten que parar.

E mire, en canto a esa parella que mencionou, digo que vostede espabile, sinceramente. Esa parella que vostede utilizou, esa parella de dúas persoas: unha, votounos a nós e, a outra, probablemente a vostede non o votou; *(Risos.) (Aplausos.)* polo tanto, espabilen bastante porque, se non, cada vez vai ser peor. *(Aplausos.)*

E, señora Pontón, mire, ten razón o señor Pazos, isto é o de sempre. Non sei se 23, 24 ou 25 anos, pero sempre é o mesmo; sempre é o mesmo. Despois de cada intervención miña —eu pensei que ía haber algún cambio nesta lexislatura—, vostede queda abraiada polo que eu dixen, vostede séntese ofendida e eu son paternalista. ¡Sempre é o mesmo! E vostede fala do Día da Marmota. ¡Día da Marmota de libro, señora Pontón!; o Día da Marmota de libro. Sempre son as mesmas cousas, sempre son as mesmas reaccións.

Díxome que se deu conta, despois da miña intervención, de que eu non tiña proxecto. Non, xa se deu conta antes; antes de que llo puidese explicar xa dixera tres días antes que non pensaba votalo; polo tanto, ¿que nos vén contar agora mesmo? ¡Que sorpresa sería que dixese unha cousa contraria! ¡Claro!, se quere ser coherente niso e se quere que lle creamos, pois terá que esperar. Xa sei que non me vai votar en ningunha circunstancia porque ¡bueno, home!, o Bloque sempre está en posesión da verdade, e que máis dá o que votase a xente.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non hai nin que escoitar, hai que dicir que non antes de escoitalo, pero, entón, non me diga que non me vai votar porque despois de escoitarme non lle gustou o que dixen.

E das cifras non lle vou falar, señora Pontón. Xa lle digo que isto si que é un bucle melancólico: vostede terxivérsaas, manéxaas de calquera maneira, sempre fala de organismos oficiais que non cita, ás veces vaise aos axentes privados —para iso si que lle valen as malditas empresas; para manexar cifras si que lle valen—. E disto supoño que teremos catro anos máis —e xa non sei cantos van; non sei cantos leva vostede: oito antes de que eu estivese aquí— facendo exactamente o mesmo; polo tanto, non vou perder o tempo niso.

Sobre as competencias, dígolle o mesmo. Vostede dixo que non temos transferencias. Hai dúas fundamentais. Volvo dicir, está vostede de acordo en que —despois de non votar en contra, despois de estar clarísimo que Galicia necesita ordenar o seu litoral— o Goberno se opoña a que xestionemos esa competencia, baseándose en que o Estatuto non o permite, mentres que o Estatuto do País Vasco di exactamente o mesmo?; ¿está vostede de acordo? Diso nunca fala, supoño que porque lle é moi difícil mandar algún tipo de postura.

E despois da autopista eu vólvolle recordar algo: non conseguiron nada do que nos dixeron que ían conseguir. Ía ser tremendo; primeiro, unhas rebaixas impresionantes, que non o foron en absoluto, e despois ía ser a gratuidade. Pero como ten aquí o seu compañeiro de oposición, que dixo que ía ser gratis, eu volvo dicir: imos os tres —e, por min, que veña o señor Ojea— o luns a Madrid e traemos o martes esa gratuidade. Volvo dicilo e volvo poñelo enriba da mesa, porque agora resulta que nos temos que ir á transferencia. ¡Se iso tamén!, pero, señor Besteiro, supoño que, se chegasen a ter a maioría necesaria para gobernar, pois se porían de acordo niso, na gratuidade, pero para iso non facía falta ningún tipo de transferencia.

E de Altri, señora Pontón, ¡é que quedaron tan ao descuberto...! Volvo dicir: esa cara de sorpresa —que supoño que estará gravada, así o espero—... ¡É que, ao final, se abraian das súas propias mentiras! ¡É que din tantas que xa saíron fóra do seu control! Entón, ¿como podemos dicir iso? Pois si, si, iso e moitas cousas máis. Xa lle digo, dez veces máis que Ence. E o que era un gran proxecto cando vostede creu que ía ser a presidenta da Xunta, de repente se converteu, dun día para outro, nun desastre medioambiental sobre o que hai que influír —¡menos mal, xa lle digo, que vostede non vai ser presidenta!— nos técnicos, que terían que dicir o que vostede cre que politicamente procede... En fin...

E, dende logo, señor Besteiro, esa iniciativa que se acaba de ler do Partido Socialista, onde dicía que non se sabía nada... Está todo aí, ¡está todo aí! Polo tanto, señor Besteiro, vostede pode ter a desculpa de que non estaba e a carga de que os seus compañeiros, que si que estaban, non o informaron. Pero a señora Pontón estaba, ¡eh!, e sabíao todo, ¡todo! O que pasa é que, claro, agora hai que dicir que non, e así son tantas cousas.

Polo tanto, preparémonos. Nós, desde logo, ímonos preparar para gobernar —xa o estou vendo e laméntoo; espero que cambie, e volvo tender a man con eses pactos—. Espero que vostedes se dean conta de que, despois do veredicto electoral, o que toca é remar todos

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xuntos. E estas políticas de tender a man que nos dicimos todos, pola miña parte van absolutamente en serio en cuestións absolutamente fundamentais. Polo tanto, a miña responsabilidade é plantexalo e a miña obriga é escoitar o que teñan que dicir vostedes desde a oposición e, se é posible, intentar incorporalo á tarefa de goberno, cumprindo, iso si, os nosos compromisos, que son moi claros. Eu dicía o outro día no discurso de investidura que non só hai que pensar nesta lexislatura —que tamén—, senón que hai que pensar na Galicia da próxima década; que así é como se plantexan e como se fan as políticas planificadas que realmente son eficaces.

Eu o que quero é que haxa un goberno —que é o que vou formar—, capaz de materializalo e un grupo parlamentario que o apoie; e, se pode ser, que os grupos da oposición tamén o apoien en todo o que sexa posible.

Hai unha folla de ruta clara que eu presentei no meu discurso. A folla de ruta era: seguir fomentando o retorno dos galegos, que é fundamental —a señora Pontón falaba do reto demográfico; outros 30.000 ata o ano 2026, e xa retornaron 30.000 na anterior edición do Programa Retorna—; simplificar e unificar todos os procesos administrativos da Xunta, sobre todo os que beneficien as persoas que se relacionan coa Administración —esa desburocratización da que estamos falando, esas axudas, por exemplo, para autónomos, reunidas nunha soa convocatoria—; menos trámites e mellor acceso no financiamento en xeral; compromiso na tramitación nos prazos dos proxectos estratéxicos; seguir desenvolvendo a Sociedade —pioneira agora mesmo, e non foi nada sinxelo facelo; baseábase na confianza dos empresarios, e xa a tivemos— de Recursos de Galicia é fundamental para esa Galicia verde, para aproveitar as oportunidades dese pacto que eu lles propoñía; pechar os procesos de mobilización —agora en marcha— de 65.000 hectáreas de terra agraria e recuperar outras 50.000 que agora están abandonadas e poñelas en produción; e defender a revisión da política pesqueira común, defender a cadea mar-industria.

Señor Besteiro, non é certo que me diga vostede tamén outra vez —lamento dicilo porque cando llo escoitamos ao señor Planas non o entendemos moi ben— que non ten nada que ver o descenso do consumo do peixe co prezo que está tendo, que é independente e que dá igual e que se baixa o consumo o prezo é o de menos. Polo tanto, eu ¡alá o ministro co que diga!, pero ¡que defenda vostede esa postura...! Non creo que poida ir á xente do mar, á cadea mar-industria e dicirlles que hai que manter —ao mellor aínda incluso subir— o IVE do peixe e da carne.

Tamén facilitar que as mulleres que queiran ser nais poidan selo co apoio da sanidade pública, e aí está esa ampliación que acabamos de facer da fecundación *in vitro* e da conxelación de óvulos e reforzar o enfoque preventivo do Servizo Galego de Saúde. Os cribados van ser fundamentais. Seguiremos coa atención, seguiremos reclamando iso que non depende de nós, esas convocatorias MIR, ese cambio e flexibilización dos criterios de docencia e seguiremos facendo toda a nosa parte, dedicando unha parte moi importante dos orzamentos da Xunta á sanidade pública. Seguiremos innovando na oncoloxía: ese centro de protonterapia que acaba de empezar a funcionar, ese centro de fabricación de fármacos CAR-T, eses robots Da Vinci que xa están funcionando en todas as áreas sanitarias, eses novos hospitais, eses novos centros de saúde e esa axuda que está dando —fundamental—

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a Fundación Amancio Ortega, que antes a señora Pontón criticaba tanto, ata que un día a foi visitar; a partir de aí espero que xa lle guste. Ten mil prazas máis para maiores e persoas con discapacidade. Hai que atender as novas tendencias sociais, velar polos nenos e adolescentes, protexelos desde todos os puntos de vista, tamén normativos, con esas medidas innovadoras, como a supresión dos teléfonos móbiles nas escolas, as campañas contra o acoso escolar, os protocolos, a prohibición de bebidas enerxéticas ou axudar as nenas e os nenos nas súas actividades extraescolares. Iso é conciliación, iso é axudar ao reto demográfico.

A universidade vai ser cen por cento gratuíta —non sei se llo dicía ao señor Besteiro ou á señora Pontón esta mañá—, coa extensión que existe en Galicia, que non o ten ningunha outra comunidade autónoma, e creo que iso ten que ser un orgullo para todos. E temos que conseguir ese obxectivo —explicitado moitas veces e medible— de 8.000 vivendas públicas ao final da lexislatura. ¡Moitas iniciativas!

Polo tanto, eu para todo isto pídolles, con responsabilidade, a súa confianza, sabendo o que pido e sabendo ao que me comprometo, a que nos comprometemos. E fago todo isto con responsabilidade para afrontar os retos do presente e do futuro, que non van ser sinxelos. Pido responsabilidade forza, empuxe e unidade no fundamental para defender Galicia en todos os foros; en todos, os que existen a nivel autonómico, os que existen a nivel nacional e os que existen a nivel internacional. Responsabilidade para velar polo equilibrio das contas públicas —creo que son fundamentais—, para seguir tendo un orzamento cada ano, para seguir vixiando o déficit e seguir controlando que non suba. Seguir cumprindo todas as previsións realistas que se poñan nos orzamentos creo que é algo fundamental.

E pido confianza para prosperar dende o respecto, porque somos unha sociedade aberta. Que non veña a crispación a Galicia; que non nos traian aquí o que estamos vendo noutros lugares e non queremos. Que sigamos sendo como somos. Temos que gobernar desde «o sentidiño», comportarnos desde «o sentidiño». Pido confianza, en definitiva, para seguir superándonos, que nos podemos superar, para que a xente fale de nós. Galicia está de moda; estamos vendo toda a xente que vén visitarnos. É unha terra amable, unha terra acolledora, unha terra na que se fixa moitísima xente; non só para visitarnos, para facer turismo, tamén para investir, tamén para ver o que estamos facendo aquí, as medidas pioneiras, os fitos que alcanzamos. A xente quere vir coñecernos, saber como o estamos facendo.

Pido confianza para reforzar os servizos públicos fundamentais, a sanidade pública, a educación pública, a política social, o fomento dos sectores económicos e estratéxicos... Todo iso hai que seguir facéndoo. Confianza para ser unha comunidade cada vez mellor vertebrada, para seguir facendo infraestruturas, para seguir reclamando ás outras administracións que se reparen as que están mal, que teñen que facelo; hai que pedir simplemente o mesmo trato que noutros sitios se está dispensando hai moitísimo tempo. Confianza, en definitiva, para, sen esquecer o que fomos, saber o que somos agora e, sobre todo, o que queremos ser.

Polo tanto, agora que se vai producir a votación, eu pido a confianza para ser o presidente nada máis e nada menos que de todos os galegos e galegas. Logo dun proceso electoral, logo de que a xente falara libremente, cunha alta participación, e se expresara en democracia e

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en liberdade, eu, sen matices e sen excepcións, quero dicir que quero que fagamos este camiño xuntos, con humildade, con firmeza e por Galicia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Rematado o debate, anunciaremos a votación, que a faremos ás seis e dous minutos; en breve. Avisaremos acusticamente con tres chamadas, pero a votación será sobre as seis, sobre as seis e dous minutos.

Entón, suspendemos ata ese momento.

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión.*

**O señor PRESIDENTE:** Reiniciamos a sesión.

¡Por favor!

Controle que estean todos.

Agora si. ¡Por favor!, imos reiniciar a sesión. Procedemos deseguido á votación para a elección do presidente da Xunta de Galicia.

A votación efectuarase conforme o procedemento que se explicou hoxe á mañá; e, de seguido, a señora secretaria procederá a sacar á sorte o nome da deputada ou do deputado polo cal se vai comezar a votación. Os membros do Goberno en funcións e os da Mesa da Cámara votarán ao final, e rematará a votación esta presidencia.

Polo tanto, procedemos ao sorteo. ¡Ah, bueno, perdón!, as súas señorías deberán responder desde o propio escano cun si, cun non ou cunha abstención.

E procedemos, polo tanto, ao sorteo. A ver por que deputados e deputadas comeza a votación.

*(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, saca á sorte o nome do deputado ou da deputada polo que comezará a votación.)*

A votación comeza por dona Rosana Pérez Fernández.

**A señora SECRETARIA (Vázquez Mourelle):**

Pérez Fernández, Rosana: Non.
Pérez López, José Daniel: Non.
Pérez López, Noelia: Si.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1i-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pomar Tojo, Carmen María: Si.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Non.
Prado del Río, Paula: Si.
Presas Bergantiños, Noa Olalla: Non.
Queixas Zas, Mercedes: Non.
Ríos Santomé, Paulo: Non.
Rodil Fernández, Olalla: Non.
Rodríguez Dacosta, María del Carmen: Non.
Rodríguez Martínez, Roberto: Si.
Rodríguez Miranda, Antonio: Si.
Rúa Nova Vilas-Boas, Brais: Non.
Santamaría González, Raúl: Si.
Sanz Arias, Cristina: Si.
Suárez Fernando, Iago: Non.
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago: Non.
Taibo Corsanego, Iria: Non.
Trenor López, Gonzalo: Si.
Valcárcel Armesto, Monserrat: Non.
Verea Fraiz, Borja: Si.
Vidal Lamas, Sonia: Non.
Abalde Alonso, Ernesto: Non.
Alén Castro, Gabriel: Si.
Aneiros Barros, Martina: Si.
Arias Fouz, Javier: Si.
Arias Rodríguez, Raquel: Si.
Balseiro Orol, José Manuel: Si.
Balseiros Guinarte, Silvestre José: Si.
Bará Torres, Xosé Luís: Non.
Barreiro Sánchez, Enrique: Si.
Carreira Pazos, Iria: Non.
Castro García, Daniel: Non.
Castro Rey, Paloma: Non.
Deza Martínez, María: Si.
Díaz Mouteira, María Sol: Si.
Espinosa Mangana, María Elena: Non.
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás: Non.
Fernández Davila, María Cristina: Non.
Fernández Fernández, Secundino: Non.
Fernández Gómez, Alexandra: Non.
Fernández González, Ariadna: Non.
García González, Patricia: Si.
Golpe Acuña, José Manuel: Non.
Gómez Besteiro, José Ramón: Non.
González Iglesias, Carmela: Non.
Hermelo Piñeiro, María Dolores: Si.
Insua Lema, Óscar: Non.

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Longueira Castro, Silvia: Non.
López Font, Carlos: Non.
Lorenzo Gómez, Rubén: Non. *(Risos.) (Aplausos.) (Balbordo.)*
Mariño Regueiro, Martha: Si.
Martínez Allegue, María: Si.
Mato Díaz, José Manuel. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
Méndez López, Lara: Non.
Núñez López, María Victoria: Si.
Ojea Bouzo, Armando: Abstención.
Pazos Couñago, José Alberto: Si.
Villares Bermúdez, Alfonso: Si.
González Vázquez, José: Si.
Rivo López, Elena: Si.
García Comesaña, Julio: Si.
García Martínez, Fabiola: Si.
Rodríguez González, Román: Si.
Lorenzana Somoza, María Jesús: Si.
Corgos López-Prado, Miguel: Si.
Vázquez Mejuto, María Ángeles: Si.
Calvo Pouso, Diego: Si.
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.
Iglesias Rey, Patricia: Non.
Vázquez Mourelle, Ethel María: Si.
Prado Cores, María Montserrat: Non.
Candia López, María Elena: Si.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.

**O señor PRESIDENTE:** Efectuada a votación, os votos emitidos son 75; os votos a favor, 40; os votos en contra, 34; e as abstencións, 1.

Obtida a maioría absoluta, proclamo presidente da Xunta de Galicia a don Alfonso Rueda Valenzuela.

*(Os membros dos escanos do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia érguense dos seus asentos e aplauden prolongadamente.)*

A elección comunicarase á súa maxestade El-Rey para o seu nomeamento, conforme o disposto no artigo 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E, sen máis, levántase a sesión.

Moitas grazas.

*Remata a sesión ás seis e trece minutos da tarde.*

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| 1. Abalde Alonso, Julio Ernesto | S |
| 2. Alén Castro, Gabriel | P |
| 3. Aneiros Barros, Martina | P |
| 4. Arias Fouz, Javier | P |
| 5. Arias Rodríguez, Raquel | P |
| 6. Balseiro Orol, José Manuel | P |
| 7. Balseiros Guinarte, Silvestre José | P |
| 8. Bará Torres, Xosé Luís | BNG |
| 9. Barreiro Sánchez, Enrique | P |
| 10. Calvo Pouso, Diego | P |
| 11. Candia López, María Elena | P |
| 12. Carreira Pazos, Iria | BNG |
| 13. Castro García, Daniel | BNG |
| 14. Castro Rey, Paloma | S |
| 15. Corgos López-Prado, Miguel | P |
| 16. Deza Martínez, María | P |
| 17. Díaz Mouteira, María Sol | P |
| 18. Espinosa Mangana, María Elena | S |
| 19. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás | BNG |
| 20. Fernández Davila, María Cristina | BNG |
| 21. Fernández Fernández, Secundino | BNG |
| 22. Fernández Gómez, Alexandra | BNG |
| 23. Fernández González, Ariadna | BNG |
| 24. García Comesaña, Julio | P |
| 25. García González, Patricia | P |
| 26. García Martínez, Fabiola | P |
| 27. Golpe Acuña, José Manuel | BNG |
| 28. Gómez Besteiro, José Ramón | S |
| 29. González Iglesias, Carmela | BNG |
| 30. González Vázquez, José | P |
| 31. Hermelo Piñeiro, María Dolores | P |
| 32. Iglesias Rey, Patricia | S |
| 33. Insua Lema, Óscar | BNG |
| 34. Longueira Castro, Silvia | S |
| 35. López Font, Carlos | S |
| 36. Lorenzana Somoza, María Jesús | P |
| 37. Lorenzo Gómez, Rubén | P |
| 38. Mariño Regueiro, Marta | P |
| 39. Martínez Allegue, María | P |
| 40. Mato Díaz, José Manuel | P |
| 41. Méndez López, Lara | S |
| 42. Núñez López, María Victoria | P |
| 43. Ojea Bouzo, Armando | DO |
| 44. Pazos Couñago, José Alberto | P |
| 45. Pérez Fernández, Rosana | BNG |
| 46. Pérez López, José Daniel | BNG |
| 47. Pérez López, Noelia | P |
| 48. Pomar Tojo, Carmen María | P |
| 49. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG |
| 50. Prado Cores, María Montserrat | BNG |
| 51. Prado del Río, Paula | P |
| 52. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG |
| 53. Queixas Zas, Mercedes | BNG |
| 54. Ríos Santomé, Paulo | BNG |
| 55. Rivo López, Elena | P |
| 56. Rodil Fernández, Olalla | BNG |
| 57. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | S |
| 58. Rodríguez González, Román | P |
| 59. Rodríguez Martínez, Roberto | P |
| 60. Rodríguez Miranda, Antonio | P |
| 61. Ruanova Vilas-Boas, Brais | BNG |
| 62. Rueda Valenzuela, Alfonso | P |
| 63. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P |
| 64. Santamaría González, Raúl | P |
| 65. Sanz Arias, Cristina | P |
| 66. Suárez Fernández, Iago | BNG |
| 67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | BNG |
| 68. Taibo Corsanego, Iria | BNG |
| 69. Trenor López, Gonzalo | |
| 70. Valcárcel Armesto, Montserrat | BNG |
| 71. Vázquez Mejuto, María Ángeles | P |
| 72. Vázquez Mourelle, Ethel María | P |
| 73. Verea Fraiz, Borja | P |
| 74. Vidal Lamas, Sonia | BNG |
| 75. Villares Bermúdez, Alfonso | P |

CSV: BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

**CSV:** BOPGDSPG-2H3YZ5c1l-1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/